



## MEMORIA DE CALIDADE

**Facultade de Veterinaria**

**Curso Académico: 2021/2022**

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Informe técnico	SXOPRA - Calidade	21/07/2023
Aprobación	Comisión de Calidade da Facultade de Veterinaria	07/09/2023
Aprobación	Xunta de Facultade de Veterinaria	02/10/2023
Aprobación	Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno:	02/10/2023

## Índice

<b>1. Introducción.....</b>	<b>2</b>
<b>2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados .....</b>	<b>5</b>
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	5
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.....	25
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	36
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos .....	48
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	57
Directriz 6. Información pública .....	66
<b>3. Plan de Melloras do centro.....</b>	<b>68</b>
<b>4. Modificacións nos diferentes títulos .....</b>	<b>116</b>
<b>5. Listaxe de evidencias e indicadores.....</b>	<b>117</b>

### Elaboración da Memoria de Calidade pola Comisión de Calidade do Centro:

**Presidente.** Gonzalo Fernández Rodríguez. Decano.

**Secretaria.** Margarita Rico Gómez. Responsable de Calidade do Centro.

#### Vocais:

- Ana María Bravo Moral. Coordinadora de Calidade de Centro.
- Natalia Vilariño del Río. Coordinadora do Grao en Veterinaria.
- Manuel Vera Rodríguez. Coordinador do Máster en Xenómica e Xenética.
- Marta Inés Miranda Castañón. Directora do Departamento de Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias (APACCV).
- Joaquín Hernández Bermúdez. Director do Departamento de Patoloxía Animal
- Carlos Franco Abuín. Representante do PDI non pertencente aos Departamentos con sede na Facultade.
- Ana Pérez Vázquez. Responsable da Unidade de Apoio á Xestión.
- Francisco Vidal Negreira. Representante dos estudantes de Grao en Veterinaria.
- Renato Barrionuevo Ponce. Representante dos estudantes de Máster en Xenómica e Xenética.

## 1. Introducción

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Veterinaria, elaborado a partir do SGC marco da USC, deseñouse seguindo o modelo da axencia de calidade nacional e autonómica ACSUG. O SGC foi aprobado pola Xunta de Facultade o 19 de abril de 2010 e posteriormente polo Consello de Goberno da USC (27 de maio de 2010); finalmente foi avaliado favorablemente pola ACSUG con data 10 de maio de 2011, emitíndose certificación sobre o mesmo o 15 de decembro de 2011.

Na web da Facultade, no apartado de calidade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/calidade>) pódese consultar toda a información relativa ao SGC e ao seu desenvolvemento que inclúe o acceso a toda a estrutura e documentación do SGC: Manual do SGG, Manual de procesos do centro, política de calidade, plan estratéxico, memorias de calidade, informes de seguimento, plans de mellora, así como as actas das reunións da Comisión de Calidade do centro.

No Manual de procesos do centro recóllense os 13 procesos polos que se establecen as canles de participación dos axentes implicados, as bases para a recollida e análise da información, así como as medidas para o seguimento, revisión e mellora do proceso.

Pola súa parte a **estrutura organizativa coa que conta a facultade para o desenvolvemento do SGC** está definida no [Manual do SGC da Facultade de Veterinaria, aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno \(CCPdCG\) o 06/10/2021](#), e publicada na páxina web propia:

1. [Equipo Decanal](#)
2. [Comisión de Calidade do Centro](#)
3. Responsable de Calidade do Centro: Vicedecana de Calidade ([veterinaria.calidade@usc.es](mailto:veterinaria.calidade@usc.es))
4. [Comité Consultivo Externo](#)
5. Comisións de Título
  - 5.1. [Comisión do Grao en Veterinaria](#)
  - 5.2. [Comisión Académica do Máster en Xenómica e Xenética](#)
6. Coordinadores/as de Título
  - 6.1. Coordinadora do Grao en Veterinaria: Natalia Vilariño del Río ([natalia.vilarino@usc.es](mailto:natalia.vilarino@usc.es))
  - 6.2. Coordinador do Máster en Xenética e Xenómica: Manuel Vera Rodríguez ([manuel.vera@usc.es](mailto:manuel.vera@usc.es))
7. Coordinadora de Calidade: Ana María Bravo Moral ([ana.bravo@usc.es](mailto:ana.bravo@usc.es))

A **Memoria de Calidade da Facultade de Veterinaria** é o documento que recolle a análise do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro, así como do desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos ao mesmo.

O Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade está definido no proceso estratéxico PE-02 do Manual de Procesos do centro, sendo competencia da CCC a súa elaboración logo da análise do funcionamento global do SGC e dos títulos competencia do centro. Unha vez rematada, será enviada á ACMP para revisión e informe técnico; o documento final, coas rectificacións suxeridas, se as houbera, é finalmente aprobado pola Xunta de Facultade. A persoa responsable de Calidade, remitirá a Memoria de Calidade á Vicerreitoría con competencias quen dará traslado da mesma á Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno para o seu coñecemento e posibles recomendacións.

## Estrutura do Centro

A Facultade de Veterinaria iniciou a súa andaina no ano 1984. En maio de 1994 pónse en marcha a Fundación Rof Codina e un ano despois, en 1995, o Hospital Veterinario Universitario Rof Codina que asina o convenio coa Universidade de Santiago de Compostela en 1997 co obxectivo de dar apoio permanente á docencia clínica da

Facultade de Veterinaria. En decembro de 2020, inaugurase a granxa experimental Campus Terra, na finca Gayoso Castro, en Castro de Rei. Esta granxa foi reestruturada para optimizar o seu uso como centro de prácticas docentes e investigación da Facultade de Veterinaria e da Escola Politécnica Superior do Campus Terra. Esta granxa é un proxecto colaborativo entre a USC e a Deputación Provincial de Lugo, desenvolvido a través dun convenio asinado por ambas institucións.

Na actualidade, na Facultade de Veterinaria impártense dúas titulacións: o [Grao en Veterinaria](#) e o [Máster Universitario en Xenómica e Xenética](#) interuniversitario xunto coa Universidade de Vigo que comezou a ofertarse no curso académico 2018-19:

**Grao en Veterinaria, 5 anos, 300 ECTS (MECES 3)**

Data acreditación *ex ante* (verificación): 30/06/2010

Curso de implantación: 2010/2011

Data renovación acreditación polo Consello de Universidades: 11/07/2017

Data renovación acreditación Europea EAEVE: 21/06/2021

Modalidade de impartición: Presencial

**Máster Universitario en Xenómica e Xenética, 60 ECTS**

Títulos interuniversitario: Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela

Universidade responsable administrativa Universidade de Santiago de Compostela

Centro/s onde se imparte: Facultade de Veterinaria da USC, Facultade de Bioloxía da USC e da UVigo

Centro responsable: Facultade de Veterinaria

Data acreditación *ex ante* (verificación) 7/09/2018. Curso de implantación 2018-2019.

Modalidade de impartición: Presencial

De acordo cos Estatutos da USC, os **órganos de goberno da Facultade de Veterinaria** unipersoais son: Decano/a, Secretario/a e Vicedecanos/as e colexiados: a Xunta de Facultade, que pode funcionar en pleno ou encomendar algunhas das súas funcións ás comisións delegadas. Toda a [estrutura de goberno](#) pode ser consultada na páxina web da facultade.

Os departamentos con encargo docente na Facultade de Veterinaria son 16, dos cales, dous teñen a súa sede no centro que son o departamento de [Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias](#) e de [Patoloxía Animal](#).

No [Manual do SGC da Facultade de Veterinaria \(aprobado pola CCPdCC o 06/10/2021\)](#) veñen definidas as funcións da Xunta de Facultade (punto 1.3.1), as súas comisións delegadas e comité de prácticas tuteladas e externas (punto 1.3.2 e 1.3.3), así como os departamentos implicados na docencia da Facultade (punto 1.3.4).

Como **documentación de referencia**, ademais do [Manual do SGC](#) e do [Manual de Procesos](#) e da normativa Xeral da USC, a Facultade conta coa que se inclúe a continuación:

- [Prórroga do Plan Estratégico 2020-22](#)
- Regulamentos que afectan ás Prácticas Tuteladas ([Estancias Clínicas](#), [Estancias Non Clínicas e na Administración](#), [Rotatorio Clínico Hospitalario](#))
- Normativa de Traballos [Fin de Grao](#) e [Máster](#)
- [Manual de Bioseguridade](#)
- Memoria do [Grao](#) e do [Máster](#)
- [Regulamento de Réxime Interno \(RRI\)](#)

En relación co RRI (aprobado pola Xunta de Facultade en decembro de 2015 e ratificado polo Consello de Goberno da USC en xuño de 2016), está pendente da aprobación por parte do Consello de Goberno das modificacións aprobadas

pola Xunta de Facultade (reunións do 10 de xullo de 2017 e 20 de decembro de 2017), necesaria para a súa actualización. Esencialmente supón a necesidade de reformular algunhas cuestións relativas ás comisións estables para harmonizar esta normativa co SGC.

### **Cambios nos órganos de goberno e na estrutura para o desenvolvemento do SGC**

O primeiro cambio levouse a cabo no 2013, simplificándose a documentación de referencia, adscribíndose o centro ao Manual de Procesos e Procedementos Marco da USC, e no 2015 fíxose a adaptación do Manual simplificado ás particularidades do Centro, adaptación que foi aprobada polo Consello de Goberno da USC o 4 de febreiro de 2015.

Durante o curso 2018-19, levouse a cabo un proceso de revisión e simplificación documental do SGC, para a súa adaptación ao novo SGC marco da USC aprobado en 2018. O novo Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de procesos de centro foron aprobados pola Xunta de Facultade de Veterinaria o 15/02/2019 e posteriormente aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno o 15/03/2019.

A última modificación do SGC do centro realizouse recentemente para incluír a actualización do Manual MARCO de calidade dos centros (30 de xuño de 2021) e os cambios nas comisións do SGC da facultade. Esta modificación foi aprobada pola Comisión de Calidade do Centro o 17 de setembro de 2021 e pola Xunta de Facultade o 24 de setembro de 2021 e finalmente pola CCPdCG (6 de outubro de 2021).

Estes cambios nas comisións do SGC débense á existencia na actualidade de 2 títulos a nivel de Centro, co cal facíase necesario diferenciar as comisións de calidade e de Grao en Veterinaria, xa que a partir do curso 2017/18 as funcións de comisión de grao foran asumidas pola de calidade, ó existir un único título universitario no centro naquel momento. Fíxose o cambio na estrutura organizativa do SGC coa creación da Comisión de Grao en Veterinaria, e como consecuencia cambiouse a composición da Comisión de Calidade; as súas respectivas composicións e funcións aparecen recollidas no Manual do SGC da Facultade de Veterinaria (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-veterinaria/calidad/documentacion-sgc>).

A constitución da nova Comisión do Grao en Veterinaria, e o cambio na composición da Comisión de Calidade, adiouse ata recibir a visita para a certificación da implantación do SGC por parte da ACSUG, que tivo lugar o 3 de decembro de 2021. Finalmente, na última sesión da Xunta de Facultade (20/12/2021) no punto 4 e 5 da Orde do día procedeuse á elección e nomeamento dos membros que formarán parte destas comisións, sendo constituída a Comisión do Grao en Veterinaria o 11/01/2022, e a nova Comisión de Calidade o 07/03/2022.

Así mesmo o Manual de procesos de centro da Facultade de Veterinaria foi modificado para ter en conta a creación da Comisión de título para o Grao de Veterinaria e a súa separación da Comisión de Calidade; así mesmo procedeuse á inclusión de determinadas comisións delegadas da Xunta de Facultade nos procesos correspondentes do SGC, e tamén fíxose a adaptación aos cambios producidos en normativas e procedementos. Os cambios nos procesos PC-01, PC-02, PC-04, PS-02 e PS-04 foron aprobados pola CCPdCG o 27 de xaneiro de 2022.

Ademais da avaliación por parte da ACSUG para a renovación da acreditación do Grao en Veterinaria por parte do Consello de Universidades, que obtivo en xuño de 2017, a Facultade de Veterinaria sométese, dende o ano 1998, a un proceso de avaliación europea externa por parte da European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE). A facultade renovou a súa acreditación despois da re-visita que tivo lugar o 28-29 de abril do 2021, recibindo a acreditación do European Committee of Veterinary Education (ECOVE) con data do 21 de xuño de 2021.

Por último destacar, que despois dunha serie de circunstancias que obrigaron a ir pospoñendo o proceso de acreditación institucional, recibíuse o informe final FAVORABLE, por parte da ACSUG, da certificación de implantación de sistemas de garantía de calidade con data do 11 de outubro de 2022, resultado da visita realizada pola Comisión de Avaliación da ACSUG o 3 de decembro de 2021.

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

### Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

**Estándar:** o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración, desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios, ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### **Política de Calidade.**

Tal como aparece recollido no apartado de calidade da páxina web da facultade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/calidade/politica-calidade>), o decanato da Facultade de Veterinaria é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario e da sociedade. En concordancia coa política de calidade da USC, persigue o desenvolvemento de programas formativos que procuren a máxima eficacia e compromiso coas expectativas dos grupos de interese, e estean avalados por sistemas de acreditación nacional e internacional.

Esta Política de Calidade, revisada con periodicidade, foi actualizada en xullo de 2021 con motivo da renovación do equipo decanal e nela recóllese a misión da Facultade de Veterinaria no seu Grao en Veterinaria, así como no seu Máster en Xenómica e Xenética.

A vixencia da política de calidade da Facultade de Veterinariaponse en evidencia, ademais de polos procesos de avaliación e acreditación por parte da ACSUG, pola acreditación europea. A Facultade de Veterinaria sométese dende o ano 1998 a un proceso de avaliación externa por parte da European Association of Establishments for Veterinary Education (EAEVE). Dende o ano 2002 o noso centro está acreditado de forma positiva en dita avaliación. En setembro de 2018 recibiu a visita da comisión de expertos da EAEVE para renovar esta acreditación. En novembro de 2018 recibíuse o informe definitivo do ECOVE (European Committee of Veterinary Education) obtendo unha “Acreditación Condicionada”, debido á existencia dunha única deficiencia maior, recibindo a acreditación definitiva do ECOVE con data de 21 de xuño de 2021, xa que a re-visita tivo que ser adiada por razóns ben coñecidas motivadas pola COVID-19.

#### **Plan Estratéxico.**

O plan estratéxico (PE) da facultade foi deseñado para o período 2014-2018. Toda a súa análise de estrutura, evolución e grao de cumprimento quedou reflectido nas correspondentes [Memorias de Calidade dos anos afectados](#).

A elaboración dun novo plan para executar a partir de 2019 non foi considerada adecuada, como xa se comentou en anteriores Memoria de Calidade. A comezos de 2020, a chegada da pandemia pola COVID-19 complicou toda esta situación. O PE da institución, que

finalizaba en 2020, foi prorrogado até 2022 e, na Resolución reitoral do 7 de outubro de 2020, estableceuse que as facultades debían prorrogar os seus propios PE ou ben elaborar os novos cunha vixencia limitada a 2022. A Facultade de Veterinaria decidiu optar por prorrogar a vixencia do anterior Plan Estratéxico, coas actualizacións necesarias, ata 2022.

O Acordo de Prórroga do Plan Estratéxico (PPE) da Facultade de Veterinaria (2020-22) foi aprobado pola Xunta de Facultade na súa reunión do 12/02/2021 e, posteriormente, pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021. Atopase publicado, de acordo co proceso *PS-06 Información pública* do SGC, no sitio web da Facultade de Veterinaria, no apartado de Calidade. <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-veterinaria/calidad/documentacion-sgc>

Como resumo na seguinte táboa móstranse as liñas estratéxicas, os obxectivos estratéxicos (OE) e as accións estratéxicas desta PPE:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	CÓDIGO
<b>LIÑA ESTRATÉXICA 1. PLANIFICACIÓN DA ENSINANZA</b>	
<b>Axuste das competencias e mellora das programacións das materias</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 1.1.A. <i>Redistribuír e adecuar as competencias ás materias. Desenvolver un programa piloto coa finalidade de comezar a definilas de forma axeitada ás actividades formativas das materias, segundo tipoloxía definida pola EAEVE.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 1.1.B. <i>Colaborar cos departamentos na mellora do nivel de especificación dos criterios de avaliación do rendemento académico, e a ponderación dos diferentes elementos de avaliación na programación docente das materias.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 1.1.C. <i>Organizar cursos de formación sobre a avaliación por competencias.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 1.1.D. <i>Iniciar un plan piloto coa finalidade de incentivar a avaliación por competencias e a súa especificación na guía docente.</i></li> </ul>	OE 1.1.
<b>Mellora da planificación e organización dos horarios das actividades docentes</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 1.2.A. <i>Homoxeneizar o formato, en canto a nomenclatura, dos horarios.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 1.2.B. <i>Mellorar o procedemento para a organización da actividade docente do 10º e 11º semestre</i></li> </ul>	OE 1.2.
<b>LIÑA ESTRATÉXICA 2. DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA</b>	
<b>Garantir a coordinación da actividade docente</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 2.1.A. <i>Revisar as funcións e obxectivos das reunións semestrais e establecer un sistema de valoración dos resultados obtidos, de maneira que quede constancia das mesmas.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 2.1.B. <i>Procurar a distribución equilibrada da carga de traballo das materias en cada semestre, especialmente as tarefas propostas como parte da avaliación (coordinación horizontal).</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 2.1.C. <i>Fomentar a coordinación vertical e deseñar plan piloto de paquetes de formación transversal (por exemplo: benestar, bioseguridade, elaboración de traballos,..).</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 2.1.D. <i>Traballar en coordinación coa Fundación Rof Codina no deseño das actividades que dean resposta ás necesidades docentes actuais da Facultade de Veterinaria.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 2.1.E. <i>Revisar o procedemento de xestión dos TFG/TFM no que se refire ao sistema de avaliación.</i></li> </ul>	OE 2.1.
<b>Orientación e comunicación cos estudantes</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 2.2.A. <i>Establecer un plan de información aos alumnado adaptado a cada curso, sobre aspectos concretos da titulación: presentación, SGC, optativas, mobilidade, prácticas tuteladas e externas, TFG, ... Celebrar charlas e xornadas informativas sobre saídas profesionais e orientación laboral.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 2.2.B. <i>Potenciar a figura do/a delegado/a de curso como unha forma de promover a comunicación cos equipos directivos dos Centros.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 2.2.C. <i>Visibilizar, en coordinación cos programas de doutoramento, os estudos de doutoramento no centro e apoiar actividades que fomenten a relación entre o alumnado.</i></li> </ul>	OE 2.2.
<b>Mantemento e mellora da oferta de programas de mobilidade</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 2.3.A. <i>Potenciar a participación do estudantes e do profesorado nos programas de mobilidade e a formalización de novos convenios.</i></li> </ul>	OE 2.3.
<b>Xestión de prácticas extramuros</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• ACCIÓN ESTRATÉXICA 2.4.A. <i>Consolidar e ampliar a relación coas empresas e entidades que colaboran na</i></li> </ul>	



<p><i>realización de prácticas extramuros.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 2.4.B. <i>Deseñar programas piloto con empresas para establecer itinerarios de especialización.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 2.4.C. <i>Optimizar/maximizar o uso da nova granxa Campus Terra na docencia.</i></li> </ul>	OE 2.4.
<p><b>Mellora da calidade e innovación docente no centro</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 2.5.A. <i>Incorporar de xeito estable o uso das TIC nos procesos de avaliación e, en xeral, en todos los procesos docentes.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 2.5.B. <i>Incentivar a proposta de actividades formativas encamiñadas á innovación educativa, tanto para docentes, como PAS e estudantes.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 2.5.C. <i>Dar a coñecer o SGC e fomentar a participación nas enquisas.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 2.5.D. <i>Potenciar o emprego de simuladores na docencia práctica clínica, principalmente no laboratorio de habilidades clínicas (LHC).</i></li> </ul>	OE 2.5.
<b>LIÑA ESTRATÉGICA 3. XESTIÓN, RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS</b>	
<p><b>Optimizar a coordinación da unidade de xestión do centro e dos departamentos (UXCD)</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 3.1.A. <i>Establecer protocolos de traballo normalizados, tendo en conta os procesos del SGC, que faciliten unha mellor coordinación dos procesos administrativos da unidade de xestión.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 3.1.B. <i>Promover o uso de ferramentas de AE no centro.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 3.1.C. <i>Harmonización do RRI e regulamentos propios do centro coas provisións do SGC</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 3.1.D. <i>Optimizar a xestión de espazos, introducindo na aplicación de Xescampus tódolos espazos utilizados para a docencia (exames, prácticas, etc...).</i></li> </ul>	OE 3.1.
<p><b>Mellora dos espazos docentes e de traballo</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 3.2.A. <i>Finalizar a adecuación dos espazos docentes (zonas de traballo colaborativo, paneis informativos, zonas de descanso, ampliación da cobertura wifi, ...).</i></li> </ul>	OE 3.2.
<b>LIÑA ESTRATÉGICA 4. INFORMACIÓN PÚBLICA</b>	
<p><b>Ampliar a estratexia de comunicación da facultade</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 4.1.A. <i>Reforzar a estratexia de comunicación. Potenciar a participación do PDI en programas como A Ponte, Divulga Terra e outras iniciativas de divulgación.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 4.1.B. <i>Mellorar o mantemento da páxina web institucional do Centro.</i></li> </ul>	OE 4.1.
<p><b>Acercar a realidade profesional á facultade</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 4.2.A. <i>Promover reunións anuais co Comité Consultivo Externo.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 4.2.B. <i>Establecer un maior contacto cos egresados para coñecer a súa traxectoria profesional e fomentar a súa participación e colaboración nas actividades que se desenvolven na facultade.</i></li> <li>• ACCIÓN ESTRATÉGICA 4.2.C. <i>Fomentar actividades conxuntas co Colexio de Veterinarios, asociacións profesionais, empresas, etc., co fin de acercar a realidade profesional os estudantes, coñecer as necesidades formativas dos veterinarios/as e manter o contacto coa profesión.</i></li> </ul>	OE 4.2.

O grao de cumprimento dos OE da prórroga do PE, que finalizaba en decembro de 2022, é elevado. Unha parte deles executáronse a nivel de Centro, outros son específicos da titulación, polo que foron executados a nivel do título correspondente. A continuación resumimos os aspectos máis destacados respecto ao seguimento de cada unha das liñas estratéxicas nas que se estrutura esta PPE 2020-22:

**Liña Estratéxica 1: Planificación da ensinanza**

**Obxectivo estratéxico 1.1. Axuste das competencias e mellora das programacións das materias**

2020-21:

GRAO EN VETERINARIA:

- Mellorouse a uniformidade das programacións docentes das materias, incluíndo nelas as distintas actividades que se teñen en conta na avaliación da materia, así como a súa ponderación na nota final (acción estratéxica 1.1.B).

2021-22:

- En novembro de 2022 realizouse un curso sobre avaliación por competencias, do que se cubriron o 92% das prazas ofertadas



(accións estratéxicas 1.1.C).

GRAO EN VETERINARIA:

- 2021-22: Realizouse un modelo de traballo de desenvolvemento de competencias do grao, utilizando como exemplo a docencia da área de sanidade animal (acción estratéxica 1.1.A).
- 2021-22: Nos criterios para a elaboración das programacións docentes, animouse ás materias a incluír a avaliación por competencias, alcanzándose unha porcentaxe do 5,5% no número de materias que a incluíron na súa programación, aínda que non acadou o 10% marcado como obxectivo. (acción estratéxica 1.1.D).

**Obxectivo estratéxico 1.2. Mellora da planificación e organización dos horarios das actividades docentes**

2020-21:

GRAO EN VETERINARIA:

- Estableceuse un sistema de reunións semestrais para a coordinación dos traballos e actividades de avaliación continua das materias dun semestre para evitar a sobrecarga en momentos específicos do curso, elaborándose un calendario onde queden reflectidas estas actividades e homoxeneizouse a nomenclatura utilizada nos horarios para todas as materias, asegurando tamén a uniformidade coas programacións docentes (acción estratéxica 1.2.A).
- Actualizáronse os regulamentos das prácticas tuteladas (externas curriculares) e elaborouse unha rúbrica sinxela para facilitar o labor dos titores profesionais das materias de estancias clínicas e non clínicas (acción estratéxica 1.2.B).
- Mellorouse a visibilidade na web do centro e no Campus Virtual das distintas empresas, centros colaboradores e institucións, incluíndo a actividade que desempeñan, a súa temática, e a especie/s animais coas que se traballa (acción estratéxica 1.2.B).
- Inclusión nos horarios das materias de prácticas tuteladas (materias de Rotatorio, Estancias Clínicas e Estancias Non Clínicas) para os semestres 10º e 11º, de xeito similar aos demais semestres, de xeito que nos futuros cursos os calendarios das tres materias se aproben de maneira conxunta cos horarios das demais materias de grao (acción estratéxica 1.2.B).

**Liña Estratéxica 2: Desenvolvemento da docencia**

**Obxectivo estratéxico 2.1. Garantir a coordinación da actividade docente**

2020-21:

GRAO EN VETERINARIA:

- As reunións de valoración de semestre foron incluídas no proceso *PS-04. Satisfacción, expectativas e necesidades*. O informe elaborado a partir destas reunións quedará depositado na AASX e será analizado pola Comisión de Título, pasando a formar parte dos informes empregados no proceso *PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas* (acción estratéxica 2.1.A).
- Implementouse un sistema de reunións semestrais para a coordinación dos traballos e actividades de avaliación continua das materias dun semestre (acción estratéxica 2.1.B).
- Iniciouse un proceso para a optimización da coordinación de contidos impartidos en materias relacionadas, tanto para detectar posibles solapamentos, como para determinar a conexión vertical de contidos. A finais do ano 2021 tíñanse levado a cabo o 80% das entrevistas con coordinadores de materias. Este labor continuarase durante o ano 2022 (acción estratéxica 2.1.C).
- Elaborouse unha rúbrica sinxela, e fácil de usar, para a súa aplicación por parte dos membros dos tribunais do TFG, na que se detallan niveis de cualificación definidos co fin de uniformar os criterios de cualificación entre os distintos tribunais (acción estratéxica 2.1.E).

MÁSTER EN XENÓMICA E XENÉTICA:

- Levouse a cabo un control do número de traballos/actividades non presenciais do alumno para evitar unha sobrecarga de traballo (acción estratéxica 2.1.B).
- Unificáronse os períodos de defensa dos TFMs, solicitouse permiso á UVIGO para axustar os calendarios de esta actividade aos aprobados pola USC (universidade coordinadora del estudio) e mellorouse o sistema de elección das actividades de TFMs e PEs realizándose mediante videoconferencia utilizando o equipo de MS Teams do curso (acción estratéxica 2.1.E).

**2021-22:**

GRAO EN VETERINARIA:

- Elaborouse un protocolo detallado para a realización das reunións de valoración de semestre. Neste protocolo estandarízanse os calendarios, o reparto de tarefas, o método de recollida de datos, así como o fluxo de transmisión da información e o modelo de informe a elaborar resultante destas reunións de valoración de semestre (acción estratéxica 2.1.A).
- Púxose en marcha un plan piloto de formación dual Estancias/Traballo Fin de Grao (TFG) para fomentar a formación práctica do alumnado de veterinaria no seu último curso en aquelas áreas estratéxicas (itinerarios) que teñen maior oferta laboral e que presentan dificultades para a contratación de persoal cualificado. Ademais, preténdese reforzar as relacións coas entidades colaboradoras (empresas, cooperativas, centros, asociacións, administracións...) e conseguir unha maior implicación destas no deseño das actividades formativas, do seu seguimento e da súa avaliación. A iniciativa empezou con gran éxito no curso académico 2021-22 coa proposta de 4 itinerarios: produción e saúde de animais de renda (aves), produción e saúde de animais acuáticos, produción e saúde de coellos, produción e mellora xenética de gando vacún (acción estratéxica 2.1.C).
- Asentáronse as bases da citoloxía diagnóstica (técnica diagnóstica baseada no estudo das diferentes poboacións celulares) dentro do programa da materia de Citoloxía e Histoloxía Veterinaria, que será tratada como unha competencia transversal noutras materias de grao como Fisioloxía Veterinaria, Anatomía Patolóxica Veterinaria, Medicina Clínica Veterinaria I, Medicina Clínica Veterinaria II. Oncoloxía e Reprodución e Obstetricia Veterinaria entre outras (acción estratéxica 2.1.C).
- Deseñouse un novo sistema de solicitude de espazos e prácticas no HVU Rof Codina centralizado a través da facultade, para a optimización das necesidades de animais e espazos para a docencia das materias (acción estratéxica 2.1.D).
- Nunha segunda fase de adaptación da ferramenta de cualificación mediante rúbrica para os tribunais do TFG, elaborouse unha nova rúbrica máis detallada (acción estratéxica 2.1.E).

MÁSTER EN XENÓMICA E XENÉTICA:

- Estableceuse o uso dun aula exclusiva para o Máster nos diferentes centros de impartición (acción estratéxica 2.1.B).
- Realizáronse diferentes actividades de difusión, institucionais e dos distintos centros da USC e UVIGO, para potenciar as especialidades máis deficitarias en nº de alumnado, as de "Aplicacións Xenéticas" e "Diversidade Xenética", con especial énfase nas materias de plantas/vexetais (acción estratéxica 2.1.C).
- Modificouse a normativa do Traballo Fin de Máster (TFM). Entre as modificacións destacan a eliminación da entrega en formato papel da memoria, a posibilidade de escribir a memoria en inglés, e a incorporación de información bioética no caso de que no TFM se utilicen mostras que así o requiran (acción estratéxica 2.1.E).

*Obxectivo estratéxico 2.2. Orientación e comunicación cos alumnado*

**2020-21:**

- Elaborouse un listado de estudantes de doutoramento que desenvolven o seu traballo da tese no centro para organizar reunións co fin de visibilizar a súa actividade no centro e proporcionarlles apoio durante esta etapa formativa (acción estratéxica 2.2.C).

GRAO EN VETERINARIA:

- Realización de breves charlas informativas sobre a relevancia e labor dos alumnado titores, para os alumnado de 2º e 3º curso, co fin de promover a súa participación no desenvolvemento desta tarefa (acción estratéxica 2.2.A).

**2021-22:**

- Leváronse a cabo diferentes accións publicitarias do Máster en Xenómica e Xenética (MXX): Presentación nas redes sociais da Facultade, inclusión no Plan de Acción Titorial (PAT) para o curso 22/23 e realización dunha charla para alumnado de 4º e 5º (acción estratéxica 2.2.A).
- Creouse unha conta de Instagram da Facultade de Veterinaria para a difusión de información sobre actividades, novas, cursos, etc., relacionados co centro que podan ser de interese para estudantes, persoal e egresados (acción estratéxica 2.2.A).
- Estableceuse un contacto estreito coa asociación Agromar que agrupa investigadores e investigadoras en formación dentro do Campus de Lugo, a cal desenvolveu gran cantidade de actividades coa implicación do estudiantado de doutoramento da facultade. A través do correo electrónico, e da conta de Instagram, contribuíuse a visibilizar os eventos nos que participan e

organizan. Tamén se incluíu esta asociación na lista de distribución a través da que se envía información sobre actividades e eventos que poden ter interese para os membros da mesma (acción estratéxica 2.2.C).

GRAO EN VETERINARIA:

- Desenvolveuse un plan de información aos alumnado: no Plan de Acción Titorial recóllense as datas aproximadas das reunións informativas e formativas para os alumnado, enfocándoas nos aspectos concretos de interese para cada curso (acción estratéxica 2.2.A).
- Estableceuse a realización de reunións, ao comezar o curso, con delegados e representantes de estudantes co fin de informar das actividades a desenvolver nas que están implicados, e das súas funcións. Ao inicio do curso 2022-23, o equipo decanal da Facultade reuniuse cos representantes de estudantes na Xunta de facultade e, polo menos, un delegado de cada curso. Dado o éxito da reunión, quedará implantada para os próximos cursos (acción estratéxica 2.2.B).

*Obxectivo estratéxico 2.3. Mantemento e mellora da oferta de programas de mobilidade*

**2020-21:**

- Instituíse a organización anual de, ao menos, unha charla informativa sobre mobilidade para explicar os diferentes programas da USC, coa cooperación dos alumnado titores que participaron en programas de mobilidade (acción estratéxica 2.3.A).
- Fomentáronse os contactos con outras universidades na procura de potenciar a participación dos docentes en programas de mobilidade, e a súa colaboración en proxectos internacionais do centro (acción estratéxica 2.3.A).

*Obxectivo estratéxico 2.4. Xestión de prácticas extramuros*

**2020-21:**

GRAO EN VETERINARIA:

- No novo Regulamento de Estancias foméntase a relación titor académico e titor profesional (acción estratéxica 2.4.A).
- A dotación de equipamento do laboratorio da granxa Campus Terra realizouse a tempo para a posta en marcha das prácticas na granxa docente, no curso 2020-21. No curso 2021-22 incrementáronse as materias que utilizan a Granxa Campus Terra e optimizáronse os transportes para reducir o número de viaxes (acción estratéxica 2.4.C).

**2021-22:**

- Instaurouse un procedemento de renovación de convenios e captación de novas empresas que colaboran na realización de prácticas extramuros, en función das necesidades do centro baseadas no interese docente. Unha vez que se dispuxo da listaxe de convenios e da proposta de novos paquetes formativos, sometéronse a valoración por parte do comité de prácticas tuteladas e externas, e abriuse un período para que este comité faga unha análise dos convenios vixentes, e propoña novos paquetes formativos para o seguinte curso. A proposta será posteriormente analizada pola comisión de título e de calidade (acción estratéxica 2.4.A e 2.4.B).

*Obxectivo estratéxico 2.5. Mellora da calidade e innovación docente no centro*

**2020-21:**

- Ofertáronse cursos de formación sobre aspectos prácticos da docencia non presencial, o uso de aulas espello e outros, para o persoal do centro; e adquiriuse material e equipamento (webcams, ordenadores, cámara GoPro, ...) para a promover o uso das TIC na docencia (accións estratéxicas 2.5.A e 2.5.B).

GRAO EN VETERINARIA:

- Promocionouse o uso do laboratorio de habilidades clínicas (LHC) para a aprendizaxe autónoma guiada de habilidades clínicas xa traballadas nas clases prácticas, mediante a creación dun aula virtual para información e solicitude de cita no LHC, xunto coa ampliación da oferta de actividades do LHC tales como os novos módulos de vendaxe, tallado e drenaxe, exploración rectal e inseminación artificial en vaca e egua, uso de placas bloqueadas en ortopedia, ecografía, análise de imaxes DICOM en diagnóstico por imaxe e electrocardiografía. Ademais, adquiríronse dous simuladores para realizar prácticas de exploración ecográfica para o seu uso tanto nos talleres de ecografía durante as prácticas da materia Diagnóstico por Imaxe como para o

seu uso libre noLHC (acción estratéxica 2.5.D).

- Así mesmo diferentes materias do Grao en Veterinaria presentaron 16 accións de mellora que foron postas en marcha con éxito, ben a través da adquisición dalgún material ou servizo, ou simplemente pola introdución de novos métodos docentes que supuxeron unha innovación na materia. Estas accións de mellora foron realizadas, tanto de xeito individualizado como de forma transversal, mediante a coordinación/cooperación con outras materias.

**MÁSTER EN XENÓMICA E XENÉTICA:**

- Implementouse o uso do programa MS Teams, proporcionado pola USC, como plataforma para o desenvolvemento da docencia, substituíndo a Adobe Connect. MS Teams permite o desenvolvemento da docencia dun xeito máis flexible, e permite crear equipos para as materias, onde se inclúen docentes e alumnado, que poden acceder coas súas credenciais oficiais de la USC. (acción estratéxica 2.5.A).

**2021-22:**

- Deseñouse e púxose en marcha unha aula de realidade virtual (aula con ordenador de alta capacidade, 24 gafas de realidade virtual e unha pantalla de 65”), e impartíronse dous cursos de formación ó profesorado para a realización, edición, e utilización de vídeos en realidade virtual na docencia (accións estratéxicas 2.5.A e 2.5.B).
- Organizáronse charlas informativas sobre: i) novas tecnoloxías, novos recursos, e produtos innovadores para a docencia; ii) impresión 3D; iii) uso de simuladores para adquisición de habilidades clínicas; e iv) encontro de colaboración co Grao de Robótica para accións conxuntas (accións estratéxicas 2.5.A e 2.5.B).
- Realizouse un curso de formación sobre avaliación por competencias, para o PDI do centro, en novembro de 2022 (acción estratéxica 2.5.B).
- Deseñouse un modelo de cartel para difundir os distintos períodos de enquisas de satisfacción aos grupos de interese, a través das pantallas informativas do centro, e tamén se ampliou a súa difusión a través da conta de Instagram da facultade, que empezou a funcionar no curso 2021-22, xa que as redes sociais están sendo a principal vía de comunicación entre a xente máis nova. Este anuncio, coas modificacións adaptadas para cada tipo de enquisa, será difundido a través destas 2 canles nos períodos de realización de enquisas (acción estratéxica 2.5.C).

**GRAO EN VETERINARIA:**

- Elaborouse un protocolo detallado para a realización das reunións de valoración de semestre. Neste protocolo estandarízanse os calendarios, o reparto de tarefas, o método de recollida de datos, así como o fluxo de transmisión da información, e o modelo de informe a elaborar resultante destas reunións de valoración de semestre (acción estratéxica 2.5.C).
- Deseñouse unha enquisa de satisfacción propia do centro para o Rotatorio Clínico Hospitalario (acción estratéxica 2.5.C).
- Deseñouse unha enquisa para a análise do perfil de ingreso dos novos estudantes. A enquisa realizarase a estudantes de primeiro curso de grao, durante a sesión de benvida, para coñecer as súas preferencias dentro das saídas profesionais. Os resultados serán tidos en conta tanto no proceso PC-05, como no PE-02, para emprender, se así se considera, accións que axuden a captar alumnado con intereses, ou para espertar novas inquietudes, en campos da profesión con maior demanda. Esta enquisa repetirase a estes alumnado en 4º curso do grao para ver si a orientación profesional, e as especies ou sectores de interese iniciais se modificaron dalgún xeito (acción estratéxica 2.5.C).
- Realizáronse charlas informativas sobre o SGC orientadas a fomentar a participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción realizadas pola Área de Calidade da USC, levadas a cabo na sesión de benvida dos alumnado de novo ingreso, e na reunión con delegados e representantes de estudantes ao comezar o curso, así como recordatorios durante o período de enquisas (acción estratéxica 2.5.C).
- Implementouse a realización de enquisas de satisfacción dos estudantes para cada módulo do laboratorio de habilidades clínicas. Ao rematar o curso académico, enviarase o resultado da enquisa de cada módulo aos profesores responsables e presentarase un informe da actividade do laboratorio na Comisión de Calidade, e na Xunta de Facultade, xunto cun resumo xeral do resultado das enquisas (accións estratéxicas 2.5.C e 2.5.D).
- Ampliáronse as actividades do Laboratorio de Habilidades Clínicas (LHC), incorporando a intubación endotraqueal, electrocardiografía, cirurxía laparoscópica, esqueleto de carnívoro, e parto na porca. Ademais, se incluíron dous novos simuladores no módulo de propedéutica clínica para a administración intravenosa de substancias e a extracción de sangue en bóvidos e équidos, e un terceiro simulador no módulo de exploración rectal e inseminación artificial para a inseminación

artificial na porca (acción estratéxica 2.5.B e 2.5.D).

- Estableceuse unha revisión anual dos módulos de prácticas para valorar, tendo en conta os recursos dispoñibles, se o tamaño do grupo é adecuado para garantir a calidade da docencia. Nalgunhas prácticas o elevado número de estudantes por grupo non permite a adecuada realización da mesma e/ou supón un risco adicional innecesario tanto para o alumnado coma para o profesorado. Dado que as programacións están en continuo proceso de mellora coa realización de novas prácticas adaptadas á demanda da profesión e ás regulacións vixentes, debe facerse unha revisión anual do tamaño dos grupos de determinados tipos de prácticas, como por exemplo as que se realizan con animais.
- Así mesmo, diferentes materias do Grao en Veterinaria presentaron 8 accións de mellora que foron postas en marcha con éxito, ben a través da adquisición dalgún material ou servizo, ou simplemente pola introdución de novos métodos docentes que supuxeron unha innovación na materia. Estas accións de mellora foron realizadas, tanto de xeito individualizado como de forma transversal, mediante a coordinación/cooperación con outras materias.

### **Liña Estratéxica 3: Xestión, recursos materiais e servizos**

#### **Obxectivo estratéxico 3.1. Optimizar a coordinación da unidade de xestión do centro e dos departamentos (UXCD)**

##### **2020-21:**

- Elaboráronse protocolos de traballo para o bo funcionamento da UXCD, relativos á distribución de tarefas, xestión da materia “Estancias” e xestión de subprodutos de orixe animal na facultade (acción estratéxica 3.1.A).
- Aínda que non se ofertou unha actividade formativa específica do centro destinada ao PAS que presta os seus servizos no centro, na formación ofertada pola Escola Galega de Administración Pública, por resolución do 24 de marzo de 2020, pola que se convocan as actividades de formación para o persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia, ofertáronse cursos con contidos que cubrían as carencias detectadas, no seu día, polo persoal da unidade (acción estratéxica 3.1.B).
- Cambiouse a estrutura organizativa do SGC coa creación da Comisión de Grao en Veterinaria, e como consecuencia fixéronse cambios na composición da Comisión de Calidade; ademais modificouse e actualizouse o Manual de procesos do centro (acción estratéxica 3.1.C).
- Actualizáronse os regulamentos das prácticas tuteladas (externas curriculares) do Grao en Veterinaria e creouse un rexistro de actas para as reunións da Comisión de Coordinación do Máster en Xenómica e Xenética (acción estratéxica 3.1.C).
- Dende o curso 2020-21 todas as actividades docentes teñen asignado un espazo onde se realizarán xestionado pola UXCD. Esta información esta incluída na aplicación xescampus e pódese ver nos horarios da páxina web do centro (acción estratéxica 3.1.D).

##### **2021-22:**

- Aínda que non se ofertou unha actividade formativa específica do centro destinada ao PAS que presta os seus servizos no centro, o número de accións formativas ás que asistiu o PAS da Facultade de Veterinaria no ano 2021 foi de 19 (do Plan de Formación da USC). Neste cómputo non se recolleron as actividades da EGAP nin as de formación externa. Pola súa banda, no ano 2022, e segundo o criterio anterior, o PAS asistiu a 22 actividades formativas, e en dúas delas participaron como docentes dúas profesoras da Facultade de Veterinaria. Tendo en conta que no ano 2020 acreditouse a participación do PAS en 10 cursos de formación, pódese concluír que esta acción realizouse con éxito (acción estratéxica 3.1.B).
- Modificouse o proceso *PS-04. Satisfacción, expectativas e necesidades* para incluír enquisas sobre: o Laboratorio de Habilidades Clínicas (LHC), a docencia nas prácticas tuteladas (rotatorio clínico hospitalario), os procesos relativos ao TFG/TFM e o perfil de ingreso. A Facultade, a través do equipo de dirección e/ou dos/as coordinadores/as dos títulos recollerá información mediante enquisas propias, e xerará os informes derivados, que serán tidos en conta no proceso de elaboración dos autoinformes de seguimento/resultados, e da memoria de calidade do centro (acción estratéxica 3.1.C).
- Modificouse o proceso *PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas* para incluír, como indicadores propios da Facultade, os indicadores da acreditación internacional do centro polo European System of Evaluation of Veterinary Training, ESEVT, levado a cabo pola axencia European Association of Establishments for Veterinary Education, EAEVE, membro da ENQA. A análise destes indicadores deben estar incluída dentro do SGC do centro de xeito que cada ano forme parte dos informes de seguimento/resultados do título, para a súa actualización anual, permitindo a súa corrección, en caso de que fora

necesario para algún/s indicador/es, antes da seguinte avaliación para a renovación da acreditación por parte da EAEVE (acción estratéxica 3.1.C).

- Elaborouse un protocolo propio do centro de actuación precoz para os alumnado en risco de abandono no Grao en Veterinaria, publicado no "Plan de Acción Titorial" para o curso 22/23, xa que o informe elaborado pola ACMP chega ao centro demasiado tarde, moitas veces xa cerca do final do 2º semestre, co cal ás veces é demasiado tarde para facer algunha intervención sobre este alumnado en risco de abandono (acción estratéxica 3.1.C).
- Diseñouse un calendario-cronograma para unha mellor xestión e organización das actividades periódicas relacionadas cos ámbitos da calidade e da actividade académica, onde se simplifique ao máximo posible todas estas actividades, pero que o mesmo tempo reflectira os puntos máis importantes, como o responsable de que esa actividade se leve a cabo, o proceso implicado e tamén calquera observación importante que lle afecte e/ou o protocolo detallado interno, no caso que exista, para a elaboración desa actividade (acción estratéxica 3.1.C e 3.1.A).

**Obxectivo estratéxico 3.2. Mellora dos espazos docentes e de traballo**

**2020-21:**

- Continuouse co plan de eficiencia e aforro enerxético en espazos comúns da Facultade; xa foron realizados a maioría dos cambios de luces LED dos corredores dos diferentes pavillóns, faltando unha pequena parte por colocar. Ademais, adecuouse a aula LHC (pintado da aula) e púxose en marcha un servizo de destrución de exames, e doutra documentación con protección de datos (acción estratéxica 3.2.A).

**2021-22:**

- Avanzouse no plan de eficiencia e aforro enerxético en espazos comúns da Facultade; comezaron as obras para a mellora da eficiencia enerxética das aulas 4-7, e realizouse o cambio de iluminarias para o sistema LED nos laboratorios de prácticas (acción estratéxica 3.2.A).
- Habilitouse unha segunda aula para a docencia na Granxa Campus Terra, para a cal adquiriuse un ordenador (acción estratéxica 3.2.A).
- Realizouse a compra dunha fotocopiadora-grampadora que facilitou a impresión dos exames das diferentes materias, adquiríronse mesas de exploración para os distintos modelos da aula de Habilidades Clínicas, e renovouse o sistema de megafonía do auditorio. Así mesmo, en coordinación co programa AULADIX revisáronse as necesidades de equipos informáticos, tanto do centro como do profesorado (acción estratéxica 3.2.A).

**Liña Estratéxica 4: Información pública**

**Obxectivo estratéxico 4.1. Ampliar a estratexia de comunicación da facultade**

**2020-21:**

- Comezouse a renovación do vídeo promocional do Grao en Veterinaria no programa A Ponte, mediante a preparación dun guión do vídeo e a recollida de varias imaxes para o seu desenvolvemento, estimándose que o vídeo estea rematado no curso 2021-22 (acción estratéxica 4.1.A).

**2021-22:**

- Actualizouse a páxina web da Facultade de Veterinaria a raíz da renovación das páxinas web dos centros realizada pola USC, realizáronse melloras tales como a de relacionar mediante ligazóns a información xeral co seu desenvolvemento na intranet, favorecendo o acceso dinámico á información por parte dos usuarios e evitando caer na duplicación de documentos, textos e outros materiais (acción estratéxica 4.1.B).

**GRAO EN VETERINARIA:**

- Rematouse a renovación do vídeo de presentación do Grao en Veterinaria no programa A Ponte, con material atractivo e imaxes actualizadas, que inclúen as novas instalacións (Granxa Campus-Terra, LHC,...) (acción estratéxica 4.1.A).
- Estableceuse unha canle de difusión de charlas e xornadas informativas gratuítas relacionadas co ámbito da veterinaria, organizadas por distintas institucións e asociacións (Seragro, Africor, Asoporcel, Colexio Oficial de Veterinarios, etc.), a través da conta de instagram da facultade, para manter unha comunicación continuada con alumnado e egresados (acción



estratéxica 4.1.A).

- O Centro participou en diferentes eventos de promoción da USC (USC camiña, Encontros, etc...), e organizáronse visitas para alumnado de FP e de Instituto, realizáronse numerosas charlas temáticas en institutos e participouse nas charlas de promoción da USC a través do programa a Ponte. O obxectivo destas participacións foi colaborar na promoción da USC e, o máis importante para o noso Centro, dar a coñecer á poboación en xeral o que é a profesión veterinaria e a súa relevancia para a saúde e o benestar dos animais e a saúde pública, desde unha perspectiva do “One Health”, así como captar máis alumnado con perfís profesionais específicos para cubrir a demanda do mercado, como por exemplo no campo da produción animal (acción estratéxica 4.1.A).

MÁSTER EN XENÓMICA E XENÉTICA:

- Realizouse a difusión internacional do Máster incluída dentro das xornadas organizadas polo Servicio de Captación Internacional da USC. Ademais elaborouse un vídeo promocional do Máster e participouse no webinar dos Másteres de Ciencias da Saúde celebrado o 15/02/2022. Como froito deste labor de internacionalización, no curso 2022/2023, cubríronse todas as prazas para estudantes externos ao Espazo Europeo de Educación Superior (acción estratéxica 4.1.A).

**Obxectivo estratéxico 4.2. Acercar a realidade profesional á facultade**

**2020-21:**

- Realizouse unha lista de distribución na que se incluíron os egresados dos tres últimos anos, aos que se lles reenvía a información que se considera pode ser do seu interese, co propósito de establecer no futuro unha rede de colaboración e mellorar a comunicación entre os egresados e o centro (acción estratéxica 4.2.B).
- No curso 2020-21 púxose en marcha o Comité Consultivo Externo da Facultade de Veterinaria, o cal tivo a súa primeira reunión o 10 de febreiro, na que se acordaron as liñas xerais do seu funcionamento (acción estratéxica 4.2.A).
- Organizáronse unha serie de charlas-coloquios telemáticas encadradas dentro do Webinar: “*Apaixonad@s pola Veterinaria*” para mostrar diferentes realidades profesionais e “experiencias vitais” empregando como fio condutor a participación dos membros do comité consultivo (acción estratéxica 4.2.C).

Como se pode ver, as accións foron executadas en moi alto grao, se ben quedan obxectivos por completar ou axustar na próxima axenda de calidade. Os temas que quedan pendentes serían:

- Coordinación vertical e competencias
- Mobilidade
- Regulamento TFG
- Harmonización RRI e SGC

Nalgúns casos foron adiándose, debido moitas veces á aparición ou próxima aparición de novas normativas, como pode ser a nova Lei de Universidades (que afectara ao RRI) ou a nova Orde ECI para veterinaria que parece próxima a ser publicada, e que vai condicionar aspectos como son as competencias.

Noutros casos, aínda que se pode considerar que o obxectivo estratéxico foi acadado amplamente, quedan pendentes pequenos axustes nas melloras introducidas.

Por tanto, se ben o Plan de Melloras do Centro para o curso 2022-23, considerando dentro del as accións de mellora incardinadas nos informes de seguimento dos títulos, non está deseñado para a consecución de obxectivos estratéxicos dun plan estratéxico activo, si que moitos dos recollidos no anterior PPE 2020-22 son a base das accións descritas neste Plan de melloras. No apartado 3 desta Memoria de Calidade contémpanse as accións de mellora propostas para o 2022-23 e a súa relación cos Obxectivos Estratéxicos do recen finalizada PPE 2020-22.

**Obxectivos de calidade do centro e Plan de Melloras Anual**

O Plan de Melloras da Facultade de Veterinaria para o curso 2021/22, que figuraba na Memoria de Calidade 2020/21, estruturouse en 10 obxectivos de calidade que levaron asociadas un total de 53 accións de mellora. As accións de mellora son gravadas de maneira separada na AASX, diferenciando accións de mellora relativas aos 2 títulos impartidos neste centro (Grao en Veterinaria e Máster en Xenómica e Xenética) e as accións de mellora que poderían considerarse dentro do Plan de Melloras do Centro.

Polo tanto, a análise, e o estado de cumprimento, das Accións de Mellora 2021-22 derivadas do informe de seguimento dos títulos

forman parte do [informe anual de seguimento do Grao en Veterinaria 2021-22](#) e do [informe anual de seguimento do Máster en Xenómica e Xenética 2021-22](#). Tódalas accións de mellora 2021-22 foron informadas en tempo e pechadas na AASX.

O seguimento da eficacia das accións para a consecución dos obxectivos realizao a CCC; así, na súa reunión do 18/10/2022, fíxose a análise do seguimento das accións de mellora comprometidas para o curso académico 2021- 22, e, na reunión do 22/12/2022, verificouse o estado das accións de mellora para o seu peche na AASX. As accións foron executadas nun moi alto grao, tendo en conta o elevado número de accións de mellora propostas.

**A continuación inclúese información sobre o estado de execución das Accións de Mellora asociadas a estes Obxectivos de Calidade:**

#### **Evolución das Accións de Mellora do Máster en Xenómica e Xenética**

A Comisión de Coordinación do Máster a partir da información obtida a través das reunións do PAT co alumnado e outras reunións informais, tanto con profesores como co alumnado, acordaron as seguintes accións de mellora para a axenda do curso 2021-2022:

- Modificación da normativa de traballo fin de máster (TFM) (MGG-AM-1).
- Potenciar as especialidades de "Aplicacións Xenéticas" e "Diversidade Xenética" con especial énfase nas disciplinas de plantas/vexetais (MGG-AM-2).
- Internacionalización do Máster en Xenómica e Xenética (MGG-AM-3).
- Uso de aula exclusiva para o Máster nos diferentes centros de impartición (MGG-AM-4).

Durante as diferentes edicións do Máster, houbo estudantes que realizaron os seus traballos Fin de Máster (TFM) en Centros estranxeiros, pero sempre con tutorización de investigadores nacionais. Porén, no curso 2020-2021 unha alumna tivo unha titora externa internacional non coñecedora de ningún dos dous idiomas oficiais da USC (galego e español). Por ese motivo, a alumna tivo que escribir o seu TFM en inglés (para recibir a autorización de defensa do seu TFM) e despois traducilo a un dos idiomas oficiais do Máster. Co fin de evitar estas molestias e facilitar a posibilidade de ter titores externos estranxeiros no Máster, que poden ser un activo importante para o estudo, modificouse a Normativa de TFM para permitir poder presentar a memoria escrita en inglés, manténdose o idioma das defensas dos TFM en castelán ou galego. Esta modificación aprobouse pola Comisión de Coordinación Interuniversitaria do Máster (CCM) na súa sesión do día 17 de xullo de 2021.

A pesar de que no curso 2020-2021 houbo estudantes matriculados en todas as materias, decidiuse potenciar as especialidades de "Aplicacións Xenéticas" e "Diversidade Xenética". Participouse, mediante os coordinadores, nas actividades de difusión institucionais e dos distintos centros da USC e UVIGO, ademais de presentar o Máster aos alumnado de último curso dos distintos graos onde docentes do estudo están involucrados (p.e. Grao en Bioloxía, Bioloxía, Biotecnoloxía, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural...). No curso 2022-2023 conseguiuase matriculación nas especialidades de "Diversidade Xenética" e "Aplicacións Xenéticas", lográndose que materias baseadas en temática de plantas/vexetais tivesen estudantes. Malia isto, o número de estudantes que decide cursar estas especialidades é baixo (1-3) sobre o número potencial (aprox. 30) e houbo materias sen matriculación nas especialidades de "Diversidade Xenética" e "Aplicacións Xenéticas". Unha das actividades que se pretendía desenvolver era a organización dunha xornada de portas abertas na Misión Biolóxica de Galicia - CSIC en Pontevedra a finais do mes de abril. Desgraciadamente, estas xornadas non se puideron desenvolver. Por este motivo, e malia valoración positiva da acción de mellora, a comisión interuniversitaria sopesa a posibilidade da organización da dita reunión durante o curso 2022-2023 co obxectivo de potenciar as dúas especialidades anteriormente mencionadas.

Aínda que o Máster sempre tivo estudantes internacionais, o Máster participou nas actividades de internacionalización promovidas pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC. Así, realizouse un vídeo promocional do Máster (dispoñible no enlace: <https://usc-openday-2022.webflow.io/15-febrero>) e participouse no webinar dos Másteres de Ciencias da Saúde celebrado o día 15/02/2022, como se comentou previamente.

Finalmente, para o curso 2021-2022 logrouse ter unha aula exclusiva para o estudo en cada un dos seus tres centros de impartición, sendo a Aula Seminario 3 da Facultade de Bioloxía da UVIGO, o lugar escollido pola devandita universidade (na USC xa se tiña unha aula exclusiva desde o inicio da impartición do Máster no curso 2018-2019). Esta iniciativa foi moi valorada polos estudantes da UVIGO, que non deben cambiar de aula para seguir as clases.

Ademais de todo o exposto anteriormente, o estudo vai evolucionando e fanse precisas sucesivas accións de mellora. As propostas para o curso 2022-2023 elaboradas pola CCM (decididas na súa reunión do día 14/12/2022) e aprobadas pola Comisión de Calidade da Facultade de Veterinaria, con data do 31/05/2023, son as seguintes:

- Unificar a asignación de títulos académicos para as actividades de Prácticas Externas (PEs) e TFM.
- Organización e financiamento dos estudantes da USC á Facultade de Bioloxía da UVIGO para a realización das prácticas de laboratorio obrigatorias da materia "Técnicas de Análise Xenética".
- Axuste de horarios das actividades e exames.
- Creación dunha conta oficial do Máster na rede social "Instagram"

### Evolución das Accións de Mellora do Grao en Veterinaria

#### Accións de mellora

As accións de mellora para o curso 2021-22 xurdiron da análise e revisión do curso 2020-21 no Informe de Seguimento e doutras propostas de mellora para o Grao en Veterinaria. Ademais, cada ano, desde a CCC pídeselles ás materias dos títulos existentes no centro que reflexionen sobre o resultado do curso e envíen á Comisión de Calidade as accións de mellora que consideren necesarias como proposta para mellorar e completar o desempeño docente. Esta posibilidade é unha ferramenta de enorme valor que a implantación do SGC ofrece para a continua innovación e mellora da actividade docente, e que cada vez máis vai considerándose dentro da planificación que as diferentes materias fan para o curso próximo (GrV-AM-12, GrV-AM-13, GrV-AM-14, GrV-AM-15, GrV-AM-116, GrV-AM-117, GrV-AM-18, GrV-AM-19, GrV-AM-20, GrV-AM-21, GrV-AM-22, GrV-AM-23, GrV-AM-24, GrV-AM-25, GrV-AM-26, GrV-AM-27, GrV-AM-28, GrV-AM-29).

Ademais destas accións, tamén se acometen outras accións xerais para o conxunto do grao, enfocadas ao desenvolvemento de accións estratéxicas específicas recollidas dentro dos obxectivos e liñas estratéxicas da Prórroga do PE 2020-22, que tamén recollen as recomendacións xurdidas dos informes derivados dos procesos de avaliación.

Tódalas accións de mellora 2021-22 do Grao en Veterinaria foron informadas en tempo e pechadas na AASX. A maioría delas foron finalizadas con eficacia. Se ben hai 7 accións de mellora do Grao (das 31 totais) que non se puideron considerar eficaces, a maioría delas quedaron pospostas, contando que poidan ser retomadas para este curso.

As 5 accións de mellora que serán retomadas no Plan de Melloras 2022-23 son:

*GrV-AM-6. Modificación do regulamento do TFG (GrV-AM-5 no plan 2022-23)*

*GrV-AM-16. Elaboración de enquisas de satisfacción co TFG para estudantes e profesores (GrV-AM-9 no plan 2022-23)*

Como consecuencia da actividade da comisión no curso 21/22 e o cambio a finais do 2022 da comisión, decidiuse esperar á nova comisión para facer os cambios e elaborar as enquisas.

*GrV-AM-9. Plan de actividades para alumnado títulos (GrV-AM-6 no plan 2022-23)*

Dado que non se presentaron alumnado para o curso de alumnado títulos, decidiuse pospor esta actividade para o curso seguinte.

*GrV-AM-12. Cambio no proceso dos "acordos de mobilidade" (GrV-AM-7 no plan 2022-23)*

A xestora académica solicitou aos/as coordinadores das materias, informe de recoñecemento entre as titulacións de Grao en Veterinaria. Estase aínda no proceso de recollida de datos. Prevese que no primeiro trimestre do ano 2023 elévase a aprobación da Comisión de Título e posterior remisión ao SXOPRA

*GrV-AM-14. Realización de enquisas de satisfacción coas prácticas tuteladas do Rotatorio Clínico Hospitalario (GrV-AM-8 no plan 2022-23)*

Elabórase xa a enquisa de satisfacción propia do centro para o Rotatorio Clínico Hospitalario. Dita enquisa púxose a disposición do estudiantado na aula virtual da materia. Ata o momento non se dispón de ningunha enquisa cuberta. Precísase desenvolver un mecanismo mellor que facilite que os estudantes cubran a enquisa ao finalizar a rotación.

No caso da acción de mellora *GrV-AM-3: Continuación coa optimización da coordinación de contidos impartidos en materias relacionadas*, decidiuse cambiar o modo de traballo utilizado e basearse no modelo de coordinación de competencias, co cal esta acción será reformulada, uníndose ás posibles accións de mellora vinculadas ás competencias (GrV-AM-1).

No caso da acción de mellora *GrV-AM-15. Elaboración de enquisas de satisfacción coas prácticas tuteladas das materias Estancias*

*Clinicas e Estancias Non Clínicas.* A idea inicial era conseguir facer unha enquisa específica para recoller información, sobre todo, de suxestións de mellora e de problemas que podan xurdir. Considerouse que para lograr ese fin tería que ser non anónima, e que iso podería condicionar as respostas. Por eses motivos, acordouse continuar coas enquisas institucionais. Estudiarase a opción de crear unha caixa de correo para as suxestións e a recollida de información de maneira non anónima

No caso dalgunhas das accións, aínda que foron eficaces necesitan certos axustes ou seguir avanzando con novas tarefas:

*GrV-AM-5. Establecer paquetes formativos Estancias-TFG. (GrV-AM-4 no plan 2022-23)*

Haberá que reforzar actividades para dar a coñecer aos sectores estratéxicos aos que van orientados os plans estratéxicos e as empresas implicadas, informar sobre o plan piloto con mais antelación, incorporar novos paquetes formativos e conseguir financiamento de novo para a súa realización

*GrV-AM-19. Charlas informativas sobre o SGC nas Xornadas de benvida (PAT) e noutros cursos e reunións de delegados-representantes, etc. orientadas a fomentar a participación nas enquisas de satisfacción.*

É necesario buscar e establecer máis ocasións propicias para darlles a coñecer as actividades de calidade aos estudantes. Tamén hai que dar a coñecer os indicadores de calidade do título (indicadores sobre datos de ingreso, mobilidade, prácticas, recursos humanos e resultados), e a súa evolución, agora que son máis accesibles para a comunidade universitaria ao estar dispoñibles na páxina web.

Por último, nas accións GrV-AM- 23 e GrV-AM- 26 realizouse a posta a punto e preparación das prácticas que serán implementadas no curso 2022-23.

A información completa sobre todas estas accións de mellora amósase no apartado correspondente ao Plan de Melloras desta Memoria de Calidade 2021-22 (ver en anexos ficheiro ACCIÓNS DE MELLORA CURSO 2021-22.pdf ).

### **Evolución do Plan de Melloras do Centro**

As accións de mellora do Plan de Melloras do Centro para o curso 2021-22 xurdiron do desenvolvemento das accións estratéxicas recollidas dentro dos obxectivos e liñas estratéxicas da PPE, e da análise e revisión feita do curso 2020-21 na Memoria de Calidade e doutras propostas de mellora. As recomendacións da auditoría interna realizada á Facultade de Veterinaria pola ACMP ( 6 de maio de 2021) de cara á certificación de implantación do SGC foron xa recollidas no Plan para o curso 2020-21.

As accións de mellora do curso 2021-22 foron focalizadas á consecución de accións estratéxicas deseñadas para o fomento da avaliación por competencias, a orientación e comunicación co estudantado e a mellora do sistema de xestión coas empresas e entidades que colaboran na realización de prácticas; así mesmo, continuouse traballando nos procedementos e indicadores propios do centro en relación aos procesos do SGC, coa mellora dos espazos de cara a favorecer o entorno de traballo máis adecuado, o aforro enerxético, e o fomento da innovación educativa, entre outros temas.

No curso 2021-22 desenvolvéronse 18 accións de mellora, todas elas finalizadas de forma eficaz, excepto a *FV-AM-10. Elaboración dun borrador de procedemento para as prácticas tuteladas do Grao en veterinaria que organice a carga de traballo administrativo nos semestres 10º e 11º*, xa que a introdución do programa piloto de paquetes formativos de estancias-TFG dentro das prácticas tuteladas provocou cambios que deben ser valorados para a realización dun procedemento xeral deste tipo de prácticas, polo que, ata que non se valoren os cambios introducidos non se pode realizar un procedemento xeral axeitado.

Algunha das propostas fixéronse (como quedara establecido) alén do curso 2021-22, pero dentro dos límites da axenda de calidade 2021-2022, é dicir, entre setembro e decembro do 2022. Hai accións de mellora que necesitan certos axustes ou novas tarefas, as cales se recollen dentro das Accións de Mellora propostas para o curso 2022-23. Nalgunha delas é necesario facer modificacións no Manual do SGC e/ou establecer protocolos internos detallados que axuden a realización das diferentes actividades. (FV-AM-1 e FV-AM-2)

Ademais, en relación ao proceso de acreditación europea pola EAEVE, introducido dentro do SGC do centro , é necesaria a actualización dos requisitos a cumprir para manter dita acreditación, sendo preciso acometer accións de mellora para adaptarse ás novas esixencias do renovado “Standard Operating Procedure (SOP)”.

A análise detallada do desenvolvemento das Accións de Mellora do Plan de Melloras correspondente ao curso 2021-22, así como o Plan de Melloras proposto para o curso 2022-23, pódense consultar no apartado 3 desta Memoria de Calidade.

### **Evolución do proceso de elaboración, desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro**

O proceso estratéxico de *Revisión e Mellora (PE-02)* permite establecer, revisar e/ou actualizar a política de calidade, os obxectivos de calidade do plan de melloras anual, o funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), así como os resultados dos programas formativos. Pola súa banda, a realización do informe de seguimento anual polas comisións de título, dentro do proceso clave *Análise de resultados e mellora dos programas (PC-05)*, constitúe unha ferramenta extraordinariamente útil para detectar e corrixir os posibles desaxustes nos títulos impartidos no centro, e propor as accións de mellora necesarias para a súa consecución.

A CCC, unha vez analizado o funcionamento global do SGC, e revisadas as accións de mellora propostas polas comisións dos diferentes programas impartidos no centro, elabora o Plan de Melloras Anual, que recolle os obxectivos de calidade e as accións de mellora a levar a cabo.

A Memoria de Calidade do curso 2020-2021, que recolle o Plan de Melloras para o curso 2021-2022, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada, previo Informe técnico de Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, pola Comisión Permanente da Xunta de Facultade do Centro.

Os Informes de seguimento do Grao en Veterinaria e do Máster en Xenómica e Xenética, así como a Memoria de Calidade do Centro, correspondentes ao curso 2020-2021, e os anteriores, son públicos e están dispoñibles na web da Facultade, o cal permite a todos os grupos de interese acceder a esta documentación e contribuír á reflexión e á mellora do título.

As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC son tamén de gran axuda de cara aos procesos de avaliación, xa que nestes anos a facultade foi incorporando accións de mellora que nos permitiron estar preparados para as avaliacións feitas por parte das distintas axencias avaliadoras (ACSUG e EAEVE).

O Grao en Veterinaria da USC ten que renovar a acreditación europea no ano 2025. Debido a que no curso 21-22 comezou o proceso de preparación para esta avaliación, engadiuse a análise dos indicadores da EAEVE no Informe de seguimento/resultados do Grao en Veterinaria, a partir do informe do curso 2021-22. Deste xeito, intégranse todos os procesos relativos á calidade do título nun único proceso.

Todas as recomendacións feitas nos informes derivados dos procesos de avaliación, tanto de auditorías internas, como da ACSUG ou da EAEVE, son tidas en conta a través das accións de mellora incluídas no Plan de Melloras e/ou nas posibles modificacións da Memoria do Grao. Así mesmo consideráronse na elaboración da Prórroga do Plan Estratéxico da Facultade de Veterinaria 2020-2022, aprobado pola Xunta de Facultade o 12/02/2021, e posteriormente ratificado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno na súa reunión do 03/03/2021.

Así, as recomendacións xurdidas do informe final da visita realizada pola ACSUG (Informe final de certificación da implantación del sistema de garantía de calidade, programa FIDES-AUDIT), data 11/10/2022, están reflectidas no Plan de Melloras 2022-23 (FV-AM-3, FV-AM-4, FV-AM-5, FV-AM-6), e incluídas no apartado correspondente desta Memoria de Calidade. Outros aspectos ou recomendacións, que non figuran dentro do Plan de Melloras 2022-23, tamén se téñen en conta para a mellora do SGC:

En canto ao sistema de codificación das accións de mellora (AM), estas codifícanse directamente ao ser introducidas na Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASX), e coas últimas modificacións da aplicación xa se permite gravar AM que se estendan máis alá dun curso académico, o que permitirá identificalas inequivocamente durante todo o seu ciclo de vida. Así mesmo tomouse nota da recomendación de introducir cada AM co seu código, para as futuras AM que aparecen ao longo desta memoria de calidade.

En relación a recomendación de estudar medidas para reforzar a relación cos egresados, xa que as taxas de satisfacción deste colectivo son das máis baixas, e tamén o é a taxa de resposta, deberíanse propor diversas iniciativas, en colaboración coa USC, para reforzar a relación cos egresados (por exemplo acceso a biblioteca e/ou as bases de datos), pero neste caso superan o noso ámbito de actuación á nivel de centro.

Sobre as actas das reunións e a recomendación de especificar os cargos, que ocupan dentro da CCC, de cada unha das persoas convocadas, porase en práctica; aínda que a utilización da AASX para facer as convocatorias e as actas das reunións non permite facelo *a priori*, polo que deberán ser engadidos *a posteriori*.

Outra das recomendacións deste informe refírese ao deseño dunha táboa cos indicadores dos procedementos, os seus resultados de cada ano e as tendencias, para facilitar o seu análise; esta recomendación está recollida na acción de mellora FV-AM-3, e farase para



os procedementos propios do centro. Con todo, hai que sinalar que a Área de calidade da USC pon a disposición dos centros as táboas “informe de indicadores”, calculadas para cada titulación, que conteñen táboas e gráficas coa súa evolución.

En relación ao establecemento de accións para impulsar a efectividade do Comité consultivo externo, unha destas accións vai a ser a súa participación na elaboración dos plans estratéxicos, o cal xa se recolle dentro das súas funcións. O seu asesoramento pode ser de gran valía para posibles modificacións da memoria dos títulos impartidos no centro, revisión das competencias, ou a implantación de novos títulos. Así e todo, este Comité encontrase xa implicado en accións como son as charlas-coloquios encadradas dentro do ciclo de “Apaixonad@s pola Veterinaria”, co obxecto de mostrar diferentes realidades profesionais, e tamén nas charlas de orientación profesional, nas cales se emprega como fío condutor a participación dos membros do comité consultivo.

Por último, indicar que xa se encontra dispoñible na web a información relativa á satisfacción do alumnado dos dous títulos que se imparten no centro. No momento da visita da comisión de avaliación da ACSUG ao centro, a páxina web atopábase en pleno período de cambio, e non estaba a información completa dispoñible.

### Títulos interuniversitarios

O Máster en Xenómica e Xenética (MXX) é un Máster interuniversitario impartido polas Universidades de Santiago e Vigo. Cada centro de impartición desenvolve o seu propio Sistema de Garantía de Calidade (SGC), aínda que ao ser a USC a universidade coordinadora, corresponde á Comisión de Calidade da Facultade de Veterinaria da USC integrar ao Máster no seu propio SGC. O devandito sistema posúe os mecanismos necesarios para recoller información sobre o título, analízala, detectar debilidades e propor accións de mellora.

Na Web da Facultade de Veterinaria da USC (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/calidade>) atópase dispoñible toda a información sobre o SGC do centro, tendo o mesmo concedido o Certificado de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade (Programa FIDES-AUDIT), desde o día 11/10/2022, trala auditoría realizada en decembro de 2021. A información para a Facultade de Bioloxía de UVIGO atópase na súa web (<http://bioloxia.uvigo.es/es/calidad/sistema-de-garantia-de-calidad/>), tendo este centro xa a Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade (Programa FIDES-AUDIT), e o Selo de Calidade da Universidade de Vigo.

A Facultade de Veterinaria da USC e Facultade de Bioloxía da UVIGO teñen unha Comisión de Calidade, órgano colexiado que supervisa e promove os diferentes sistemas e procesos vinculados á calidade (SGC, seguimento das titulacións, procesos de avaliación, ...), á análise de resultados e indicadores, así como á planificación e seguimento de accións de mellora consecuentes. Os coordinadores do Máster son membros natos desta comisión. No caso da USC, tamén o é o secretario académico do Máster ata o curso 2021-22..

Tanto na USC como na UVIGO dispónse de enquisas de satisfacción sobre a titulación que se realizan por medios telemáticos, aínda que as enquisas de ambas universidades son diferentes e, ás veces son difíciles de analizar conxuntamente, xa que non se formulan as mesmas preguntas ou non están dispoñibles na mesma data, o que xera, en ocasións, falta de información para a elaboración de determinados informes.

Aínda así, a coordinación entre ambas institucións é adecuada, xa que en cada unha das Universidades existe unha comisión académica do Máster (CAM) e para a súa coordinación hai unha Comisión de Coordinación do Máster (CCM) onde participan membros de ambas comisións académicas (os coordinadores e secretarios académicos das dúas universidades e o coordinador de área externa).

As accións de coordinación que levaron a cabo durante o curso 2021-2022 foron:

- Reunión co profesorado ao final do curso 2020-2021 para a organización do curso 2021-2022, celebrada o día 27 de xullo de 2021 mediante MS Teams no equipo creado con todos os docentes do Máster, onde se analizaron os resultados das enquisas, valoráronse os resultados de avaliación, e tivéronse en conta as suxestións presentadas polo alumnado. Durante a reunión abordáronse diferentes aspectos organizativos como son o fomento do uso do correo institucional da USC, o desenvolvemento e organización das PEs e TFMs, os diferentes escenarios de docencia para o curso (i.e. presencial (escenario 1), de restricións parciais (escenario 2) e de peche de instalacións (escenario 3)), o Plan de Continxencia común, a incorporación e o cesamento de docentes, o uso das aplicacións con soporte informático na USC, a matriculación e aulas de impartición, e o control de plaxio e asistencia a clase.
- Reunión grupal co alumnado ao inicio de curso (13/09/2021) para a presentación e posta en marcha do curso (coordinadores e profesores), facilitándolles información acerca de: horarios, labores de coordinación, uso da plataforma virtual, prácticas externas e TFM, posibles escenarios de docencia, así como doutras dúbidas que puidesen xurdir.
- Numerosas reunións presenciais e virtuais entre as CAM da USC e UVIGO, e da Comisión de Coordinación do Máster, de cara a coordinar o uso da plataforma virtual para impartir a docencia (MS Teams), a data de inicio e fin do curso, as prácticas externas, a



defensa de TFM, as clases prácticas presenciais das materias que as recollen, a xestión e organización da docencia provocada polos cambios derivados da pandemia por COVID-19 (p.e. realización de probas online, organización da defensa online dos TFMs...), etc.

- Reunión para a elección de PEs e TFMs: tal e como se realizou no curso 2020-2021, implantada como unha acción de mellora, realizouse unha reunión mediante MS Teams, o día 17 de novembro de 2021, para a elección das actividades de PEs e TFMs dos estudantes que non as pactaron previamente. Ademais, tamén se aproveitou esta reunión para explicar o funcionamento e avaliación de ambas actividades a todos os estudantes do Máster. Como no curso pasado, esta reunión foi moi ben acollida polos estudantes, que agradeceron a información recibida.
- Reunión final co profesorado (21/07/2022) para analizar o curso 2021-2022 e organizar o inicio do curso 2022-2023. Se realizou de maneira telemática (para facilitar a asistencia debido ao gran número de centros involucrados) utilizando a plataforma MS Teams proporcionada polos recursos ofimáticos da USC, empregando tamén o equipo con todos os docentes do Máster. Nesta reunión volveuse a propoñer o fomento do correo institucional da USC para proporcionar información sobre o curso (ademais da habitual lista de distribución coas ditas contas e as persoais dos estudantes), explicouse o desenvolvemento das PEs e TFM, e as modificacións no cadro de docentes, e informouse de que o desenvolvemento da docencia se realizaría de maneira presencial, xa que non se esperaba ningunha restrición pola COVID-19 durante o curso, eliminándose os plans de Continxencia das guías docentes. Ademais, informouse de que para o curso 2022-2023 xa non habería estudantes en modalidade semipresencial, aínda que unha das alumnas matriculada nesta modalidade, e que pasaba á presencial, solicitou a exención de asistencia a clase, mantendo o dereito a realizar exame (sendo avaliada dos conceptos impartidos durante o curso 2022-2023). Así, os coordinadores das materias onde a alumna se matriculou, foron informados cos pasos a seguir para avaliála.

Durante o estado de alarma, comprobouse que a plataforma MS Teams proporcionada a todos os estudantes e docentes do Máster polos recursos ofimáticos da USC, era unha ferramenta de videoconferencia moito máis flexible e fácil de utilizar que o sistema Adobe Connect, utilizado nas dúas primeiras edicións. Por ese motivo decidiuse cambiar de plataforma a partires do curso 2020-2021. Ademais, debido aos problemas de copia e plaxio en diferentes exames durante as avaliacións telemáticas do curso 2019-2020 (primeiro da pandemia), volveuse a informar de forma explícita no curso 2021-2022 sobre as consecuencias para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas, supoñendo unha cualificación de cero na actividade afectada, e aplicándose a normativa vixente para eses casos na universidade onde o alumno está matriculado.

#### **Vixencia do Sistema de Garantía de Calidade**

Sinalar que a Facultade de Veterinaria someteuse finalmente o 03/11/2021 á Auditoría para a Certificación da implantación do SGC, data na cal tivo lugar a visita da Comisión de avaliación da ACSUG; con data 11/10/2022 dita Comisión, unha vez examinado o Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro, e avaliado o seu grao real de implantación, emitiu un informe FAVORABLE, o que manifesta a existencia dunha cultura de calidade consolidada no noso centro.

O Manual do Sistema de Garantía de Calidade, e o Manual de procesos de centro adaptado ao novo SGC marco da USC, foron aprobados pola Xunta de Facultade de Veterinaria o 15/02/2019, e aprobados posteriormente pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 15/03/2019.

Transcorrido este tempo, o SGC requiría unha actualización dos procesos para incorporar os cambios que se foron producindo nos dous últimos anos en normativas e procedementos, así como outros cambios de maior calado que se viu necesario acometer e que afectarían á estrutura do SGC, como a constitución dunha Comisión do Grao en Veterinaria, co fin de separar a Comisión de Grao e a Comisión de Calidade. Os cambios realizados a partir dos traballos de revisión e mellora do *Manual do Sistema de Garantía de Calidade* foron elaborados e aprobados pola CCC, aprobados pola Xunta de Facultade e ratificados pola CCPdCG o 06/10/2021.

Do mesmo xeito, revisouse o *Manual de procesos do centro* para adaptalo aos cambios reflectidos no Manual do SGC e aos producidos en normativas e procedementos, así como para a inclusión das comisións delegadas da Xunta de Facultade nos procesos correspondentes do SGC. Os procesos modificados foron aprobados pola CCPdCG o 27/01/2022:

*PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación*

*PC-02 Planificación das ensinanzas*

*PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas*

*PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos*

*PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades*

Durante o **curso 2021-22** séguense a poñer en marcha e/ou consolidarse os mecanismos de recollida de información para complementar a información facilitada pola ACMP; procedeuse á inclusión dos indicadores da EAEVE dentro do SGC, para a súa análise no autoinforme de seguimento/resultados do título de Grao; e comezáronse a deseñar procedementos propios internos do centro para unha mellor xestión das actividades de calidade.

Os principais cambios e/ou melloras realizadas no SGC do centro foron os seguintes:

- Modificación do proceso *PS-04. Satisfacción, expectativas e necesidades* para incluír as enquisas propias do centro sobre catro actividades: o Laboratorio de Habilidades Clínicas (LHC), a docencia nas prácticas tuteladas do Grao en Veterinaria (rotatorio clínico hospitalario), os procedementos relativos ao desenvolvemento dos TFG/TFM, e o perfil de ingreso do Grao en veterinaria
- Modificación do proceso *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas* para incluír, como indicadores propios da Facultade, os indicadores da acreditación internacional do centro polo European System of Evaluation of Veterinary Training, ESEVT, levado a cabo pola axencia European Association of Establishments for Veterinary Education, EAEVE, membro de ENQA.
- Elaboración dun protocolo de actuación precoz para os estudantes en risco de abandono publicado no "Plan de Acción Titorial" para o curso 2022/23.
- Deseño dun modelo calendario-cronograma para unha mellor xestión e organización das actividades periódicas relacionadas cos ámbitos da calidade e da actividade académica.
- Elaboración dun protocolo detallado para a realización das reunións de valoración de semestre. Neste protocolo estandarízanse os calendarios, o reparto de tarefas, o método de recollida de datos, o fluxo de transmisión da información, e o modelo de informe resultante destas reunións de valoración de semestre.

Tal como se sinalou na anterior sección, no apartado onde se relata a evolución e cambios do SGC desde o seu inicio, a realización de cambios de modo frecuente testemuñan que o sistema se actualiza de xeito continuo, atendendo ás novas necesidades e ás normativas vixentes.

Outra mellora implantada dentro do SGC foi a posta en marcha do Comité Consultivo Externo en febreiro de 2021, cuxa constitución foi aprobada pola Xunta de Facultade na súa sesión do 26 de xuño de 2019. A reunión de constitución tivera que ser retrasada pola pandemia, e nela acordouse facer reunións anuais e charlas con periodicidade mensual para dar a coñecer aos estudantes e profesorado da Facultade a súa visión sobre o seu campo de especialización. Estas charlas estanse a levar a cabo dentro da actividade "Apaixonad@s pola veterinaria", nas cales profesionais vinculados a diferentes sectores da veterinaria veñen a contar aos estudantes as súas experiencias no seu campo profesional. Así mesmo, o 23/05/2022 tivo lugar a segunda reunión do Comité Consultivo Externo. A documentación relativa a estas reunións atopase na páxina web do centri, no apartado de calidade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/calidade/organos-sistema-garantia-calidade>)

En relación ao Comité Consultivo Externo, unha vez finalizada a prórroga do Plan Estratégico 2020-22, deberase proceder a elaboración dun novo Plan Estratégico no que esperamos contar coa súa valiosa colaboración.

Esta pendente a harmonización do Regulamento de Réxime Interno (RRI) da Facultade co Manual do SGC (ACCIÓN ESTRATÉXICA 3.1.C), naqueles aspectos que deban ser reformulados. En relación ao RRI (aprobado pola Xunta de Facultade en decembro de 2015 e ratificado polo Consello de Goberno da USC en xuño de 2016), está pendente a aprobación por parte do Consello de Goberno das modificacións aprobadas pola Xunta de Facultade nas reunións do 10 de xullo de 2017 e 20 de decembro de 2017.

### **Mecanismos de recollida de información**

Como último aspecto a valorar nesta directriz, cómpre facer referencia aos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

En canto aos procedementos que permiten recoller a información, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, no Manual de procesos do centro recóllense os 13 procesos polos que se establecen as canles de participación dos axentes implicados (alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos), as bases para a recollida e análise da información, así como as medidas para o seguimento, revisión e mellora do proceso. Durante o curso 2021-22

modificáronse os procesos *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas* e o *PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades*, que afectan aos procedementos de recollida de información, sendo aprobados pola Xunta de Facultade na súa sesión do 21/12/2022. Dita aprobación quedou condicionada á modificación posterior do punto 5 "Informes e Indicadores" do Manual do SGC, e a súa aprobación por parte da Comisión CCPdCG, unha vez feitos os cambios no Manual do SGC.

Con respecto aos mecanismos de recollida de información de satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese, o centro dispón de diferentes indicadores e informes proporcionados polos servizos centrais da universidade correspondentes ao Sistema de Garantía de Calidade que recollen información sobre os aspectos relevantes, como a docencia, as titulacións, servizos, mobilidade, etc.

A información recibida desde a ACMP complementábase coa información obtida nas reunións de valoración de semestre. O centro dispón dun protocolo propio (Reunións de valoración de semestre), coordinado polo Vicedecanato de Ordenación Académica e Estudantes, para valorar o nivel de satisfacción do alumnado e do profesorado coa actividade docente no Grao en Veterinaria, incluído dentro do Manual de procesos no *PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades* durante o curso 2021-22 (aprobado pola CCPdCG o 27/01/2022).

Ademais destas reunións de valoración de semestre, o centro empezou a deseñar unha serie de enquisas e informes/indicadores propios para acadar dun xeito máis específico a información dos grupos de interese, coa idea de ilos incluíndo dentro do SGC. Entre estes procesos, dispónse xa para a análise do curso 2021-22 dun informe anual sobre as actividades do Laboratorio de Habilidades Clínicas e o nivel de satisfacción do alumnado co LHC, que foi tamén incluído dentro do *PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades*.

En cursos posteriores vanse ir incorporando outras enquisas propias do centro, como se comentou en anteriores apartados, referentes á satisfacción dos estudantes con actividades específicas do centro, coma o Rotatorio Clínico Hospitalario (GrV-AM-8), ou relacionada co seguimento de determinadas accións de mellora, en concreto enquisas sobre a satisfacción dos grupos de interese, coa rúbrica elaborada para a avaliación dos TFGs (GrV-AM-9).

Outros datos que se incorporan, a partir da revisión do curso 2021-22, dentro do proceso de recollida de información son os indicadores da acreditación internacional do centro polo ESEVT, levado a cabo pola axencia EAEVE; para o cálculo destes indicadores é necesario recoller información, entre outra, do tipo de docencia impartida no Grao en Veterinaria e recursos empregados (instalacións, equipamento, servizos, animais sans e pacientes, persoal académico e de administración e servizos, etc.), balance económico, número de estudantes totais e egresados, horas teóricas e prácticas no currículo, etc. Esta valoración dos indicadores foi incluída dentro do *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*, como indicadores propios da facultade, no Grao en Veterinaria.

Dentro do proceso PC-05, as Comisións de título analizan a información e resultados proporcionados pola ACMP, xunto cos informes obtidos das reunións de valoración de semestre, no caso do Grao en Veterinaria, e as enquisas e indicadores propios do centro, e elaboran os autoinformes de seguimento, de onde saen posibles accións de mellora que son posteriormente recollidas na Memoria de Calidade do centro. Toda esta información, como xa se comentou, está dispoñible na documentación do SGC do centro no apartado de calidade da súa páxina web (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-veterinaria/calidad/documentacion-sgc>), a disposición de tódolos grupos de interese.

Compre salientar o problema que persiste ano tras ano, da baixa participación do estudantado e profesorado nas enquisas de valoración. Desde o centro, dentro das actividades de calidade, continúaase a promover a participación nas enquisas de satisfacción distribuídas pola ACMP a través de correos aos distintos grupos de interese, con información sobre a súa utilidade e as datas das enquisas; así mesmo, fixéronse pequenas charlas informativas para animar aos estudantes a participar nestas enquisas, e deseñouse un modelo de cartel para difundir os distintos períodos de enquisas a través das pantallas informativas do centro e da conta de Instagram da facultade. Do mesmo xeito, a tenor dos datos recibidos, constatouse que seguimos sen ser quen de mellorar esta participación, se ben se mantén a pequena melloría acadada no curso 2019-20, alcanzándose valores superiores ao 50% (54,26%) na taxa de resposta nas enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF.14), no Grao en Veterinaria. Continúa a ser un verdadeiro problema a escasa participación nas enquisas do Grao en Veterinaria do alumnado saínte dos programas de mobilidade (1 soa enquisa cuberta de 39 convidados) ou a participación dos egresados nas enquisas de satisfacción (2 enquisas cubertas).

Como se ven sinalando en anos anteriores, no caso das enquisas de satisfacción sería importante coñecer o número de participantes que cubriron a enquisa e o número posible de participantes que poderían cubrila, para ter unha idea da representatividade das mesmas. Tamén sería de agradecer que na información que nos aporta a ACMP, a través dos informes relativos ás enquisas de satisfacción, se puidera apreciar a evolución das valoracións dos diferentes ítems que forman parte da enquisa ao longo dos últimos cursos, xa que

nalgúns dos informes só aparece o dato do último curso. Outro problema que nos atopamos, con certos datos proporcionados pola ACMP, é a non existencia de datos desagregados, polo que non se pode facer unha análise a de nivel titulación, ou, as veces, nin sequer a nivel de centro. Por último, indicar que, ás veces, dispónse deses datos tarde e/ou sofren modificacións unha vez que xa foi iniciado o proceso de elaboración dos informes.

Aínda así consideramos que, agás da sempre problemática baixa taxa de resposta fronte á que non somos quen de atopar unha solución que, incrementa este valor, o sistema de recollida de información a través das enquisas que se fan de forma centralizada pola ACMP aporta unha información útil para o desenvolvemento do SGC.

Para o resto de mecanismos de recollida de información relativa a queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese, contamos cos formularios dispoñibles na páxina web do centro, e co servizo que proporciona de xeito centralizado a Oficina de Análises e Reclamacións (OAR).

De acordo co establecido no manual do SGC, proceso *PS-05. Xestión das incidencias(SQR)*, na páxina web da facultade existe un formulario para que os usuarios (calquera membro da USC) poidan facer chegar calquera tipo de suxestión ou reclamación, as cales son recibidas directamente no decanato.

Se esta queixa ou suxestión excede o ámbito de resolución do centro, derivase ao servizo que corresponda. Reciprocamente, as incidencias recibidas pola Oficina de Análise de Reclamacións da USC (OAR) que afectan aos aspectos que xestiona a Facultade, fanse chegar e tramítanse no centro.

A maiores, na web propia do Máster hai unha caixa de correo propia para queixas e suxestións. Ademais, desde esta web, proporcionase un enlace directo ao SGC dos centros responsables, tanto da USC como da UVIGO, así como á caixa de correo de queixas e suxestións e aos servizos de xestión académica das mesmas.

Todas as reclamacións e queixas descríbense e coméntanse de forma máis completa nas directrices 2 e 3 desta memoria de calidade.

Neste punto é de destacar que, en xeral, as queixas e suxestións rexistradas na OAR non se trasladan aos centros, do mesmo xeito que as suxestións e reclamacións recibidas directamente na Facultade non se trasladan a OAR, polo que é imposible discernir se algunhas poden ser as mesmas, presentadas a través de diferentes vías administrativas. Sinalar que este ano non dispoñemos da Memoria da OAR que se publicaba en cursos anteriores, se ben a OAR proporcionounos a información solicitada.

Segundo o recollido no proceso *PS-05. Xestión das incidencias*, as incidencias tratadas internamente pola Facultade, e aquelas das que esta tivese que informar a outros órganos, son recompiladas polo/a responsable de calidade do centro nun informe, para a súa análise posterior pola CCC, de acordo co recollido no proceso *PE-02. Revisión e mellora*; estes informes están dispoñibles na AASX.

Dispónse ademais doutro formulario para comunicar calquera incidencia relativa ás instalacións e servizos da Facultade (calefacción, fontanería, electricidade, ...). Este formulario recíbese na conserxería para actuar directamente naqueles aspectos que entren no seu ámbito de competencias, e se non comunicase á Oficina de Xestión de Infraestruturas (OXI) e ao decanato:

<http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/incidencias.html>

---

**Accións de mellora e puntos a destacar en relación á directriz 1:**

Grao en Veterinaria:

Cómpre axustar a temporalidade anual do proceso de recollida de datos e elaboración dos indicadores da EAEVE xa que non estaban dispoñibles no momento de comezar o traballo de elaboración do informe de seguimento.

Acción de mellora: protocolizar a temporalidade e os procedementos de recollida de información e de análise destes indicadores con tempo suficiente para a revisión e, máis importante aínda, para o deseño de accións correctoras no caso de indicadores cun valor negativo.

Facultade de Veterinaria (centro):

Débense establecer criterios de fiabilidade para a utilización dos datos proporcionados pola ACMP, e os propios do centro, en relación coas enquisas de satisfacción.

É necesario protocolizar os distintos procedementos de recollida de información, ademais da necesaria para o cálculo dos indicadores da EAEVE xa comentada, por exemplo a realización da enquisa do perfil ingreso no grao e outras enquisas (FV-AM-2)

Área de Calidade da USC:

No caso das enquisas de satisfacción sería importante coñecer o número de participantes que cubriron a enquisa e o número posible de participantes que poderían cubrila, para ter unha idea da representatividade das mesmas.

Sería de agradecer que na información que nos aporta a ACMP, a través dos informes relativos ás enquisas de satisfacción, se puidera apreciar a evolución das valoracións dos diferentes ítems que forman parte da enquisa ao longo dos últimos cursos, xa que nalgúns dos informes só aparece o dato do último curso.

Outro problema que nos atopamos con certos datos proporcionados pola ACMP é a non existencia de datos desagregados, polo que non se pode facer unha análise a de nivel titulación, ou, as veces, nin sequera a nivel de centro.

**Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos**

**Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
  - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
  - cumprimento de guías docentes;
  - procedementos de coordinación,
  - análise do perfil real de ingreso/egreso,
  - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
  - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Evidencias dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción dos programas formativos.**

O proceso estratéxico de revisión e Mellora PE-02 no seu desenvolvemento contempla que “Se como resultado da análise do funcionamento dos títulos se propón levar a cabo unha modificación do título ou mesmo a súa extinción, realizarase de acordo co proceso institucional PI-01-Deseño, modificación e extinción de programas”.

Trátase dun dos procesos incluídos a nivel Institucional no Mapa de Procesos do Manual do SGC, e polo tanto con actuacións comúns a tódolos títulos da USC conforme aos programas da ACSUG para a xestión dos mesmos.

As modificacións non substanciais que se fan cada curso, quedan referidas no correspondente epígrafe dos informes de seguimento dos títulos en cuestión, así como no apartado 4 desta memoria de calidade.

**Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.**

Para cada un dos aspectos mencionados neste epígrafe, pódese consultar a información recollida nos informes de seguimento do Grao en Veterinaria e do Máster Universitario en Xenómica e Xenética, os cales analizan os diversos aspectos relativos ao desenvolvemento dos programas formativos, aínda que nesta memoria preséntase unha síntese de ditos informes das titulacións da Facultade de Veterinaria no curso 2021-22.

As Comisións de Título son os órganos encargados de analizar, anualmente, o desenvolvemento e os resultados dos programas formativos, de avaliar o cumprimento da memoria verificada do título (MVT) e a conveniencia de modificala ou actualizala; tamén analizan o cumprimento dos programas das materias, a adecuación dos perfís de ingreso/egreso, os procedementos de coordinación, os resultados de aprendizaxe, e a información sobre satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese. Nas actas das reunións celebradas poden apreciarse os procedementos relativos á revisión e á mellora dos programas formativos que se levan a cabo.

Durante o curso 2021-22 levouse a cabo a revisión e mellora dos programas formativos, para garantir o cumprimento das memorias verificadas. Un aspecto importante deste seguimento foi a aprobación e supervisión do grao de cumprimento das guías docentes cos contidos, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación que figuran nas memorias dos títulos.

Hai que ter en conta que, se ben xa se recuperou a docencia presencial nas actividades docentes, en moitos casos mantivéronse algunhas das modificacións introducidas nas programacións docentes a causa da pandemia, como o incremento do peso da avaliación



continua na avaliación das materias ou o emprego de ferramentas dixitais dispoñibles no Campus Virtual e Microsoft Teams.

A continuación descríbese a análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos de cada un dos programas formativos correspondentes aos títulos impartidos no centro:

## 2.1. Grao en Veterinaria

### Memoria verificada

A Memoria do Grao en Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela foi elaborada segundo as indicacións da ORDE ECI/333/2008, do 13 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da Profesión Veterinaria, e obtivo a Verificación positiva do Ministerio de Educación o 2 de xullo de 2010 conforme se adecúa ás previsións do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e é coherente co título deseñado. A acreditación deste grao foi renovada o 11 de xullo de 2017. O documento da Memoria de Grao ten varias versións segundo se van incorporando as modificacións aprobadas da mesma. No curso 21-22 o grao impartíuse segundo o indicado na [Memoria de Grao](#) publicada na páxina web do centro (versión 10, 25/02/2021) en canto ás competencias que deben adquirir os estudantes así como ao desenvolvemento das actividades académicas, as metodoloxías docentes aplicadas e aos sistemas e criterios de avaliación.

Durante o curso 2021-22 implantouse a modificación de reorganización das horas nas actividades formativas das materias “G2091202 -Embrioloxía veterinaria” e “G2091425 -Toxicoloxía veterinaria”. para responder de forma máis axeitada ás necesidades formativas dos alumnado do Grao en Veterinaria. Esta modificación non substancial fora aprobada polo Consello de Goberno na súa reunión do 25/02/2021.

Así mesmo, no curso 2020/21 solicitáronse modificacións non substanciais da Memoria do Grao cursando a correspondente declaración de intencións a través da Vicerreitoría de Titulacións: a reorganización das horas nas actividades formativas das fichas das materias G2091102 Benestar Animal e Etnoloxía, G2091104 Bioquímica, G2091107 Integración do Metabolismo, G2091110 Inmunoloxía Veterinaria, G2091121 Agricultura Veterinaria , G2091203 Microbioloxía Veterinaria, G2091221 Producción Animal I, G2091223 Economía Agraria, G2091225 Cría e Saúde Animal, G2091227 Nutrición e Alimentación Animal, G2091228 Producción Animal II, G2091421 Enfermidades Infecciosas II, G2091424 Reprodución e Obstetricia Veterinaria I, G2091429 Hixiene I: Hixiene Xeral e Seguridade, G2091430 Reprodución e Obstetricia Veterinaria II e G2091525 Tecnoloxía da Reprodución para responder de forma máis axeitada ás necesidades formativas dos estudantes do Grao en Veterinaria ([ver modificacións das memorias](#)).

Estas modificacións para a mellora do título foron revisadas e analizadas pola Comisión de Calidade (que naquel intre asumía as funcións de Comisión do Título de Grao en Veterinaria) emitíndose un informe sobre a súa idoneidade antes da súa aprobación pola Xunta de Facultade, e foron aprobadas polo Consello de Goberno na súa reunión do 21/12/2021 para ser postas en marcha no curso 2022/23.

### Guías docentes

As guías docentes de cada unha das materias que conforman o plan de estudos foron publicadas na páxina web institucional do centro antes do inicio do período de matrícula ([ir a programacións docentes](#)). Nelas atópase recollida a información referente ás competencias, actividades formativas, metodoloxía e distribución temporal de tarefas, sistemas e criterios de avaliación, etc.

Previamente á súa aprobación en Xunta de Facultade, as guías docentes de todas as materias foron revisadas por un equipo de traballo constituído polo Vicedecano de Ordenación Académica, a Coordinadora do Grao e os coordinadores de semestre unha vez aprobadas polos departamentos, proceso ao que seguiu a revisión pola Comisión de Calidade para asegurar que cumprían o establecido na memoria do título, facendo un especial seguimento das competencias desenvolvidas en cada materia e dos sistemas de avaliación.

As guías docentes do 2021-2022 inclúen un plan de continxencia con tres escenarios docentes en función das restricións sanitarias que axudou á rápida adaptación ás medidas impostas pola pandemia e ao desenvolvemento das ensinanzas sen incidencias salientables.

**Procedementos de coordinación**

Coordinación da actividade semestral

Durante o curso 2021-22, en consonancia co contemplado na prorroga do Plan Estratéxico do Centro 2014-18, continuouse a traballar na mellora da coordinación-horizantal e vertical, tanto no referente aos contidos e a súa secuenciación temporal, como á distribución das competencias do grao entre as diferentes materias. Decidiuse cambiar o modo de traballo utilizado na GrV-AM-3 e basealo no modelo de coordinación de competencias (acción mellora GrV-AM-1). Este modelo enviouse a á Área de Sanidade Animal para realizar a optimización de coordinación de contidos impartidos polas materias relacionadas. Unha vez se realice nesta área esta experiencia piloto, estenderase a outras.

Celebráronse reunións de coordinación nos semestres para axustar carga de traballo dos estudantes, datas de entrega de tarefas e coordinar outras actividades non presenciais de avaliación continua, como elaboración de memorias de prácticas.

Nas reunións de valoración semestral valórase o solapamento de contidos e, de existir, tómanse medidas correctoras. A Comisión de Grao revisou os aspectos de coordinación expostos nestas sesións e estableceu accións para arranxalas.

Coordinación das Prácticas Tuteladas (Prácticas externas curriculares obrigatorias).

Desde o curso 2014-15 existen coordinadores específicos para as materias de prácticas tuteladas, do mesmo xeito que ocorre con calquera outra materia do plan de estudos. Ademais, o centro conta co Comité de Prácticas Tuteladas e Externas dende decembro de 2019, como se recolle no Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro, que é fundamental para a coordinación destas materias. O seu carácter multidisciplinar fai que sexa moi diferente do resto; nestas materias a figura do coordinador é clave para resolver todas as cuestións relativas ao desenvolvemento de cada quenda de estancias, levar a cabo a comunicación cos titores profesionais, e harmonizar criterios na valoración das memorias que os estudantes deben entregar sobre o traballo realizado.

Os estudantes teñen a súa disposición un listado, dispoñible na intranet do centro, de destinos con todas as institucións coas que hai convenios vixentes (E20) para estas prácticas, onde figura unha descrición breve da actividade, que axuda aos estudantes a seleccionar o destino. Aínda así, os estudantes poden propoñer destinos adicionais nos que realizar as prácticas despois da formalización dun convenio.

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/practicas>

Coordinación das Prácticas Externas (Prácticas externas curriculares optativas).

En virtude do Real decreto 592/2014 existe a posibilidade de realizar prácticas externas optativas coordinadas polo Vicedecanato de Prácticas externas. Toda a normativa que as regula pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/practicas>

Coordinación da materia Trabajo Fin de Grao.

O Título conta cunha comisión específica que se encarga de organizar e coordinar toda a actividade relacionada con esta materia.

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/tfg>

Co fin de mellorar a inserción dos nosos estudantes no mercado de traballo, continuase co programa de paquetes formativos Estancias-TFGs, implantado no curso 2020/21 (GrV-AM-4). Nesta modalidade, o estudante pode realizar a maioría dos 30 créditos ECTS das prácticas tuteladas e o TFG nunha mesma empresa, o que lle proporciona máis tempo para coñecer o traballo da empresa en cuestión e, á empresa, unha fonte de información valiosa para futuras ofertas de emprego.

Coordinación das prácticas externas extracurriculares.

Os estudantes teñen a opción de facer prácticas voluntarias ao longo de todo o curso unha vez que teñen superados 90 créditos. Non forman parte do plan de estudos, pero figuran no expediente académico e no suplemento europeo ao título. Na actualidade estanse a realizar dúas convocatorias por parte do Consello Social, unha no mes de febreiro e outra no mes de setembro, e outra convocatoria aberta na que o estudantado pode propoñer novos convenios. A xestión administrativa das mesmas realízase a través do Consello Social, co apoio da unidade administrativa da facultade. A coordinadora da materia e titora académica dos estudantes, é a vicedecana responsable de prácticas externas.

**Análise do perfil real de ingreso/egreso**

No curso académico 2021-22, a "Taxa de Ocupación" (IN12G), definida como a relación porcentual entre a matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN04G), e o número de prazas ofertadas (IN01G), alcanzou un valor moi próximo ao 100% (110 prazas ofertadas e 111 estudantes matriculados por preinscrición), indicando que o proceso de admisión esta a funcionar adecuadamente.

Curso académico	Número de prazas ofertadas (IN01G)	Matrícula (IN02G)	Matrícula de acceso (IN03G)	Matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN04G)	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN05G)	Taxa de ocupación (IN12G)
2017-18	110	681	122	114	+ 11,76	103,64%
2018-19	110	690	122	114	0,00	103,64%
2019-20	110	679	115	108	- 5,26	98,18%
2020-21	110	667	117	111	2,78	100,91%
2021-22	110	648	123	113	1,80	102,73%

En canto á procedencia xeográfica do alumnado matriculado, como se mostra na seguinte táboa, os datos indican que a demanda para cursar o Grao en Veterinaria na USC supera amplamente o ámbito da Comunidade Autónoma (indicadores IN08G e IN09G). A porcentaxe de estudantes procedentes de fóra de Galicia supera o 50% do total do alumnado matriculado e mantense estable nos últimos anos.

Curso académico	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Estudantes nacionais de fóra de Galicia (%) – (IN09G)	49,49	50,14	50,96	49,78	49,54
Estudantes estranxeiros (%) – (IN08G)	2,79	3,48	4,12	3,90	3,40
Estudantes de Galicia (%)	47,72	46,38	44,92	46,32	47,06

Os criterios de admisión de estudantes para o acceso ao ensino superior están definidos na Orde do 24 de marzo de 2011 que regula as probas de acceso aos ensinos oficiais de grao, e no proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG nº66 do 24 de abril de 2011), regulado pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG - <http://ciug.gal/>) que aplica os criterios de adecuación e ponderación das diferentes modalidades de acceso ao perfil dos diferentes graos; estes criterios axústanse perfectamente aos requisitos e perfil de acceso que describe a memoria do noso título de Grao en Veterinaria.

Os valores dos indicadores da nota media de acceso por preinscrición (IN06G) e a porcentaxe de estudantes que acceden ao grao con puntuación igual ou superior a seis (IN07G) no curso 2021-22, foron 12,03 e 100% respectivamente, e reflicten o adecuado nivel formativo do alumnado que accede aos estudos do Grao en Veterinaria. Como se mostra na seguinte táboa, no curso 21-22 mantense un ascenso na nota media de corte, aínda que, moi probablemente, sexa debido aos cambios nas probas da ABAU que se fixeron durante a pandemia.

Nota media de acceso por preinscrición (IN06G)				
2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
11,07	11,04	11,11	11,82	12,03

Sinalar que durante o curso 2021-22 o número de estudantes procedentes de estudos de Formación Profesional mantívose similar aos cursos previos á pandemia, tal como se reflicte no IN04G-Matrícula de novo ingreso por preinscrición (INF. CIUG):

IN04G. Matrícula de novo ingreso	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Adaptación desde plans en extinción		3			
Continuación de estudos (traslado)	2		3	4	
Formación Profesional	24	21	22	31	20

Maiores de 25 anos	1	2	1	2	
PAAU	92	92	85	76	88
Titulados	2	1	2	2	2
Validación parcial de estudos estranxeiros	-	3	2	2	0
Deportes					1
Diversidade funcional					2

Ademais, obsérvase un claro perfil vocacional no alumnado que accedeu ao grao, posto que unha gran maioría elixiu estes estudos en primeira opción. A relación porcentual de estudantes preinscritos en primeira opción e matriculados, sobre o nº de prazas ofertadas (IN10G) foi de 95,45% no curso 2021-22, valor que se mantén moi elevado ao longo do tempo, reforzando a idea do gran interese dos futuros universitarios por cursar estes estudos na nosa Facultade.

Segundo os datos do Ministerio de Educación obtidos da páxina web "¿Qué estudiar y dónde en la Universidad (QEDU)?" o Grao en Veterinaria sitúase, entre todos os graos de Galicia, no posto 3 de 141, e como número 1 de 5 dentro do ámbito de Agricultura, Gandaría e Pesca, o cal é unha boa mostra da súa demanda. Dentro de España e no mesmo ámbito, ocupa o posto 8 dun total de 78 graos.

Outro aspecto que reflicte a coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada, e o perfil real do estudantado matriculado no título, é a baixa taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G) que acadou un valor de 2,41%, lixeiramente inferior aos dos cursos anteriores. O valor da taxa de abandono é significativamente menor que o valor medio deste parámetro no conxunto das titulacións da USC (13,49%). Por outra banda, a taxa de abandono final definida polo RD 1393/2007 (IN41G) baixa tamén con respecto ao curso anterior, e está por debaixo dos valores medios da USC (21,7%). Estas taxas de abandono mantivéronse para o curso 2021-22 por debaixo do 15% establecido como previsión proposta na memoria do título.

Taxas de abandono	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G)	5,81%	0,00%	7,14%	8,43%	2,41%
Taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41G)	15,53%	13,86%	13,73%	10,47%	5,26%

En relación coas taxas de abandono hai que ter en conta ademais que cada ano, aproximadamente o 50% do alumnado de novo ingreso procede de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e constatouse que un certo número, ao longo dos seus estudos trasladan o seu expediente a facultades máis próximas ao seu lugar de orixe, o que incrementa as taxas de abandono, a pesar de que o estudante mantén o seu vínculo co título escollido, o que reflicte a coherencia do perfil de ingreso establecido na memoria.

Finalmente, sinalar que se detectou unha demanda de profesionais veterinarios no sector da produción animal que non está cuberta actualmente, posiblemente polo perfil profesional que escollen os egresados. Neste sentido, en conxunción coas accións de orientación profesional durante a titulación, cómpre facer unha análise das preferencias laborais dos novos estudantes, de xeito que podamos instaurar accións para fomentar a captación dunha porcentaxe de estudantes interesados no sector produtivo, e facer un seguimento do éxito desas accións. Nesta liña de acción, a renovación do vídeo de presentación do título para o programa A Ponte (acción de mellora GrV-AM-29) visibiliza o papel do profesional veterinario nas producións, o que se complementa con visitas a centros de Formación Profesional relacionados co mundo gandeiro, e institutos de educación secundaria, para espertar o interese.

En canto ao perfil de egreso, a taxa de graduación (IN37G) situouse no 82,89 % no curso 2021-22, subindo con respecto aos cursos anteriores, o que parece demostrar o efecto da pandemia, e as consecuencias da avaliación telemática dos contidos de diferentes materias do grao; sen esquecer que tamén puido contribuír o feito de que o estudantado tivera máis tempo para o estudo, ao ter anuladas ou limitadas as posibilidades de traballar ou asistir a prácticas, reunións sociais, etc... Nos cursos posteriores debemos comprobar se este valor estaba condicionado pola situación excepcional que supuxo a adaptación docente á pandemia, ou que recuperamos valores previos á instauración do grao. Ademais case se triplica o obxectivo marcado na memoria do Grao, onde se establecía nun mínimo do 30%. Este valor sitúase xa por encima dos obtidos na antiga Licenciatura en Veterinaria, o cal dá mostra do razoable avance do grao, e a efectividade da docencia impartida, posto que unha boa parte do profesorado e infraestruturas son as mesmas. Porén, é unha demanda de todas as Facultades de Veterinaria de España, diante do Ministerio de Educación, a necesidade de contar con 30 ECTS adicionais aos 300 actuais, que permitirían desenvolver a formación práctica preprofesional do último semestre sen afectar ao resto do programa formativo nos 9 semestres anteriores; non hai dúbida de que a comprensión á que hai que someter os contidos de tódalas materias por

esta causa afecta á progresión dos estudantes, e por tanto aos valores que se desprenden deste indicador.

IN37G	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (%)	52,43	56,44	67,65	70,93	82,89

A taxa de éxito dos egresados (IN50G) ten un valor de 88,01 % no curso 2021-22. Obsérvase que os valores volven ser similares aos dous cursos previos á pandemia. No curso 2019-20 apreciamos unha baixada que, novamente, cremos que se debe a que remataron o grao un número maior de estudantes que xa levaban varios anos matriculados, e que fixeron que empeorase este indicador, que xa mellorou no curso 2020-21, e aumentou máis neste curso.

Os datos de inserción laboral indican que o 87,5% dos nosos egresados teñen un contrato como titulados, e o 64,3% teñen un contrato indefinido e, a taxa de afiliación á seguridade social é do 81,5% ao 4º ano despois da súa graduación (QEDU). Estes datos son comparables cos obtidos a nivel nacional, que indican que o 69% dos veterinarios graduados no curso 2015-16 no 2020 tiñan un contrato indefinido, e unha taxa de afiliación á seguridade social do 75% (QEDU).

A posta en marcha dun Comité Consultivo de axentes externos, como órgano de asesoramento establecido no SGC, pode ser unha vía para comezar esta prospección de cara a mellorar o éxito laboral dos nosos titulados. Os membros deste Comité Consultivo proveñen de distintos ámbitos do exercicio da profesión veterinaria e estase a desenvolver un programa de sesións divulgativas por parte destes profesionais para dar a coñecer aos grupos de interese o amplo rango de saídas profesionais desta titulación, o cal pode fomentar a inserción laboral, e o éxito profesional, dos nosos egresados.

#### Os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria

Os resultados da aprendizaxe, tal e como reflicte a Memoria do Grao en Veterinaria, así como os diferentes informes de seguimento do título, avalíanse a través das competencias asignadas: Xenéricas, Disciplinares, Profesionais, Académicas e Transversais.

As actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación están debidamente explicados nas guías docentes das materias do Grao. Nelas enuméranse todas as competencias asignadas a cada materia, o temario, desenvolvemento práctico e sistema de avaliación empregado, axustándose razoablemente ao obxectivo da súa adquisición. Antes de finalizar o Curso Académico, e en previsión do seguinte, cada Guía Docente é revisada polo profesorado implicado, e posteriormente pola Comisión de Grao – que verifica a coherencia do seu contido en relación co establecido na memoria de verificación do título e cos criterios establecidos en Xunta de Facultade e, de ser o caso, indica aos profesores a relación de correccións necesarias –, aprobada polo Departamento correspondente e remitida ao Centro para a súa aprobación en Xunta de Facultade.

Nas reunións de valoración semestral revísanse, entre outros aspectos, a adquisición por parte do alumnado das competencias características do título, que se corresponden coas profesionais ou tamén chamadas “Competencias a día 1” (Day-1 skills), esixidas pola EAEVE. Ademais, os resultados da aprendizaxe que se analizan nas reunións de valoración semestrais téñense en conta de cara á revisión e mellora do plan de estudos. Moitas das modificacións relacionadas coa reorganización das horas dedicadas ás diferentes actividades formativas solicitadas, e xa aprobadas, no curso 2021-22 xurdiron das valoracións semestrais do 2020-21.

Os indicadores utilizados para a consecución da acreditación internacional do título serven tamén como instrumento para avaliar a idoneidade da docencia para acadar as competencias do grao. Todos os indicadores referentes a número de prácticas, prácticas clínicas e prácticas de seguridade alimentaria e saúde pública (I4, I5 e I6) son superiores ao valor mínimo requirido, e tamén do valor medio do indicador para todas as facultades asociadas. O número de casos intra- e extramuros de animais de compañía, ruminantes, porcos, cabalos e outras mascotas (I8-I16) tamén está por riba dos valores mínimos, igual que o número de necropsias de animais de compañía, cabalos e outras mascotas (I17, I19 e I20). Dous indicadores proporcionaron valores negativos con respecto á referencia de 2019: as prácticas extramuros de seguridade e calidade alimentaria e saúde pública (I7) e as necropsias de ruminantes e porcos (I18). Estes indicadores foron prexudicados pola situación de pandemia que impediu, entre outras actividades, a entrada en matadoiros e a organización de prácticas en granxas. Implementáronse unha serie de medidas para incrementar o valor destes indicadores, incluíndo a modificación dalgunhas actividades docentes e acordos con empresas destes sectores para mellorar a formación.

Dispoñemos dalgunhas taxas que axudan a estimar os resultados da aprendizaxe, e que xa estaban recollidas na memoria de

verificación to título, na que se escolléronse como indicadores dos resultados de aprendizaxe a taxa de graduación, a taxa de abandono, a taxa de eficiencia, a taxa de éxito e a duración media dos estudos.

A taxa de éxito (IN35G) cun valor de referencia na memoria do título do 75%, mostra de maneira constante valores promedio para a totalidade do grao por riba do 80%, e nos cursos 2020-21 e 2021-22 volvemos a ter valores similares aos cursos previos á pandemia. O 2019-20, excepcionalmente, tiñamos unha porcentaxe por riba do 95%, coa sospeita de que se debeu á realización dos exames de forma telemática por mor da crise sanitaria e o confinamento, sen esquecer a maior dispoñibilidade de tempo para o estudo; o que parece apoiado polo feito de que os valores da taxa volveron a niveis pre-pandemia:

IN35G	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (%)	82,76	83,05	95,84	82,57	81,27

A taxa de rendemento (IN34G) seguiu un curso ascendente alcanzando valores máximos do 81% no 2015-16, e dende o curso 2016-17 estabilizouse cun promedio para o grao próximo ao 79%. O curso 2019-20 observamos un importante incremento que se atribuíu á adaptación académica á pandemia do COVID-19. Neste curso atopámonos cun nivel parecido aos valores pre-pandemia, probablemente como corrección ao valor anormalmente alto do curso 2019-20:

IN34G	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (%)	77,69	78,51	93,38	78,06	76,35

Finalmente a taxa de avaliación (IN36G) ten promedios para a totalidade do título por encima do 90%, volvendo a valores similares aos dos cursos previos ao 2019-20, Consideramos que os resultados son certamente satisfactorios:

IN36G	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (%)	93,88	94,53	97,43	94,54	93,95

Estas taxas están, sen dúbida, influídas polas metodoloxías docentes e de avaliación, destacando o recoñecemento pola USC da innovación docente realizada no noso centro, segundo a convocatoria de 2022, no que se recoñece a innovación docente dende o 1 de xaneiro de 2020 ao 30 de outubro de 2022.

#### **Información sobre satisfacción, necesidades, expectativas e queixas e suxestións dos grupos de interese.**

En relación cos egresados, non hai datos do nivel de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42G) desagregados para o Grao en Veterinaria (INF. 09) no curso 2021-22.

A satisfacción do alumnado mantense con valores medios nas enquisas de satisfacción desde o curso 2016-17 por riba de 4 puntos, sobre un máximo de 5, para alcanzar o nivel máis alto no curso 2018-19 con 4,28 puntos. No presente curso temos un pequeno descenso ata o 4,07, niveis similares aos do ano da pandemia, sendo interesante comprobar en futuros cursos se é unha flutuación puntual, ou pode supoñer un cambio de tendencia (. 46G). A porcentaxe de respostas foi do 30,48% neste curso, feito que temos que ter en conta, porque as actividades comezadas no curso 2017-2018 encamiñadas a fomentar o compromiso do alumnado coa calidade da titulación, mediante a participación nas enquisas de satisfacción, realizáronse tamén nos cursos 2020-21 e 2021-22.

A satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas (IN19G) é máis que notable, e no presente curso ten unha puntuación de 4,37 (INF.06), superior á que temos na docencia do grao, estando entre os primeiros postos da USC.

Neste curso recolléronse por primeira vez os datos de satisfacción coas actividades postas a disposición dos estudantes no laboratorio de habilidades clínicas, que acadou un valor global de 4,64 nunha escala de 1 a 5 (todos os módulos nun rango de 4,3-4,9), cunha taxa de participación do 73,5% dun total de 245 visitas.

En canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida acádase un valor de 4,31 sobre 5, lixeiramente superior á do ano anterior (IN47G). A valoración global da satisfacción do profesorado coa titulación tivo un valor de 3,99 sobre 5 (INF.23), cunha participación do 39,53%, no curso 2021-2022, con cifras similares ás do curso pasado, pero cun descenso da participación.



A satisfacción doutros grupos de interese engloba, como un colectivo de especial importancia, aos titores profesionais en relación cos programas de prácticas externas. A satisfacción deste colectivo de titores externos (IN20G) mantense por riba de 4 sobre 5 nos últimos cursos, alcanzándose no presente curso 2021-22 o valor máis alto con 4,62 puntos sobre 5, que pode considerarse un valor óptimo, aínda que a participación na enquisa foi do 11,05% (INF.07).

IN20G	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	4,30	4,40	-	4,53	4,62

No relativo a queixas e suxestións de acordo co establecido no manual do SGC, proceso PS-05, na páxina web da facultade existe un formulario para que os usuarios (calquera membro da USC) poidan facer chegar calquera tipo de suxestión ou reclamación, como xa se mencionou anteriormente: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria> (Queixas e suxestións).

As reclamacións e suxestións recibidas por esta vía directamente no decanato durante o curso 2021-22, describíense na seguinte táboa, na que se recolle tamén a temática e a resolución das mesmas, segundo os datos proporcionados polo secretario da Facultade:

Código/ Data	Tipo	Área involucrada	Estado	Motivo	Resultado
FV_2022_01 18/01/2022	Suxestión	Espazos facultade	Pechada	Solicitar máis iluminación e enchufes na sala de estudo	Estimada: enviouse resposta e estableceuse un método para acender as luces segundo necesidades
FV_2022_02 18/01/2022	Suxestión	Espazos facultade	Pechada	Solicitar calefacción na sala de estudo	Estimada: enviouse resposta escrita e falouse coas estudantes que presentaron a suxestión e deron por boas as explicacións
FV_2022_03 24/01/2022	Suxestión	Espazos facultade	Pechada	Problemas por rúidos de obra na Sala de estudio	Estimada: enviouse resposta e falouse coas estudantes que presentaron a suxestión e deron por boas as explicacións. Proporcionáronse locais alternativos para eses casos
FV_2022_04 24/01/2022	Reclamación	Notas exame	Pechada	Falta de privacidade: comunicación de resultados.	Estimada: falouse coa estudante e comprobouse que a publicación cumpría a normativa establecida
FV_2022_05 05/03/2022	Suxestión	Espazos facultade	Pechada	Período de poda de árbores	Estimada: trasladouse a información aos responsables
FV_2022_6 07/06/2022	Reclamación	Nota materia	Pechada	Reclamación nota	Estimada: modificada nota materia
FV_2022_7 20/07/2022	Suxestión	TFG	Pechada	Duración quenda de preguntas tribunais	Estimada: trasladouse aos tribunais a necesidade de non exceder o tempo acordado para a quenda de preguntas
FV_2022_8 25/08/2022	Suxestión	Táboas SICUE	Estimada	Revisión de acordo SICUE.	Estimada: procedeuse á revisión do acordo SICUE

Ademais, dentro do alcance do sistema de xestión de calidade, está contemplado o tratamento das queixas, suxestións e recursos administrativos tramitados na OAR (Oficina de Análise e Reclamacións). Segundo a información proporcionada pola OAR, durante o curso 21-22 presentáronse 9 recursos administrativos en materia de xestión académica relativos ao Grao en Veterinaria, todos eles referentes ao tema do recoñecemento de estudos, con diferente resultado tal como se detalla na seguinte táboa:

Recursos presentados na OAR relativos á Facultade de Veterinaria, curso académico 2021-22	9
Grao en Veterinaria: recoñecemento de estudos	9
Non admitidos	2
Desestimados	4
Estimados parcialmente	2
Estimados	1

Ademais, segundo información da OAR tamén se mencionan 40 queixas relativas á prestación do servizo de educación superior, relacionadas co grao en veterinaria, coa temática que se detalla na seguinte táboa:

Grao en Veterinaria	40
Bibliotecas	36
Aulas e instalacións	1
Información Académica-OIU	1
Información Varia	1
Varios	1

Das 40 queixas presentadas relativas ao grao en Veterinaria solo 2 foron estimadas.

## 2.2. Máster en Xenómica e Xenética (MXX):

O Máster Universitario de Xenómica e Xenética é un máster interuniversitario (USC e UVIGO) coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela. Debido ao seu carácter interuniversitario, faise imprescindible unha boa coordinación do estudo para o seu correcto desenvolvemento. Así, en cada unha das Universidades existe unha comisión académica do Máster (CAM) e, para a coordinación, hai unha Comisión Interuniversitaria de Coordinación do Máster (CCM) onde participan membros de ambas as comisións académicas (os coordinadores e secretarios académicos das dúas universidades e o coordinador de área externa). A composición destas comisións atópase dispoñible na web propia do estudo (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/aprobacion-do-máster>). Desde os inicios sempre se mantivo unha comunicación constante e fluída desde as CAM e a CCM cos coordinadores de cada materia, de cara a deseñar os contidos das materias evitando duplicidades e baleiros.

A CAM da USC do MXX, conxuntamente coa CAM da UVIGO e a CCM, analizaron o desenvolvemento e resultado do estudo durante o curso 2021-2022 no informe de seguimento ([4316711\\_Informe\\_Seguimento MXX\\_2021\\_22.pdf](#)) que se aprobou pola CCM en abril de 2022.

A supervisión do **cumprimento do establecido na Memoria Verificada do Título (MVT)** corresponde ás diferentes comisións de ambas as universidades e, en última instancia, á CCC. O plan de estudos para o curso 2021-2022 (carto ano de implantación) realizouse de acordo á memoria de título sen detectarse incidencias relevantes. De igual modo que nas súas edicións anteriores, no curso 2021-2022 ofertáronse todas as materias que se incluíron na memoria de verificación, engadíndose dende o curso 2020-2021 a materia "AG6. Compostos bioactivos en Plantas e a súa Xenética (P2201219)" na especialidade de "Aplicacións Xenéticas", e suprimíndose a oferta da materia optativa "AG2. Diagnóstico molecular de enfermidades e pragas de especies vexetais cultivadas (PP2201210A)", que realizaba as súas sesións de teoría e práctica na Estación Fitopatolóxica de Areeiro (Pontevedra), debido a problemas organizativos por xubilación de varios dos seus docentes, e o número reducido de estudantes que a elixían. O desenvolvemento das actividades académicas, metodolóxicas, e os sistemas de avaliación e cualificación tamén se corresponden cós establecido na memoria, tal e como se pode comprobar consultando as guías docentes publicadas na web propia do Máster e nas webs de cada universidade implicada:

<https://www.mastergenomicaygenetica.com/programa>

<https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-salud/master-universitario-genomica-genetica>

<http://bioloxia.uvigo.es/es/estudios/master-en-genomica-y-genetica/>

A docencia impártese na Facultade de Veterinaria de Lugo (USC), na Facultade de Bioloxía da USC, e na Facultade de Bioloxía da UVIGO. Ademais, colaboran activamente centros de investigación do CSIC, o Instituto Español de Oceanografía e o Instituto de Investigación Sanitaria (IDIS-CHUS), ben impartindo docencia e/ou acoollendo estudantes para a realización das prácticas en empresa (PE) e/ou o traballo de fin de Máster (TFM).

O Máster oferta 30 prazas en total, 15 por Universidade e impártese dende o curso 2020-2021 exclusivamente na modalidade presencial. Todos os estudantes asistiron presencialmente ás prácticas de Técnicas de análise xenética (Código Materia USC: P2201106) e aos exames. Así mesmo, as PEs e TFM son presenciais. A Comisión valora positivamente o establecido, xa que permite a consecución das competencias.

Un aspecto que se valora moi positivamente dende a Comisión Interuniversitaria do Máster é que todo o alumnado, e os docentes, utilizan o mesmo Campus Virtual da USC. Para iso, tanto o alumnado e profesores da UVIGO, como os docentes de área externa, recibe un correo electrónico da USC (xa que é a universidade coordinadora) e toda a documentación das clases, e os avisos xestiónanse conxuntamente dende ese campus virtual. Esta ferramenta foi moi útil para a xestión da docencia nos diferentes escenarios docentes provocados pola pandemia de COVID-19. O desenvolvemento da docencia para o curso 2021-2022 realizouse sempre seguindo as indicacións sanitarias e protocolos derivados dos diferentes escenarios derivados da pandemia. Debido a que o Máster é interuniversitario emprega a plataforma MS Teams, as clases desenvolvéronse con total normalidade, creándose equipos nesta plataforma para cada unha das disciplinas, compostos polos seus docentes e estudantes matriculados nelas. Isto posibilitou o desenvolvemento normal do estudo nos tres Campus e o traballo dos estudantes e docentes que estiveron baixo confinamento sanitario. As PEs e TFM realizáronse de xeito presencial nos diferentes departamentos universitarios, centros de investigación e empresas, grazas a que durante os meses de marzo a xullo de 2022 practicamente xa non houbo restricións á mobilidade producidas pola COVID-19. Ademais, en todas as disciplinas introduciuse un **plan de continxencia común** no punto de "observacións" que se indica a continuación:

Os obxectivos, contidos, planificación, metodoloxía e avaliación mantéñense idénticos aos da modalidade presencial (escenario 1) no caso de que exista unha restrición parcial (escenario 2) ou total (escenario 3) á presencialidade. Para os escenarios 2 e 3, realizaranse as sesións de maneira virtual, no horario programado para a materia, utilizando as ferramentas dispoñibles na USC como son o Campus Virtual e o programa Microsoft Teams que permiten a realización de video-conferencias e gravacións. No escenario 2 as avaliacións realizaranse de maneira presencial, mentres que serán online para o escenario 3.

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

O **perfil real de ingreso** correspóndese cos requisitos fixados na MVT. O alumnado que accedeu ao Máster por primeira vez na USC procedeu maioritariamente do grao ou licenciatura de Bioloxía (9/13), mentres que dous estudantes proviñeron do Grao en Biotecnoloxía, unha do Grao en Veterinaria e outra do Grao de Bioquímica (ver información I2 en [4316711\\_Informe\\_Seguimento\\_MXX\\_2021\\_22.pdf](#)). Pola súa banda, na UVIGO procedeu na súa maioría do grao ou licenciatura en Bioloxía (oito estudantes). Tamén houbo unha estudante do grao en Ciencias Experimentais. Todos eles entran nas titulacións preferentes que dan acceso ao Máster. A nota media de acceso ao Máster estivo por riba de 6,75 en ambas as universidades (indicador IN06M; media USC= 7,57; media UVIGO= 6,77), manténdose con respecto aos valores dos tres primeiros cursos (medias na USC = 7,63 (2018-2019), 7,44 (2019-2020), 7,05 (2020-2021); medias na UVIGO= 7,25 (2018-2019), 7,40 (2019-2020), 7,48 (2020-2021)). Estes valores indican que o Máster é capaz de captar bos estudantes. En canto ao **perfil de egreso e a consecución dos resultados previstos** na MVT, considérase que os estudantes adquiren as competencias recollidas na memoria. As taxas de avaliación (IN36M), rendemento (IN34M) e éxito (IN35M) foron moi elevadas en ambas as universidades (> 85 %), manténdose nos valores obtidos nos cursos previos.

Con respecto ao **grao de satisfacción** do estudantado coa Planificación e Desenvolvemento do ensino, os valores na USC foron moi elevados (4,47/5, indicador IN46M), superando o dos dous cursos iniciais (3,85 para o curso 2018-2019 e sen datos para o curso 2019-2020), e sendo moi parecido ao do curso anterior (4,71/5 para o curso 2020-2021). Para a UVIGO, a satisfacción tamén foi elevada (3,75/5) en sintonía cos valores da USC, e superando aos das dúas edicións previas (3,17 para o curso 2019-20 e 3,05 para o curso 2018-2019), sendo practicamente idéntico á valoración do curso 2020-2021 (3,81/5). Ademais, os estimadores que fan referencia a aspectos da organización docente (carga de traballo do estudante, calendario de exames, equilibrio entre contido teórico e prácticos) tiveron uns valores moderados-altos (todos os estimadores > 3,00/5) aínda que foron xeralmente inferiores aos obtidos no curso 2020-2021 (ver 4316711\_INF.22\_2021-2022). Por tanto, a Comisión de Coordinación considera que as accións desenvolvidas para mellorar

a carga de traballo son positivas, aínda que se van realizar axustes na organización do calendario, correspondendo cunha das melloras propostas para o curso 2022-2023, que se verá reflectida no horario do curso 2023-2024. O alumnado ten á súa disposición antes do comezo do curso os horarios das clases e dos exames. A elaboración deste calendario supón un gran esforzo aínda que se pretende mellorar de cara ao curso 2023-2024 xa que o estudo conta cunha aula propia de impartición en cada un dos tres centros onde se realiza a docencia.

O grao de satisfacción xeral dos egresados (IN42M) foi elevado en ambas as universidades (> 3,50), sendo o valor na USC de 3,55/5. Pola súa banda, o profesorado tamén mostrou un elevado grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino, cuns valores de satisfacción coa docencia impartida (IN47M) elevados (4,51/5) e similares aos obtidos nos cursos anteriores. Ademais, o grao de satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas (PEs) (IN20M) foi próximo ao máximo (4,50/5), e similar ao obtido nos cursos previos 2018-2019 (curso 2018-2019 = 4,57/5; sen datos para o curso 2019-2020; curso 2020-2021 = 4,33/5). Desgraciadamente non se tiveron valores para o grao de satisfacción dos titores académicos (IN21M). A pesar disto, as notas dadas polos titores (que se realizan de xeito conxunto entre os titores externos e académicos) foron moi elevadas (todas > 8,00; o 95 % das mesmas > 9,10), indicando que aproban o desenvolvemento desta actividade e o traballo realizado polo alumnado, ademais da organización levada a cabo polas Comisións do Máster.

---

**Accións de mellora e puntos a destacar en relación á directriz 2:**

**Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
  - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
  - Admisión do alumnado (acción de captación).
  - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
  - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
  - Mobilidade.
  - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
  - Avaliación da aprendizaxe
  - Prácticas externas.
  - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
  - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os procedementos que rexen a organización dos procesos de ensino/aprendizaxe e avaliación ao longo da vida académica do alumnado sintetízanse en diversos procesos clave do SGC da Facultade de Veterinaria: PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-03, Apoio aos estudantes; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas.

Na web da Facultade de Veterinaria recóllense os desenvolvementos específicos de normativas ou regulamentos para o centro ou cada unha das titulacións (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria>). Ademais, está o marco normativo que regula os procedementos e condicións formais para o acceso, progresión e terminación dos programas formativos, mediante normativas e regulamentos aprobados polo Consello de Goberno da USC.

Cada ano as comisións de título analizan o desenvolvemento destes procesos e os indicadores que dan conta dos resultados e da satisfacción asociados ao ensino, aprendizaxe e avaliación en cada unha das titulacións. A continuación sintetízanse as conclusións destas análises, extraídas dos informes de resultados das correspondentes titulacións.

**3.1. Grao en Veterinaria**

**Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)**

Dado que Veterinaria é unha profesión regulada, o perfil formativo do título debe rexerse por unha normativa específica que condiciona o plan de estudos. A Memoria do Grao en Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela foi elaborada segundo as indicacións da ORDE ECI/333/2008, do 13 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da Profesión Veterinaria, e obtivo a Verificación positiva do Ministerio de Educación o 2 de xullo de 2010 conforme se adecuía ás previsións do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, agora derogado polo Real Decreto 822/2021 de 8 de setembro, que require unha modificación substancial do grao a realizar no 2023-2024. O Consello de Universidades, a través da súa Comisión de Verificación e Acreditación, renovou a acreditación do título universitario oficial de Graduado/a en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela durante o ano 2017 segundo a normativa vixente, unha vez analizado o informe favorable emitido pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Esta proposta adáptase plenamente ao disposto na Directiva Europea 2005/36/CE, trasposta á normativa española no RD 1837/2008, que regula os estudos de Veterinaria na contorna da Unión Europea, a cal esixe que os Plans de Estudo teñan unha duración mínima de 5 anos, durante os que se teñen que cursar, obrigatoriamente, toda unha serie de materias dos tres perfís profesionais (Ciencias Clínicas e Sanidade Animal, Produción Animal, así como Hixiene, Tecnoloxía e Seguridade Alimentaria). Desde a implantación do título, a Directiva Europea 2005/36/CE foi levemente modificada por unha nova Directiva Europea 2013/55/UE, cuxo contido se traspuxo á lexislación española no RD 581/2017.

Durante o curso 2021-22, aplicáronse todas as normativas segundo o establecido, o que permitiu resolver as diferentes cuestións expostas polo alumnado sen que houbera incidencias destacables. Os estudantes teñen acceso a toda a normativa a través da páxina web da Universidade, e a do propio Centro, e dispoñen de información máis específica daquelas que consideramos fundamentais e que son as normativas de: [Admisión](#), [Permanencia](#), [Avaliación do Rendemento Académico](#), [Prácticas Tuteladas](#) e [Traballo Fin de Grao](#).

A normativa que rexe as materias do décimo semestre, momento en que os estudantes deben realizar o rotatorio clínico hospitalario e as prácticas tuteladas (prácticas externas curriculares obrigatorias), é a máis restritiva en canto aos requisitos no número de créditos superados necesario para poder matricularse nelas, e a incompatibilidade de cursar simultaneamente ningunha outra materia en primeira matrícula, xa que se consideran “materias a tempo completo”. O posible atranco que estas normas poderían supoñer para a adecuada progresión dos estudantes, motivou que no noso grao se inclúa un undécimo semestre cuxo contido é exactamente o mesmo do décimo. Desta forma, aqueles estudantes que, por diversas circunstancias, non poidan completar a totalidade das materias nos exames de xuño-xullo, poden empregar este undécimo semestre para graduarse no ano natural que lles corresponde, sen ter que consumir todo un curso académico adicional.

A tramitación das solicitudes de recoñecemento non é un procedemento académico que se xestione de inicio a fin na Facultade de Veterinaria. Os estudantes presentan as súas solicitudes na UXA e, dende alí, polos medios establecidos (aplicación FLEXIA) pídesse informe ao centro.

As solicitudes clasifícanse en:

- Estudantes procedentes doutras titulacións da USC.
- Estudantes procedentes dun Grao en Veterinaria doutras facultades do estado español.
- Estudantes procedentes doutras titulacións a nivel estatal.
- Estudantes procedentes de estudos iniciados fóra de España, maioritariamente da titulación de veterinaria de universidades iberoamericanas.

No organigrama da Facultade de Veterinaria non existe unha Comisión de Validacións, sendo a Xunta de Facultade ou, no seu caso, a Comisión Permanente, quen asume esta competencia. Así pois, as solicitudes recibidas no Centro remítense aos coordinadores das materias obxecto de recoñecemento, que son os responsables de emitir un informe motivado; este é vinculante para a decisión que se tome, tras a súa valoración pola Comisión do Grao en Veterinaria. De existir antecedentes, para solicitudes sucesivas aplícase o mesmo criterio das informadas previamente. Para o alumnado procedente de Facultades de Veterinaria de España empréganse as táboas de equivalencia entre o Grao en Veterinaria da USC e a mesma titulación noutras universidades elaboradas pola Conferencia de Decanos.

No curso 2021-22 tramitáronse os expedientes de recoñecemento de estudos de 23 estudantes (ver documento anexo E6):

- 7 estudantes procedentes do Grao en Veterinaria iniciado noutras facultades de España
- 1 estudante procedente da Licenciatura en Veterinaria da USC
- 8 estudantes procedentes doutros Graos da USC
- 4 estudantes procedentes doutros Graos iniciados en facultades fóra da USC
- 3 estudantes procedentes dunha titulación iniciada nunha Universidade estranxeira

Para o noso título non se pode establecer recoñecemento de créditos procedentes de Ciclos Superiores de Formación Profesional por créditos obrigatorios, xa que ao tratarse dunha Profesión Regulada aplícase o Art. 6 punto 4 do Real Decreto 1618/2011, que, neste caso particular, impide o recoñecemento dos devanditos créditos, ao non responder as condicións esixidas para garantir a cualificación profesional necesaria. Sen embargo estudíase a posibilidade de recoñecemento de créditos optativos.



**Admisión do alumnado (acción de captación)**

Un bo indicador do interese do Grao é a “Taxa de Preferencia da Titulación”, definido como a relación porcentual entre o número de estudantes que elixen un grao en primeira opción, e o número de prazas ofertadas nese grao. Como se mostra na seguinte táboa, segundo os datos publicados polo Ministerio de Educación y Formación Profesional, o Nivel de Preferencia da Titulación no Grao de Veterinaria da USC mantense moi elevado ao longo dos anos, con tan só pequenas variacións, e moi superior ao valor medio do total de titulacións da USC (260,3%).

Facultade de Veterinaria -Universidade de Santiago de Compostela			
Curso académico	Número de prazas ofertadas	Preinscritos en primeira opción	Taxa de preferencia da Titulación (Indicador de Demanda)
2017-18	110	549	499,09%
2018-19	110	553	502,73%
2019-20	110	512	465,50%
2020-21	110	730	663,60%
2021-22	110	642	583,6%

(fonte: <https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/estadisticas.html>)

A vixencia do interese científico e profesional da titulación de Veterinaria está avalada polo [documento marco da Federación Europea de Veterinarios \(FVE\)](#) acerca da estrutura profesional veterinaria, o recoñecemento por parte da [Organización Mundial da Saúde \(OMS\)](#) do Veterinario como profesional sanitario, o recoñecemento que a [Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e Agricultura \(FAO\)](#) fai do Veterinario como profesional agrario, así como a insistencia da [Organización Mundial de Sanidade Animal \(OIE\)](#) no fortalecemento dos servizos veterinarios oficiais.

De acordo con estes avais, o profesional veterinario perfílase como un elemento clave no armazón sanitario e agrario de calquera sociedade, podendo desenvolver o seu traballo en diferentes niveis do sector público e privado.

En abril de 2015 a FVE publicou unha macroenquisa realizada sobre 13.000 veterinarios en 24 países da UE, que permite comparar os datos demográficos, o mercado de traballo, e os indicadores financeiros da profesión veterinaria en Europa (<https://www.fve.org/publications/survey-of-the-veterinary-profession-in-europe/>). Unha das súas conclusións finais recollidas no sumario desta publicación afirma que, no futuro, serán necesarios máis profesionais veterinarios nas áreas de benestar animal, control de enfermidades e medioambiente, así como para cubrir as crecentes demandas dos propietarios de animais de compañía e animais exóticos.

En 2022, un comunicado conxunto da FVE e a CPME (Standing Committee of European Doctors) (<https://fve.org/publications/european-doctors-and-veterinarians-reaffirm-their-partnership-on-one-health/>), destaca a importancia da colaboración entre profesionais médicos e veterinarios fronte ás crecentes ameazas transfronteirizas, como a propagación de enfermidades zoonóticas infecciosas e o aumento da resistencia aos antibióticos, máxime coa recente aparición da pandemia por Covid-19. A colaboración entre ambos profesionais é esencial para responder adecuadamente a estes desafíos globais.

Aínda que é evidente que, ata o de agora, non hai un problema de demanda do grao, desenvóléronse igualmente unha serie de accións de captación, canalizadas principalmente a través do [programa A Ponte](#), tales como a participación nos encontros con orientadores e estudantes ou as charlas de divulgación impartidas por profesores desta facultade, e do [Campus de Veran XuvenCiencia](#), que inclúe diversas actividades dirixidas a estudantes e profesores de bacharelato. Cada ano, o plan de captación recolle as accións previstas para o curso seguinte, o cal se elabora considerando o informe de accións executadas neste curso.

Finalmente, sinalar que se detectou unha demanda social de profesionais veterinarios no sector de produción animal que non está cuberta actualmente, posiblemente polo perfil profesional que escollen os egresados. Neste sentido, en conxunción coas accións de orientación profesional durante a titulación, estableceuse unha acción de mellora para a análise das preferencias laborais dos novos estudantes (GrV-AM-29), de xeito que podamos instaurar accións para fomentar a captación dunha porcentaxe de estudantes interesados no sector produtivo, e facer un seguimento do éxito desas accións e das de orientación laboral ao longo da titulación. Nesta

liña de acción, a renovación do vídeo de presentación do título para o programa A Ponte (acción de mellora GrV-AM-29) visibilizará o papel do profesional veterinario nas producións; asemade, contéplase facer visitas a centros con formación relacionada co mundo gandeiro e institutos para espertar o seu interese no Grao en Veterinaria.

### **Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional**

#### *Orientación académica*

A Facultade de Veterinaria conta con diferentes persoas e estruturas organizativas que, xunto cos servizos centralizados na Unidade de Xestión Académica do Campus, permiten unha atención personalizada aos estudantes en calquera momento do proceso formativo.

Estas figuras son:

- Decano do Centro
- Vicedecanato de Calidade; Vicedecanato de Ordenación Docente; Vicedecanato de Prácticas Externas, Relacións Institucionais e Mobilidade
- Secretaría do Centro
- Unidade de Apoio á Xestión
- Coordinadora do Grao
- Coordinadores/as de semestre
- Coordinadores/as de prácticas tuteladas
- Alumnos/as tutores

Os servizos de orientación académica recollense no [Plan de Acción Tutorial](#) do centro e, aínda que os estudantes o utilizan en calquera momento do seu proceso formativo, cobran especial importancia no primeiro curso, cos estudantes de novo ingreso, para os que o Centro dispón dun plan de acollida e orientación ([Programa de acollida](#)). Así, o primeiro día do curso prográmase unha sesión informativa especial a cargo do equipo decanal, ao que acoden tamén a profesora coordinadora do primeiro semestre e os/as alumnos/as tutores. Nela explícanse os detalles do funcionamento da Facultade, as orientacións xerais do plan de estudos, as diferentes normativas, facendo especial fincapé nas normativas de permanencia e avaliación do rendemento académico, nos consellos sobre matrícula, nos mecanismos de atención a necesidades educativas especiais, etc., e faise un percorrido sobre a páxina web da Facultade indicando onde se atopa toda a información. Para finalizar, explícaselles a quen poden recorrer ante calquera necesidade de orientación, resaltando especialmente a figura da profesora coordinadora do primeiro semestre e dos/as alumnos/as tutores.

Actualmente, no primeiro curso, o centro tamén aplica un protocolo de prevención do abandono con aqueles estudantes considerados en risco de abandono potencial (estudantes de 1º curso de nova matrícula que non superan ningunha materia do primeiro semestre, segundo listado remitido pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP)). Con estes estudantes lévase a cabo un protocolo de tutorización, orientación e seguimento individualizado para avaliar e corrixir, na medida do posible, as causas potenciais do baixo rendemento académico. Este protocolo de prevención presenta un problema importante que é o retraso co que se reciben os datos da ACPM, xa que adoita ser moi tarde no segundo semestre, non deixando tempo para implementar medidas de corrección da situación para cada estudante. Por este motivo, desenvolveuse un protocolo propio de detección de estudantes en risco de abandono, sen ter que esperar á comunicación centralizada destes datos.

#### *Orientación Profesional*

Desde o curso 2014-15, o Centro organizou unhas Xornadas de Orientación Laboral dirixidas principalmente a estudantes dos últimos cursos do Grao. Ademais contamos tamén coa participación do persoal responsable da área de Orientación Laboral e Emprego do Campus de Lugo, que lles informa sobre o modo de preparar un currículo, ou de afrontar unha entrevista de traballo, e da Área de Orientación Laboral e Emprego da USC (<https://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/>).

No curso 20-21 iniciáronse as charlas “Apaixonad@s pola Veterinaria” nas que os membros do Comité Consultivo Externo e outros profesionais veterinarios con dedicación en diversos ámbitos da profesión presentan aos nosos estudantes diferentes alternativas de desenvolvemento profesional.

#### *Mobilidade*

A proporción de estudantes propios que deciden participar en programas de mobilidade baixou nos anos da pandemia (IN17G). No

curso 2021-22 o indicador aínda non está dispoñible, pero datos internos do centro mostran que nese curso participaron 30 estudantes en programas de mobilidade fronte aos 15 do ano anterior: 18 no programa ERASMUS vs 4 no curso 20/21, 11 no programa SICUE vs 10 no curso 20/21 e 1 nos convenios bilaterais, o que indica que volvemos á situación anterior á pandemia, xa que isto representa un 4,7% dos estudantes matriculados.

IN17G	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (%)	4,11	4,06	-	-	-

Se se desexa consultar os destinos e/ou procedencias do estudiantado, están dispoñibles no [informe de seguimento do Grao en Veterinaria](#).

No caso do alumnado alleo que nos visita, a porcentaxe volve de novo aos datos pre-pandemia (IN18G):

IN18G	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (%)	3,38	2,61	3,09	1,95	3,40

A enquisa de satisfacción coa mobilidade dos estudantes saíntes coa mobilidade (IN15) dá un valor de 5 sobre 5. Sen embargo, debe terse en conta que o recuento de enquisas respondidas foi soamente de 1.

Cabe considerar as mesmas razóns expostas nos informes anteriores, que poden axudar a entender estas porcentaxes tan baixas; lamentablemente son situacións de tipo estrutural, polo que non resulta fácil artellar solucións a curto, ou medio prazo para intentar variar a tendencia:

- Falta de homoxeneidade dos plans de estudo, especialmente nos cursos superiores, que fai difícil a validación de materias.
- Os requisitos para participar nos programas de mobilidade (esencialmente o nº de ECTS cursados á hora de facer a solicitude) limitan as posibilidades de realizar unha estancia precisamente aos últimos anos do título.
- Falta de axudas económicas suficientes, ou ausencia total, en función do programa de que se trate.
- Imposibilidade de establecer convenios -por saturación en destino- con universidades do mundo anglosaxón, onde o nivel de competencia profesional é máis atractivo para os aspirantes a facer estudos de mobilidade.
- Ausencia de materias impartidas en inglés no noso título, o que favorecería a chegada de estudantes da contorna Erasmus. Esta situación é unha constante nas consultas recibidas cada ano procedentes de alumnado maioritariamente da UE, pero tamén do norte de África, e mesmo o sueste asiático.

Para facilitar o intercambio de estudantes con outras facultades de España compre facer unha revisión das táboas de validación de créditos, elaboradas no seu día pola conferencia de decanos cando propuxeron o Libro branco de Veterinaria, que axude a racionalizar as decisións relativas a acordos de intercambio na situación individual de cada estudante (GrV-AM-7).

A pesares destes datos xerais, cómpre ter en conta que se consideramos os cursos medios, o alumnado que aparece en actas como estudantes en mobilidade en algunhas materias supera o 10%.

**Información básica sobre mobilidade e ligazóns ao contido de cada programa na web do Centro:**

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/mobilidade>

No curso académico 2021-22 levouse a cabo unha sesión de divulgación, na que varios estudantes que participaron en programas de mobilidade contaron a súa experiencia ao resto do alumnado. Espérase que esta acción contribúa a aumentar o interese nos programas de mobilidade e repetirse nos seguintes cursos para poder avaliar adecuadamente o seu impacto.

**Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe)**

Como se mencionou anteriormente, nas guías docentes de todas as materias recollese a metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe. Nestas programacións das materias planificouse a ensinanza en función de tres escenarios de restricións sanitarias crecentes. As diferencias esencialmente afectaban á metodoloxía docente e á avaliación.

Durante o curso 2021-22 seguíronse as recomendacións sanitarias para o establecemento de grupos de docencia, intentando en todo momento manter a presencialidade no máximo posible. Aínda que o curso 2021-22 comezou con restricións nas actividades docentes debidas á situación de pandemia, a resolución reitoral do 29 de outubro de 2021 restableceu totalmente a situación previa á pandemia,

volvendo ás clases presenciais e recuperando todas as actividades de valoración e coordinación de semestres. Nos meses de setembro e outubro de 2021, a docencia expositiva foi totalmente presencial e as actividades interactivas e clases prácticas foron en parte presenciais e en parte semipresenciais, cumprindo o contemplado no escenario dous do plan de continxencia de cada materia, en función do espazo dispoñible e a posibilidade de manter a distancia interpersoal. A partir de novembro de 2021, as únicas actividades que non se puideron desenvolver con normalidade foron as prácticas en establecementos que mantiñan uns niveis de restricións elevados, como é o caso de matadoiros e granxas.

Cabe destacar que o desenvolvemento das actividades académicas vese afectado polo período de matrícula, especialmente en primeiro curso, xa que os estudantes que se incorporan tarde non poden realizar algunhas das prácticas, afectando a varias materias. Cando é posible, faise unha adaptación da actividade docente para estes estudantes.

O tamaño dos grupos nas distintas actividades formativas realizadas durante o curso 2021-22 axustouse ao indicado na Planificación Académica Anual da Universidade

<https://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/normativapaa.html>

Con todo, a realidade apártase dos valores medios e debe ser tida en consideración como contorna de traballo para cada curso académico. Así, as actividades interactivas reais no grao, e o tamaño dos grupos que vén establecido pola normativa de xestión académica que manexa o SXOPRA para toda a USC é o seguinte:

- Prácticas de encerado: 80 estudantes/grupo
- Seminarios: 30 estudantes /grupo
- Titorías: 10 estudantes /grupo
- Prácticas de laboratorio, prácticas de campo e prácticas de ordenador: 20 estudantes /grupo, que se reduce a menos de 15 naquelas materias con suficiente capacidade docente mediante a creación de grupos de centro. Os grupos de centro non se reflicten no Plan Docente Anual inicial, pero si no Plan de Ordenación Docente.
- Prácticas clínicas non asistenciais e visitas activas: 10 estudantes /grupo
- Prácticas clínicas asistenciais: 7 estudantes /grupo.
- Prácticas externas e TFG: 1 estudantes.

O indicador IN32G mostra información relativa ao tamaño medio dos grupos de docencia interactiva. Obsérvase unha pequena tendencia á baixa do tamaño dos grupos dende o curso 18-19. Para o curso 2021-22 non se proporcionaron datos de tamaño de grupo por actividade, datos que aportan información importante para esta titulación e que no futuro pode ser conveniente solicitar á ACMP.

Media de estudantes por grupo de docencia interactiva- (IN32G)					
Curso académico	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Grupos de seminario	34,66	30,89	28,27	26,46	
Grupos de laboratorio	21,98	21,77	19,87	18,39	
Grupos clínicos	9,83	10,23	9,43	9,00	
TOTAL	16,70	16,35	14,94	13,97	14,19

Revisouse o tamaño dos grupos nalgúnhas prácticas, dado os comentarios xurdidos nas valoracións semestrais referentes á seguridade do estudiantado e benestar animal en prácticas realizadas con animais. Isto levou a unha reconsideración dos tamaños dos grupos nas prácticas con riscos potenciais, e un axuste do número de estudantes por grupo, sempre que poda ser asumido polo profesorado existente.

Como aspecto singular do noso centro, considérase un complemento esencial dentro da metodoloxía de formación dos nosos estudantes o uso do Laboratorio de Habilidades Clínicas, como un espazo para a aprendizaxe autónoma orientada ao desenvolvemento de habilidades traballadas nas clases prácticas que promova a confianza e destreza do estudante á hora de realizar prácticas en animais.

En aplicación do principio da EAEVE de “nunca por primeira vez nun animal”, o centro deberá levar a cabo unha acción de mellora para garantir a obrigatoriedade do uso deste laboratorio antes de que os estudantes leven a cabo prácticas en animais que comprometan o seu benestar (**GrV AM-10, GrV AM-11.**)

**Avaliación da aprendizaxe**

Os resultados da aprendizaxe, tal e como reflicte a Memoria do Grao en Veterinaria, así como os diferentes informes de seguimento do título, avaliáanse a través das competencias asignadas: Xenéricas, Disciplinares, Profesionais, Académicas e Transversais. A metodoloxía de avaliación está debidamente explicada nas [guías docentes](#) das materias do Grao. Realízanse reunións de valoración para cada semestre onde se fai fincapé na adquisición por parte do alumnado dos obxectivos de aprendizaxe.

Como se mencionou anteriormente, a taxa de éxito (IN35G) ten un valor de referencia na memoria verificada do título do 75%, e mostra de maneira constante valores promedio para a totalidade do grao por riba do 80%; nos cursos 2020-21 e 2021-22 volvemos ter valores similares aos cursos previos á pandemia. O 2019-20, excepcionalmente, tivemos unha porcentaxe por riba do 95%, coa posibilidade de que se debera á realización dos exames de forma telemática por mor da crise sanitaria, e á maior dedicación ao estudo por parte do estudiantado durante o confinamento causado pola COVID-19, xa que, a partir do curso 2020-21, os valores da taxa volveron a niveis pre-pandemia:

IN35G	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (%)	82,76	83,05	95,84	82,57	81,27

Para o curso 2021-22 non se dispón de valores de taxa de éxito desagregados por curso.

A taxa de rendemento (IN34G) mantense en valores pre-pandemia, próximos ao 76 %, confirmándose que a causa principal da elevación no 2019-20 foron as circunstancias excepcionais dese curso:

IN34G	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (%)	77,69	78,51	93,38	78,06	76,35

Finalmente a taxa de avaliación (IN36G) ten un valor medio para a totalidade do título por encima do 90%, volvendo a valores similares aos dos cursos previos ao 2019-20. Consideramos que os resultados son certamente satisfactorios:

IN36G	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (%)	93,88	94,53	97,43	94,54	93,95

*Prácticas tuteladas e externas*

Practicamente todo o alumnado egresado no curso 2021-22 realizou prácticas en empresas e institucións ao longo dos seus estudos, acollidos a convenios coa USC (IN22G). En realidade, o 100% dos estudantes egresados realizaron este tipo de prácticas, xa que son parte da formación obrigatoria, pero algúns deles fixérono no marco dos programas de mobilidade, polo que non se contabilizaron neste indicador, como se pode apreciar na seguinte táboa:

Porcentaxe de estudantes egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22G)				
2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
97,89%	100%	97,3%	99,15%	96,74%

Para manter a acreditación europea, o centro deberá deseñar, aplicar e avaliar, dous libros de rexistro (Logbook) das competencias a día 1 adquiridas polo estudiantado, un para as prácticas das materias obrigatorias, e outro para as Estancias (GrV-AM-3).

**Traballo fin de grao (asignación, supervisión, avaliación)**

A oferta de traballos fin de grao publícase na páxina web da Facultade de Veterinaria. A asignación, supervisión e avaliación realízase segundo a normativa dispoñible, e os estudantes e profesores teñen acceso á información acerca dos prazos oficiais para cada etapa do proceso, con suficiente antelación. Os tribunais de avaliación dispoñen dunha guía e unha rúbrica para establecer a cualificación do traballo. O proceso desenvólvese sen incidencias salientables.

Nos vindeiros cursos cómpre valorar o grao de satisfacción e utilidade da rúbrica a través do desenvolvemento de enquisas (GrV-AM-9).

### Resultados da aprendizaxe nas materias do título

En xeral, as taxas de éxito e rendemento por materias (INF.17 e INF.18) varían, pero non suxiren valores alarmantemente baixos para ningunha delas de forma continuada nos últimos cursos académicos. Destacar que no curso 2020-21 algunhas materias informaron nas reunións semestrais de taxas de éxito baixas con respecto a anos anteriores, como se observa tamén no INF.17, para as que non atoparon explicación. É posible que a excepcionalidade do curso 2019-20 repercutise no nivel académico dos nosos estudantes e que lles dificultase afrontar novos coñecementos sen unha boa base inicial, ou que a continuación da situación excepcional durante o 2020-21 afectase ao rendemento dos estudantes. No curso 2021-22 a taxa de éxito nas materias máis afectadas por esta caída de valores post-pandemia, tivo valores similares aos cursos anteriores ao 2019-20 (comparación do INF.17 2021-22 e INF.17 do 2020-21, no informe de este ano non aparecen os datos de cursos anteriores).

Os valores da taxa de avaliación por materias (INF.19) manteñen en xeral valores moi altos. A materia obrigatoria coa taxa de avaliación máis baixa é o TFG (63,89 %), o que probablemente se deba á necesidade de ter superados todos os demais créditos do título para defender o traballo, e tamén ao seguimento do traballo polos titores que lle axuda ao estudante a valorar se está preparado para presentarse a avaliación. Tamén nalgunhas materias optativas a taxa de avaliación está por debaixo do 50%.

### Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

A satisfacción do alumnado mantense a un nivel moi alto, con valores medios nas enquisas de satisfacción desde o curso 2016-17 por encima de 4 puntos sobre un máximo de 5, para alcanzar o nivel máis alto no curso 2018-19 con 4,28 puntos; no presente curso temos un pequeno descenso ata o 4,07, nivel similar ao do ano da pandemia; é interesante que nos vindeiros cursos comprobemos se é unha fluuación puntual ou pode supoñer un cambio de tendencia (IN46G).

IN46G	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total	4,02	4,28	4,09	4,23	4,07

A pesar destes datos positivos, a taxa de resposta á enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, no curso 2018-19 é a máis baixa dos cursos referidos no indicador. A acción de mellora que se propuxo no 2016-17 precisamente para intentar aumentar a porcentaxe de participación, deu froito, xa que no curso seguinte a taxa de resposta subiu do 25,26% ata o 31,85%. Afortunadamente tras o retroceso que tivemos no curso 2018-19, volvemos a apreciar unha importante subida no curso 2019-20, alcanzado a porcentaxe máis alta de resposta ás enquisas cun 33,23%; desde entón a porcentaxe de respostas está a diminuír, 30,48% neste curso, feito que temos que ter en conta, porque as actividades encamiñadas a fomentar o compromiso do alumnado coa calidade da titulación mediante a participación nas enquisas de satisfacción realizáronse tamén nos cursos 2020-21 e 2021-22.

IN48G	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
Total (%)	31,85	22,99	33,23	31,46	30,48

O indicador de satisfacción dos estudantes saíntes coa mobilidade (IN15G) dá un valor de 5 sobre 5. Sen embargo, debe terse en conta que o recuento de enquisas respondidas foi soamente de 1. Non hai datos para a satisfacción dos estudantes entrantes (IN16G).

A satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas (IN19G) é máis que notable, e no presente curso acadamos unha puntuación de 4,37 (INF.06), estando entre os primeiros postos da USC.

Neste curso recolléronse por primeira vez os datos de satisfacción coas actividades postas a disposición dos estudantes no Laboratorio de Habilidades Clínicas, que acadou un valor global de 4,64 nunha escala de 1 a 5 (todos os módulos nun rango de 4,3-4,9), cunha taxa de participación do 73,5% dun total de 245 visitas.

En relación coa satisfacción do profesorado coa docencia impartida, os resultados obtidos son tamén bos, con valores próximos aos 4 puntos nos últimos cursos, observándose un descenso no curso 2019-20 que podería estar relacionado coas dificultades que tivemos para poder realizar unha docencia telemática de calidade durante o período de confinamento pola COVID-19; a progresiva recuperación



da normalidade académica no curso 2020-21 fixo que aumentase o grao de satisfacción, tendencia que sigue á alza xa que, este ano, tivemos un valor de 4,31, o máis alto dos últimos anos (IN47G).

IN47G	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22
<b>Total</b>	3,82	4,29	3,98	4,05	4,31

### Queixas e suxestións

As queixas e suxestións discutíronse en conxunto na directriz 2. Cabe destacar que en relación ao proceso ensino-aprendizaxe se recibiron 2 reclamacións no centro: 2/2 relacionadas coa avaliación. Ambas resolvéronse e están pechadas.

En canto aos recursos recibidos na OAR, non están detallados suficientemente para discernir se están relacionados co proceso de ensino-aprendizaxe.

### 3.2. Máster en Xenómica e xenética (MXX)

No MXX, a CCM que está conformada polos coordinadores e secretarios académicos da USC e UVIGO e o coordinador de área externa, é a encargada de analizar a adecuación dos procesos de aprendizaxe, ensino e avaliación do título. Esta información trasládase despois ás dúas CAM para que desenvolvan os seus respectivos informes de seguimento (onde se inclúen a información de ambas as universidades), sendo o da USC aprobado pola CCC da Facultade de Veterinaria (centro onde o estudo está adscrito). Os datos máis destacables dos devanditos informes recóllense a continuación:

#### Admisión do alumnado e accións de captación

O Máster tivo unha demanda elevada no curso 2021-2022 (USC= 52 preinscritos; UVIGO= 24), que unha vez finalizados os procesos de matriculación (IN02M) cubriron 15 prazas na USC e 12 na UVIGO. Por tanto, estes datos mostran que o Máster ten unha moi boa aceptación. Ademais, poderíanse cubrir todas as prazas de nova matriculación se o calendario de matrícula en ambas as universidades para o estudo fose idéntico e coordinado. Estas diferenzas causan varios desaxustes, xa que un mesmo estudante pode solicitar a preinscrición e a matrícula (e ser admitido) nas dúas Universidades ao mesmo tempo. As diferenzas entre a admisión e a matrícula tradúcense en que haxa estudantes que quedan sen praza mentres que outros teñen dúas prazas (esta situación produciuse no curso 2021-2022 en varios solicitantes), provocando que se perdan potenciais estudantes. A pesar das dificultades, a demanda e matrícula do Máster pode considerarse moi boa. Como se comentou no apartado 2.2., o alumnado accedeu ao Máster maioritariamente desde os graos/licenciatura de Bioloxía, aínda que todos os estudantes admitidos posuíron titulacións preferentes que dan acceso ao Máster. Un aspecto a destacar é a capacidade que ten o Máster de captar estudantes que realizaron os seus estudos fóra de universidades do SUG, mesmo do estranxeiro. Por tanto, a difusión exterior do Máster grazas ás páxinas webs oficiais, web propia, conta en redes sociais (Twitter) e contactos directos coa Coordinación permitiron a captación dun número importante de estudantes doutras universidades nacionais (p.e. Universidade de Málaga, Universidade de León, Universidade de La Laguna, Universidade Rey Juan Carlos, Universidade de Navarra, Universidade Politécnica de Valencia, Universidade de Oviedo, Universidade de Granada) e internacionais (p.e. Universidade de Coimbra). Estes resultados indican o interese que esperta o estudo, tanto a nivel nacional como internacional, e a súa capacidade de captación.

#### Orientación académica e profesional

Realizouse unha reunión grupal, organizada pola CCM, co alumnado ao comezo de curso (13/09/2021) para a presentación e posta en marcha do curso, facilitándolles información acerca de horarios, labores de coordinación, uso da plataforma virtual, prácticas externas (PEs) e TFM, avaliacións, validacións, e resolvendo as dúbidas que xurdiron durante a sesión. Tamén se resolveron dúbidas ao longo do curso mediante titorías individualizadas realizadas polos coordinadores das distintas materias e a CCM, e a posibilidade de interacción entre estudantes e profesorado a través da Aula Virtual. Ademais, grazas á creación dunha lista de distribución cos correos electrónicos oficiais e persoais dos alumnado informóuselles sobre ofertas de traballo, bolsas, talleres, programas de mobilidade, etc.

#### Mobilidade

O Máster, pola súa recente implantación, e pola súa curta duración, non participa, de momento, en ningún programa de mobilidade, polo que na USC non se enviaron (antigo indicador IN17M) nin recibiron (IN18M) estudantes destes programas. A diferenza de cursos anteriores, e a pesar de que houbo cinco solicitudes de estudantes estranxeiros na USC durante o período de matriculación anticipada,

non se tiveron estudantes de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), aínda que unha estudante matriculada na UVIGO realizou os seus estudos na Universidade de Coimbra (Portugal). Estes datos pódense explicar polas restricións de mobilidade provocadas pola pandemia de COVID-19, aínda presentes durante o curso 2021-2022. A pesar disto, neste curso un estudante matriculado na UVIGO realizou as súas PEs e o seu TFM no estranxeiro (Instituto Roslin de Edimburgo, baixo a titorización dun docente de área externa do Máster).

### Metodoloxía do ensino e avaliación da aprendizaxe

Tanto a metodoloxía, como a avaliación da aprendizaxe, adecúanse ao recollido na MVT. Para o curso 2021-2022, o grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46M) foi de 4,47/5, lixeiramente inferior ao do curso anterior (4,71/5) e superando o valor obtido no curso 2018-2019 de 3,85/5 (sen datos para o curso 2019-2020). Ademais, o grao de satisfacción coa docencia impartida por parte dos docentes foi tamén moi elevado (IN47M = 4,51/5 para a USC, sen datos para UVIGO porque este estimador é bienal nesta universidade). O tamaño medio dos grupos en ambas as universidades oscila entre 12,45 e 25,83, sendo adecuado para o desenvolvemento das metodoloxías de ensino e os obxectivos de aprendizaxe (moitas materias optativas dos módulos das especialidades de “diversidade xenética” e “aplicacións xenéticas” teñen un número de estudantes < 5). A diferenza de en cursos anteriores, os estimadores IN55M (Media de alumnado matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas)) e IN56M (Media de alumnado matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas)) para o curso 2021-2022 teñen en conta a todos os estudantes do Máster e non só aos matriculados na USC, o que explica o aumento dos estimadores respecto aos cursos anteriores. Se só se tivese en conta aos estudantes da USC, o estimador IN55M sería de 12, mentres que o IN56M sería de 5,27. A través do plan de acción titorial (PAT) detectouse un dos principais problemas para o desenvolvemento do ensino. As clases impártense simultaneamente nos Campus de Lugo (Facultade de Veterinaria) e Santiago (Facultade de Bioloxía) da USC, e no Campus de Vigo (Facultade de Bioloxía) da UVIGO. A docencia pode seguirse por videoconferencia desde calquera do tres Campus. O sistema escollido para desenvolver a videoconferencia dende o curso 2020-2021 foi a plataforma MS Teams que é moito máis flexible que Adobe Connect (empregada nas dúas primeiras edicións do Máster e que deu varios problemas ao longo desas edicións). Na UVIGO detectouse xa no primeiro curso de impartición da titulación o problema de non empregar unha aula fixa para o Máster, que foi corrixido neste curso 2021-2022. Esta acción de mellora foi moi ben recibida polo estudiantado e o profesorado.

### Avaliación da aprendizaxe

Todas as taxas de avaliación da aprendizaxe (pe. taxa de rendemento (IN34M), éxito (IN35M) e avaliación (IN36M)), resultaron inferiores aos obtidos no curso 2020-2021 na USC, xa que para iso tívose en conta a un estudante que cancelou a matrícula durante a primeira semana do estudo, pero cuxos créditos matriculados se tiveron en conta na valoración. Isto tamén provoca que os valores dos estimadores I34M e I36M sexan lixeiramente inferiores á media dos estudos de Máster da USC (ver 4316711\_MedUSC\_2021-2022). Os valores obtidos na UVIGO foron similares, resaltando as taxas de éxito global e por materia para o curso 2020-2021 que foi do 100% (IN35M) na USC e do 99% en UVIGO considerando o alumnado presentado. Este valor supera o Obxectivo de Calidade proposto pola Facultade de Bioloxía da UVIGO para as titulacións de máster adscritas ( $\geq 90\%$ ) e a media xeral na USC (98,50%). Na USC, a taxa global de rendemento (IN34M) que informa sobre o total de créditos que superan os estudantes respecto dos créditos matriculados foi do 85,55%, sendo inferior aos valores medios nesta universidade (89,88%). Porén, se o estudante que cancelou a matrícula fose eliminado dos cálculos, a taxa de rendemento do Máster alcanzaría o 93,78%. A relación entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados, proporcionada pola taxa de avaliación (IN36M), foi do 85,55% na USC, pero sería de 93,78% eliminando do reconto ao estudante que cancelou a matrícula, co que sería superior ao valor medio da USC (88,75%). Así, os valores descritos mostran que os estudantes son capaces de superar de maneira satisfactoria os créditos en que se matriculan.

### Prácticas externas

Durante o curso 2021-2022 non se recibiron solicitudes de validación de Prácticas Externas pola experiencia profesional. Os estudantes realizaron PEs en empresas e centros de investigación, agás un estudante matriculado na modalidade semipresencial (IN22M = 100,00%), xa que tiña a actividade validada do curso 2019-2020. Dende a CCM, ademais de realizar unha oferta propia, permítese que os estudantes poidan pactar as súas PEs. Estas dúas modalidades teñen unha gran acollida entre os estudantes porque lles permite desenvolver a actividade nos temas que lles resultan máis atractivos, o que tamén ten un efecto positivo no seu rendemento, interese e avaliación. Os centros de acollida principais de estudantes do Máster foron moi diversos (12 institucións diferentes). Cabe salientar o número de estudantes que realizaron as súas prácticas en centros do CSIC, xa que investigadores desta institución están moi involucrados na docencia e desenvolvemento do Máster. Tamén consideramos moi importante a realización de PEs dun estudante

nunha empresa privada con base biotecnolóxica (i.e. ICM en Lugo), coa que xa se tiña establecido un convenio de colaboración. Finalmente, durante curso 2021-2022 eliminouse a exposición oral do sistema de avaliación das PEs, xa que os estudantes realizan varias exposicións orais en materias do módulo básico, en materias optativas, e no TFM. Así, a nota final do estudante obtívose a partir da nota outorgada polos titores (60% do total) e a avaliación da memoria escrita por parte da comisión avaliadora de PEs (40% do total).

Para o curso 2021-2022 o grao de satisfacción coas prácticas externas foi moi alto neste curso (4,67/5, ver IN19M), similar ao do curso 2018-2019 (4,78/5), e moi superior ao do curso 2020-2021 (2,33/5). Os valores mostrados na enquisa sobre a satisfacción do alumnado cos programas de PEs na USC (4316711\_INF.06\_PLN. TCNT. MST. PRA2021-2022) foron todos moi altos, situándose sempre por riba de 4,00/5. Como en cursos anteriores, desde a Coordinación recolléronse as opinións dos estudantes sobre esta actividade, xa que na memoria escrita de prácticas externas hai un punto de valoración persoal. De maneira xeral, os estudantes mostráronse satisfeitos coas actividades realizadas, destacando a súa utilidade á hora de aplicar os conceptos teóricos adquiridos durante o desenvolvemento das materias. Estas opinións víronse reflectidas nos valores obtidos nas enquisas de satisfacción, polo que a Comisión de Coordinación está moi satisfeita coas actividades e as valoracións que se obtiveron por parte do estudiantado. Para o curso 2021-2022 o grao de satisfacción dos titores profesionais (IN20M) coas prácticas externas foi elevado (4,50/5), en consonancia co valor obtido para os cursos 2018-2019 (4,57/5) e 2020-2021 (4,33/5) (para o curso 2019-2020 non se recolleron datos debido á COVID-19). Desgraciadamente, como sucedeu co curso anterior, non se obtivo información dos titores académicos (IN21M) coas prácticas externas, indicador que foi moi elevado na primeira edición do Máster (4,00/5 para o curso 2018-2019). Nos informes das enquisas de satisfacción cos programas de PEs dos titores externos (4316711\_(L)\_INF07\_2021-2022) todos os valores para as distintas preguntas foron >4,15/5, pero tampouco se obtiveron datos dos titores académicos (4316711\_INF08\_2021-2022). De calquera modo, as notas dadas polos titores (que se realizan de maneira conxunta entre titores externos e académicos) foron moi elevadas (todas > 7,70; o 90,0% delas > 9,00), indicando que tanto os titores externos como os académicos aproban o desenvolvemento desta actividade e o traballo realizado polo alumnado, ademais da organización levada a cabo polas comisións do Máster. As cualificacións obtidas nesta actividade foron de 2 MH (unha por cada modalidade), 8 sobresalientes e 1 notable na USC; mentres que na UVIGO foron de 1 MH, 7 sobresalientes e 1 notable.

### Traballos Fin de Máster

De igual modo que nas PEs, a CCM permite que os estudantes pacten os seus Traballos Fin de Máster (TFM), ademais da oferta propia do Máster. No presente curso, o desenvolvemento dos TFMs puido facerse de xeito presencial sen problemas de restrición pola COVID-19. As cualificacións do TFM foron tamén moi boas, 2 matrículas de honra (unha para a modalidade presencial e outra para a semipresencial) e 8 sobresalientes na USC (evidencia E24, 4316711\_INF15\_2021-2022 agrupando os valores de ambas as modalidades) e 1 matrícula de honra, 3 sobresalientes e 4 notables na UVIGO. Os tribunais de TFM de cada Universidade destacaron a alta calidade das memorias presentadas.

### Resultados da aprendizaxe nas materias do título

A análise das cualificacións indicou que os resultados dos exames son mellores nas materias optativas que nas materias obrigatorias, e isto ocorre en ambas universidades. Tamén se observou que, en xeral, as cualificacións foron lixeiramente superiores na USC que na UVIGO. Para este curso, a UVIGO tivo aínda o estudante procedente de India. Tal e como se indicou nos autoinformes do curso 2020-2021, a pesar de que os estudantes deben demostrar un dominio suficiente dos idiomas oficiais do estudo (nivel B2 para castelán e/ou galego), permitiuse a súa matriculación sen acreditar o dito coñecemento na UVIGO. O alumno logrou superar algunhas materias este curso, pero suspendeu a materia obrigatoria "MB6. Técnicas de Análise Xenético (P2201106A)", polo que non puido defender o seu TFM. Ademais, un estudante matriculado na modalidade semipresencial na UVIGO non se presentou a ningunha das materias, mentres que outro da devandita modalidade, que só debía superar o seu TFM, decidiu non presentalo, a pesar das enormes facilidades que lle brindou tanto a CAM da UVIGO como a CCM. Na USC, o estudante matriculado na modalidade semipresencial superou finalmente as súas actividades de PEs e TFM, obtendo matrícula de honra (MH) nas dúas. Ademais, tívose un estudante matriculado a tempo parcial que superou satisfactoriamente todas as súas materias. Finalmente, tres estudantes non presentaron o seu TFM na USC, dous de nova matriculación e un matriculado inicialmente no curso 2020-2021, incorporado laboralmente ao centro onde realizara as súas PEs (i.e. ICM en Lugo). Espérase que, ao longo do curso 2022-2023 estes estudantes defendan os seus TFMs. Malia as pequenas problemáticas descritas, as notas obtidas no seu conxunto polo alumnado son moi boas e os docentes están moi satisfeitos co labor realizado.

### Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

Os datos dispoñibles de satisfacción dos diferentes colectivos xa se desenvolveron neste epígrafe e foron satisfactorios. Finalmente, indícase que non se recibiron nin suxestións nin reclamacións en ningunha das dúas universidades utilizando as canles postas a

disposición dos diferentes colectivos que integran o Máster.

**Accións de mellora e puntos a destacar en relación á directriz 3:**

Grao en Veterinaria:

Cómpre mellorar a descrición dos plans de traballo no centro de destino nos acordos das materias de estancias do Grao en Veterinaria, específico para cada estancia (GrV AM-2)

Considérase necesario continuar co desenvolvemento do programa piloto para fomentar a formación práctica do alumnado de veterinaria no seu último curso en aquelas áreas estratéxicas (itinerarios) que teñen maior oferta laboral e que presentan dificultades para a contratación de persoal cualificado (GrV-AM-5, agora GrV-AM-4). Ademais, preténdese reforzar as relacións coas entidades colaboradoras (empresas, cooperativas, centros, asociacións, administracións...) e conseguir unha maior implicación destas no deseño das actividades formativas, do seu seguimento e da súa avaliación.

Para actualizar os requisitos da Axencia de acreditación europea (EAEVE) e manter a acreditación internacional do centro, é necesario cumprir o principio de "nunca por primeira vez nun animal vivo", levando a cabo a mellora da oferta das actividades no Laboratorio de habilidades clínicas e desenvolvendo un sistema de control da obrigatoriedade de realizar os procedementos en simuladores antes de comezar unha práctica con animais na que haxa risco de comprometer o seu estado de benestar (GrV AM-10, GrV AM-11)

Para cumprir os requisitos de avaliación da aprendizaxe da axencia de acreditación europea (EAEVE) o centro deberá deseñar, aplicar e avaliar, dous libros de rexistro ("Logbook") das competencias a día 1 adquiridas por o estudiantado durante as prácticas das materias obrigatorias, avaliadas por persoal docente, e as Estancias, avaliadas por persoal non docente cualificado. (GrV AM-3)

**Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
  - Formación do profesorado e mobilidade.
  - Actividade investigadora.
  - Detección de necesidades de persoal académico.
  
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
  - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Na Facultade de Veterinaria, a garantía e mellora dos procesos relacionados cos recursos humanos (persoal académico e persoal de apoio) réxese polo establecido no proceso de soporte PS-01, Xestión dos recursos humanos, do Manual de procedementos do SGC. Se ben, neste ámbito, a Facultade está sometida a procesos que corresponden a instancias superiores, e que se recollen no Manual de procesos institucionais da USC, particularmente no PI-03. Xestión dos recursos humanos.

Tendo en consideración as necesidades dos programas de estudos previstas nas respectivas memorias de verificación das titulacións oficiais adscritas á Facultade de Veterinaria, así como o número e distribución de estudantes que as cursan, o cadro de profesorado que imparte a docencia conta cun bo nivel de suficiencia e adecuación como se mostra no seguinte análise feito por cada titulación da Facultade de Veterinaria.

**Evidencias da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico.**

**4.1. Grao en Veterinaria**

Para a valoración da cualificación do profesorado que imparte docencia no Grao en Veterinaria recorreremos aos tramos de investigación recoñecidos ao profesorado como indicadores da súa experiencia docente e investigadora. Neste curso 2021-22, a porcentaxe de profesores con algún tramo de investigación recoñecido pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) sobre o total do PDI foi do 89,89% (IN24G), resultando lixeiramente inferior á dos tres cursos anteriores que oscilou entre o 93,14% (20 18-2019) e o 92,08% (2020-21). A porcentaxe de profesores funcionarios que impartiu docencia respecto ao número total de PDI acadou este curso académico un valor de 65,79% (IN26G) con respecto ó 74,58% do curso anterior. De igual modo, a porcentaxe de profesores que posúen o título de doutor é do 90,35% (IN25G), observándose un descenso respecto ó 94,92% do curso anterior.

O descenso observado nestes tres indicadores débese ao relevo xeracional que se está a levar a cabo na USC e que está a supor a incorporación de novo profesorado nas categorías de contratado e que obviamente posúe menor experiencia. Porén, considérase que as cifras para os tres indicadores mantéñense en niveis elevados, o que dá unha idea da boa cualificación do profesorado do Grao en Veterinaria.

Outra información útil para valorar a experiencia investigadora do cadro de PDI é o rexistro de investigadores da Vicerreitoría con competencias nesta materia. Nas súas bases de datos están rexistrados 21 grupos de investigación que aglutinan a máis de 104 profesores/as dos departamentos adscritos á Facultade de Veterinaria que imparten docencia nas súas titulacións.

#### **GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DOS DPTOS. ADSCRITOS Á FACULTADE DE VETERINARIA**

<b>Código</b>	<b>Nome</b>	<b>Membros PDI Fac. Veterinaria</b>
GI1251	Xenética para a acuicultura e a conservación de recursos	8
GI1708	Cirurxía, radioloxía e ecografía experimental veterinaria	5
GI2120	Control de parasitos en animais e persoas: diagnóstico, prevención e tratamento	3
GI1682	Toxinas mariñas: Mecanismos de transdución, usos terapéuticos e métodos de detección	7
GI1707	Anatomía Patolóxica Veterinaria	5
GI 2174	Investigación en medicina animal	6
GI1702	Investigación en Sanidade Animal Galicia	8
GI1201	Inmunoloxía celular	6
GI1705	Metabolismo e patoloxía animal	3
GI1706	Medicina Interna Veterinaria	3
GI1725	Morfoloxía animal	4
GI1729	Recursos zoonéticos e as súas producións	2
GI1704	Reproducción e Obstetricia	4
GI2118	Análise sensorial, valoración nutricional e desenvolvemento de novos alimentos	4
GI1948	Producción, Calidade e Tecnoloxía da Leite e Outros Alimentos	6
GI1628	Hixiene, Inspección e Control de Alimentos	8
GI1222	Laboratorio de Referencia de Escherichia coli (LREC)	6
GI1735	Toxicoloxía-Lugo	2
GI1809	Biodiversidade e Botánica Aplicada	5
GI2040	Conservación de peixes e moluscos	6
GI1651	Producción integrada e micorrización dos cultivos	3
GI1845	Modelos animais	1

#### **Distribución do Personal Académico con docencia (E15)**

<b>CATEGORÍA</b>	<b>E15 2017-2018</b>	<b>E15 2018-2019</b>	<b>E15 2019-2020</b>	<b>E15 2020-2021</b>	<b>E15 2021-22</b>
Asociado de Ciencias da Saúde	8	8	7	1	-
Asociado de Universidade	2	3	5	6	12
Axudante doutor	1	3	5	7	10
Bolseiro/a/investigador	12	15	11	14	13
Catedrático/a de Universidade	12	13	13	16	11
Colaborador/a	1	1	1	1	-
Profesor Contratado Substitución	5	2	4	4	2
Profesor Contratado Doutor	17	15	16	13	14
Titular de Escola Universitaria	2	2	2	2	2
Titular de Universidade	72	74	74	66	62
<b>TOTAL (Profesores+Bolseiros)</b>	<b>132 (120+12)</b>	<b>136 (121+15)</b>	<b>139 (128+11)</b>	<b>130 ( 116+14)</b>	<b>126 (113+13)</b>



Este persoal docente impartiu un total de 15607,8 horas, distribuídas en 1934 horas expositivas; 3308 horas de prácticas; 1273,8 horas de seminarios e 9092 horas de prácticas clínicas.

Analizando estes datos, o cambio máis destacado é a desaparición nos últimos dous anos de 7 prazas de Asociados en Ciencias da Saúde (PACS) que se viñan encargando da materia troncal Rotatorio e a súa transformación en Asociados de Universidade.

Asemade, o número de Catedráticos e Titulares de Universidade diminuíu considerablemente no último ano, debido en grande medida a un aumento das xubilacións. Estas prazas foron substituídas, na súa maioría, por prazas de axudante doutor de nova creación. Cabe mencionar tamén que algunhas das variacións producidas nestes últimos anos obedecen á redistribución de profesorado doutros centros que impartía escasas horas de docencia neste grao. En xeral, a participación na docencia do grao do conxunto de profesorado contratado doutor, axudante doutor, asociado, e de substitución, experimentou un aumento que podería ser indicativo dun esforzo de acoller a profesorado máis novo que garanta o relevo xeracional na formación dos estudantes do grao.

A media de estudantes matriculados por grupo de teoría foi de 115,11 nas materias de formación básica e obrigatorias (IN55G) e de 12,06 nas materias optativas (IN56G). Estes datos, aínda que similares aos do ano anterior, van descendendo lixeiramente nos últimos anos, debido ao descenso e estabilización da matrícula de novo ingreso. Do mesmo xeito, a media de estudantes por grupo de docencia interactiva vai diminuíndo progresivamente dende hai 5 cursos, tanto nos grupos clínicos, coma de laboratorio e de seminario, acadando un valor de 14,19 no 21-22 (IN32G). É moi importante manter este indicador en niveis baixos de cara a unha docencia de calidade, por ser un Grao eminentemente práctico, no que os estudantes deben adquirir destrezas e habilidades difíciles de conseguir cun número grande de estudantes por grupo.

Ademais, a satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46G) é dun 4,07 sobre 5, manténdose na mesma liña que en anos anteriores. Non obstante, a taxa de resposta nestas enquisas foi do 30,48 % que, se ben é similar á de cursos anteriores (IN48G), segue a ser moi baixa. En canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, acádase un valor de 4,31 sobre 5, lixeiramente superior ao do ano anterior, e cunha tendencia á alza (IN47G).

Os indicadores da ESEVT I1 e I2 de persoal académico por número de estudantes e de persoal académico co título de veterinaria por número de graduados anualmente, implicados na docencia de grao son superiores aos valores mínimos requiridos para a acreditación internacional, aínda que o indicador I2 ten un valor inferior á media dos centros acreditados pola EAEVE.

Todos estes valores indican unha alta cualificación do profesorado, así como a suficiencia do cadro de profesorado que, aínda que mellorable, permite desenvolver unha docencia de calidade, como podemos apreciar nos indicadores de satisfacción, tanto do profesorado como do estudantado. Sen embargo, hai que sinalar que o cadro de PDI presenta unha elevada idade media (os datos do profesorado con vinculación permanente mostran unha idade media de 56 anos, cun 43% do profesorado con 60 ou máis anos), polo que haberá un número importante de xubilacións previstas nos próximos anos. Se ben en termos xerais o cadro de profesorado parece adecuado, en certas áreas de coñecemento, a dotación de profesorado aínda é insuficiente.

**Persoal do Hospital Veterinario Universitario ROF CODINA**

O persoal do Hospital Veterinario Universitario ROF CODINA (HVURC) experimentou un considerable descenso no último ano, cunha diminución global de 5 postos no cadro de persoal facultativo. Asemade, desapareceron 11 postos: bolseiros de apoio (2), bolseiros de Formación Profesional (3) e 6 postos do internado de pequenos animais, fronte á creación de 6 postos de facultativos repartidos nas áreas de diagnóstico por imaxe (1), urxencias (2), etoloxía (1), grandes animais (1) e cirurxía (1). Tamén, aprécianse os cambios de figuras nos postos de traballo coa desaparición dos bolseiros de Formación Profesional e de apoio asistencial (substituídos, en parte, por un técnico de Formación Profesional e 2 auxiliares veterinarios) e dos internos, tanto en pequenos como en grandes animais (agora facultativos). Estes cambios débense á remodelación dos tipos de contratos obrigada pola reforma laboral levada a cabo no 2022 en España. É importante manter o número de postos de persoal facultativo de cara a unha docencia de calidade, por ser un grao eminentemente práctico, no que os estudantes deben adquirir destrezas e habilidades difíciles de conseguir con escaseza de persoal.

Persoal Facultativo	Número	Persoal Facultativo	Número
Facultativos Diagnóstico por Imaxe	3	Facultativo Medicina Interna	1
Facultativo Análises Clínicas	1	Facultativo radioterapia	1
Facultativo Unidade de Équidos	2	Facultativo Anestesia	1
Facultativo Animais de produción	1	Facultativo etoloxía	1
Facultativo Farmacia	1	Facultativo urxencias	3
Auxiliar veterinario en hospitalización e médica	2		

Como xa se comentou no apartado anterior, neste curso 2021-22 tivo lugar a transformación das prazas de Profesores Asociados de Ciencias da Saúde (PACS), que se viñan encargando da materia troncal Rotatorio (136 horas presenciais/estudiante), a Profesores Asociados de Universidade.

A cobertura da docencia impartida no HVURC lévana a cabo os profesores asociados P6 con vinculación hospitalaria, e o persoal colaborador docente (facultativos), tanto na materia troncal Rotatorio como nas materias clínicas cuxas prácticas se imparten no HVURC.

#### **Profesionais externos**

A titorización non académica das prácticas do módulo de Prácticas Tuteladas e Prácticas Externas, conta coa colaboración de numerosos profesionais externos, que está formalizada mediante convenios de colaboración con empresas/institucións do estado español e do estranxeiro, asinados polo reitor ou vicerreitor con competencias, e aprobados polo Consello de Goberno.

O grao de satisfacción dos estudantes e dos titores profesionais coas prácticas externas é moi bo, 4,37 (IN19G, no INF.06 non se reporta a taxa de participación) e 4,62 (IN20G, taxa de participación 11%), respectivamente no último ano.

#### **Formación do profesorado e mobilidade**

A Universidade de Santiago de Compostela posúe un Programa de Formación e Innovación Docente que ten como finalidade principal establecer un marco de formación que permita adquirir e mellorar as competencias docentes, investigadoras e de xestión necesarias para o exercicio profesional na universidade. Desta forma, a USC ofrece un amplo abano de cursos para a mellora da actividade docente do profesorado. Ademais, segundo os intereses específicos do centro é posible solicitar cursos para o profesorado orientados a fomentar a formación dos nosos docentes en aspectos concretos. No curso 2021-22 organizáronse dous cursos, un sobre avaliación por competencias e outro sobre o uso da realidade virtual na docencia.

A satisfacción do PDI da USC coas accións formativas dos cursos do PFID no curso 21-22 acadou unha valoración media de 4,65 sobre 5, cunha participación nas enquisas dun 45,31% (INF.10). Sen embargo, non se conta cos datos desagregados para a Facultade de Veterinaria.

A participación do profesorado do Grao nos plans de formación (5070\_I6-I7\_2021-2022) diminuíu considerablemente ao 28,68%, con respecto aos dous cursos anteriores (54,32% e 49,07%), situándose a niveis similares aos anteriores á pandemia, o que reflicte o esforzo formativo do profesorado para adaptarse ao escenario ocasionado pola pandemia por mor do COVID-19, e a volta progresiva á normalidade.

A participación do profesorado en programas de mobilidade aumentou considerablemente neste último curso, pasando do 0,77% no 2020-21 ao 3,94% (I10). Este aumento obedece posiblemente á desaparición das restricións para viaxar que limitaron de forma importante a mobilidade nos cursos post-pandemia. Cabe destacar que a porcentaxe actual é superior aos niveis de antes da pandemia (1,27%, curso 2018-2019).

A pesar de que a USC oferta de xeito voluntario cursos de formación ao PDI, para cumprir os requisitos de acreditación europea, o centro deberá garantir que o novo profesorado se ten formado en aspectos relacionados coa docencia, bioseguridade e garantía de calidade, de xeito obrigatorio, e que se promove a realización regular de cursos en todo o persoal docente, incluíndo actualizacións anuais. (FV-AM-10)

#### **4.2. Máster en Xenómica e xenética (MXX)**

O profesorado que imparte o Máster ten unha gran experiencia en investigación en Xenómica e Xenética, pertencendo a grupos punteiros nestes campos. Isto asegura que o alumnado recibe unha formación actualizada e profunda. Os docentes pertencen á USC e á UVIGO, pero tamén participa profesorado da Universidade Autónoma de Madrid, Universidade de Edimburgo e de centros de investigación como o Instituto de Investigacións Mariñas-Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC); Misión Biolóxica de Galicia-Consello Superior de Investigacións Científicas (MBG-CSIC); Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia-Consello Superior de Investigacións Científicas (IIAG-CSIC); Instituto Español de Oceanografía (IEO-CSIC); Estación Fitopatolóxica Areeiro

(EFA); Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán; Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS); Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX) e Instituto Roslin da Universidade de Edimburgo.

Na web propia do máster detállase a experiencia docente do profesorado involucrado no estudo, no seu apartado de profesorado (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/profesorado>).

Durante as primeiras edicións do estudo, contouse coa participación dalgúns docentes de área externa grazas á Excm. Deputación Provincial de Lugo. Debido ás restricións á mobilidade producidas pola pandemia de COVID-19, todos os docentes de área externa de fóra de Galicia (tanto a nivel nacional como internacional) impartiron as súas sesións mediante a plataforma MS Teams desde os seus centros de traballo para o curso 2021-22 (do mesmo xeito que fixeron para o curso 2020-21). O docente do Instituto Roslin da Universidade de Edimburgo aproveitou a impartición dunha charla na Facultade de Veterinaria da USC, custeada pola convocatoria de axudas 2021 para a realización de actividades de investigación e/ou transferencia no ámbito do desenvolvemento rural no Campus de Lugo da USC para impartir a súa docencia de maneira presencial.

Para a USC, o grao de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado en termos de docencia recibida (IN46M) foi moi elevada (4,47/5) en consonancia cos valores recollidos de cursos anteriores (4,71/5 no curso 2020-21 e 3,85/5 no curso 2018-19). Os datos para a UVIGO foron tamén positivos (4,66/5) e superiores aos do curso anterior 2020-21 (3,84/5). Ademais, a información recollida de maneira persoal pola Comisión Académica tamén indicou unha satisfacción elevada dos estudantes co equipo docente do Máster, como se desprende da súa valoración global de satisfacción coa titulación (3,48/5; ver 4316711\_INF.22\_2021\_2022) e do informe de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (todos os valores das distintas preguntas > 4,25/5, ver 4316711\_INF.13\_2021\_2022).

Todo o PDI que participa na docencia da titulación é Doutor, cumprindo cos requisitos de cualificación requiridos. Ademais, o 100% do profesorado (tanto da USC como de UVIGO) que ten unha figura que permite solicitar sexenios os ten acadados no seu conxunto, sendo o 100% o ratio sexenios obtidos/sexenios posibles. En canto ao número de quinquenios, o PDI do máster na UVIGO acreditou un total de 44 para o último curso do que hai datos dispoñibles (2020-21). Respecto aos quinquenios, o número total acreditado na USC é de 61 (ver 4316711\_E15\_2021-2022). Ademais, todos os indicadores dos docentes do Máster na USC superaron aos valores medios dos Másteres na devandita universidade (ver IN24M, IN25M e IN26M en 4316711\_MedUSC\_2021-2022), agás para a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (IN26M). Esta porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total na USC para o curso 2021-22 reduciuse respecto ao curso 2020-2021 porque, seguramente para calcular o estimador, tívose en conta a saída de profesores funcionarios do Máster (por xubilación, baixas temporais ou cambios na asignación de docencia), pero non a promoción de Profesor Contratado Doutor (PCD) a Titular de Universidade (TU) de tres profesores que realizaron os seus concursos durante xaneiro e febreiro de 2022, que pasaron de contratados a funcionarios en abril de 2022. Por tanto, este estimador aumentará no curso 2022-23. Tamén hai que destacar que a maior parte do profesorado pertence a grupos de investigación cun elevado prestixio, contando a maioría tamén cun bo número de sectores recoñecidos e unha alta participación en dirección de Teses Doutorais. Estes últimos aspectos son de especial relevancia dado que nas tres especialidades o estudante pode adquirir destrezas que lle preparen para unha carreira investigadora. Trátase tamén de persoal que recibe unha boa valoración por parte dos estudantes.

Non houbo docentes da USC do Máster en programas de mobilidade (5070\_I10\_2021-2022), nin se recibiron os datos oficiais desta mobilidade nos docentes da UVIGO.

Non hai datos para os docentes da USC, nin para os da UVIGO, en referencia á avaliación polo plan DOCENTIA quinquenal.

Na USC, a enquisa cos datos de satisfacción do profesorado coa docencia impartida obtivo unha valoración global satisfactoria de 4,51/5 (IN47M), na liña obtida nos cursos anteriores (4,19/5, 4,47/5 e 4,55/5 para os cursos 2020-21, 2019-20 e 2018-19, respectivamente). Para a UVIGO non se obtiveron resultados para a enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación antes da realización desta memoria, pero xa que non se produciron cambios no seu equipo docente, espérase que a súa satisfacción sexa similar á do curso 2018-19 (4,6/5). Finalmente, o grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida na USC (IN46M) foi moi elevado (4,47/5), sendo similar ao do curso pasado (4,71/5). Para a UVIGO, o grao de satisfacción dos estudantes foi tamén moi positivo (4,66/5).

O tamaño dos grupos nas materias básicas (IN55M) e optativas (IN56M) é adecuado para o tipo de formación impartida, xa que o número de prazas que se oferta (máximo de 30) permite que as materias contén cun número baixo de estudantes (particularmente nas materias optativas), o cal facilita aos docentes un seguimento moi directo destes. A diferenza de en cursos anteriores, os estimadores **IN55M** e **IN56M** para o curso 2021-22 teñen en conta a todos os estudantes do Máster e non só aos matriculados na USC, o que explica

o aumento dos estimadores. Se se tivese en conta só aos estudantes da USC, o estimador IN55M sería de 12, mentres que o IN56M sería de 5,27, en consonancia cos valores de cursos pasados indicados nas seguintes táboas:

IN55M: Media de estudantes matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas)				
	CURSO			
Universidade	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022
USC	8,00	7,00	14,00	25,83
UVIGO	7,50	Sen datos	Sen datos	Sen datos

IN56M: Media de estudantes matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas)				
	CURSO			
Universidade	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022
USC	6,00	4,31	4,92	12,45
UVIGO	4,13	Sen datos	Sen datos	Sen datos

#### Evidencias da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico de apoio

O persoal de administración e servizos mantense con respecto ao último ano, contando con 16 persoas de apoio na Facultade de Veterinaria, e que dan servizo aos seus dous títulos adscritos: Grao e Máster. Aínda que o número se considera suficiente, está moi axustado polo que sería desexable incrementar o persoal no futuro para garantir o desenvolvemento das súas funcións como recursos de apoio á docencia no grao.

#### PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS CURSO ACADÉMICO 2021-22 (E-16)

Unidade	Posto	Escala/categoría	Total
<b>Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos</b>	Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos	Escala de Xestión/Administración	1
	Posto base	Escala Auxiliar-Administración	1
	Secretaría do Decanato	Escala auxiliar-Administración	1
	Responsable administrativo Departamentos	Escala Administrativa-Administración	2
<b>Unidade de Asuntos Económicos</b>	Responsable de Asuntos Económicos	Escala Administrativa-Administración	1
<b>Conserxería</b>	Conserxe	Oficial de servizos	1
	Auxiliar Técnico Servizos	Auxiliar Técnico Servizos	4
<b>Facultade de Veterinaria</b>	Técnico Investigación (Area Bioloxía-Saúde)	Técnico Investigación	3
<b>Forno crematorio</b>	Técnico Investigación (Area Bioloxía-Saúde)	Técnico Investigación	3
TOTAL			17

O indicador de satisfacción deste persoal co traballo desenvolvido (IN49C) non está dispoñible para o curso 2021-22.

O indicador do ESEVT I3 de persoal de apoio implicado na titulación por número de estudantes graduados anualmente está por riba dos valores mínimos requiridos para a acreditación internacional, considerando para o seu cálculo, non só o persoal adscrito ao centro, amosado na táboa anterior, senón tamén a porcentaxe correspondente por rateo do persoal de servizos comúns ás titulacións do campus (UXA, Biblioteca, Limpeza, Mantemento, etc..).

Na análise que realiza anualmente a Comisión de Calidade do Centro sobre a adecuación do persoal de apoio para o correcto desenvolvemento dos títulos destacar que cada curso realízanse unhas 12.500 horas de prácticas de laboratorio e clínicas na facultade de veterinaria, que ademais son ás veces simultáneas. Na actualidade cóbrense soamente, e de forma parcial, as necesidades de certo tipo de prácticas como as que se realizan na sala de necropsias e de disección. Ademais, moitas prácticas realízanse pola tarde e algunhas teñen a súa finalización ás 20:00 horas implicando que, ao non ter persoal de apoio á docencia, ou técnicos de investigación polas tardes, as tarefas teñen que ser realizadas polo PDI. Iniciouse unha adaptación aos horarios de prácticas das quendas de traballo do persoal de apoio á docencia e investigación, xa que as prácticas necesitan preparación de material, e posterior limpeza unha vez rematadas, tarefas que está levando a cabo o PDI. Por outra parte, mantense a necesidade de dotar con máis prazas de técnicos de apoio á docencia e investigación específicos do centro, para deste xeito cubrir a gran actividade de prácticas que se desenvolven neste centro.

### Outros recursos humanos dispoñibles

Ademais do persoal relatado enriba, hai outro que, sen vinculación tan directa coa Facultade de Veterinaria, presta apoio dende os servizos xerais da USC:

- Técnico especialista en informática dependente da Área da Información e Comunicacions (ATIC), encargado das incidencias de tipo informático, e demais persoal do CAU (Centro de Atención ao Usuario da USC).
- Persoal da Oficina web. <http://www.usc.es/es/servizos/oficinaweb/index.html>
- Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo: responsables da matrícula e xestión de expedientes, así coma das actas das materias reguladas (non das do Traballo Fin de Grao, nin das Prácticas Externas, competencia ámbalas dúas do Centro). <http://www.usc.es/es/goberno/xerencia/lugo/uxalugo.html>
- Oficina de Información Universitaria. <http://www.usc.es/es/servizos/oiu/>
- Servizo de Participación e Integración universitaria. <http://www.usc.es/es/servizos/sepiu/index.html>
- Servizos de Apoio á Docencia e á Investigación. <http://www.usc.es/gl/servizos/>
- Área de Xestión de Infraestruturas. <http://www.usc.es/es/servizos/axi/index.html>
- Área de Cultura. <https://www.usc.gal/es/servicios/area/cultura>
- Unidade de Convenios <https://www.usc.gal/gl/servizos/convenios/>
- Servizo de Relacións Exteriores <https://www.usc.es/gl/perfis/internacional/>, principalmente o persoal responsable de programas de mobilidade do Campus de Lugo

### Persoal do Hospital Veterinario Universitario ROF CODINA

O cadro de persoal de administración e servizos (persoal de apoio) mantense no número total. Durante este curso tivo lugar un cambio na Xerencia do HVURC, por xubilación, o que supuxo unha lixeira reorganización do organigrama, e a adaptación dalgúns postos de traballo segundo as necesidades actuais. Aínda que o número se considera suficiente, está moi axustado, polo que sería desexable incrementar o seu número no futuro para garantir o desenvolvemento das súas funcións e a atención a todo o persoal docente e estudantes.

Persoal de apoio	Número	Persoal de apoio	Número
Técnico informática	1	Secretario/a	1
Auxiliar mantemento/condución	1	Limpeza hospitalización	6
Dirección de xestión	1	Mantemento climatización	1
Administrativo	1	Mantemento xardinería	1
Auxiliar administrativo	2		

No caso do **Máster en Xenómica e Xenética**, non existe, en ningún dos tres centros onde se imparte a titulación, ningún PAS con dedicación exclusiva á titulación, aspecto que sería de gran axuda para as Comisións Académicas. Aínda así, hai moito persoal de administración e servizos que participa no Máster, desde o persoal de conserxería aos administrativos do centro, pasando polo persoal de posgrao, asuntos económicos, etc.

### Oportunidades de formación

A participación do PAS da USC nos plans de formación (5070\_I6-I7\_2021-2022) diminuíu ata un 58,82 %, sendo o ano anterior dun 81,25%, podendo ser debido á volta á normalidade despois dun incremento nas necesidades de formación para adaptarse ao escenario ocasionado pola pandemia do COVID-19, tal como acontecía no caso da participación do PDI nos plans de formación.

Aínda que non se ofertou unha actividade formativa específica do centro destinada ao PAS que presta os seus servizos no centro, o número de accións formativas aos que asistiron os PAS da Facultade de Veterinaria no ano 2021 foi de 19 (do Plan de Formación da USC). Neste cómputo non se recollen as actividades da EGAP nin a formación externa. Pola súa banda no ano 2022, e segundo o criterio anterior, asistiron a 22 actividades formativas.

O indicador de satisfacción do PAS co traballo desenvolvido (IN49C) non está dispoñible para o curso 2021-22.

A pesar de que a USC oferta de xeito voluntario cursos de formación ao persoal non docente, para cumprir os requisitos de avaliación da axencia de acreditación europea (EAEVE), o centro deberá garantir que o persoal de apoio á docencia (PAS do centro, técnicos de investigación e provedores de prácticas externas) se ten formado no Código de conduta da USC, competencias a día 1 do ESEVT, boas prácticas clínicas e nivel básico de docencia práctica e clínica, mediante a realización dun curso cunha duración mínima de 4h, en formato presencial, online ou mediante ferramentas de e-learning (FV-AM-10)

### Accións de mellora e puntos a destacar en relación á directriz 4:

A análise feita indica que se cumpre cos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación, mostrando unha alta cualificación do profesorado, o que permite desenvolver unha docencia de calidade, como podemos apreciar nos indicadores de satisfacción, tanto do profesorado como do estudiantado.

#### Informe seguimiento GrV:

##### 1. Persoal académico:

Aspecto a destacar: Aumento do número de xubilacións entre os profesores funcionarios que leva a un descenso do número de PDI titular e catedrático e un aumento paralelo do número de profesores contratados de nova incorporación.

Proposta de mellora: Fomentar a incorporación de alumnado de terceiro ciclo nas unidades docentes e grupos de investigación e potenciar a súa participación en cursos e actividades de formación para que o proceso natural de relevo xeracional non supoña unha mingua na calidade do profesorado da Facultade.

Dentro destas accións para favorecer a renovación do persoal académico, sinalar iniciativas do Campus Terra como as Bolsas de Iniciación á Investigación para alumnado de grao e mestrado, ou os Contratos Predoutorais; ademais das Bolsas de Colaboración da USC para estudantes de último curso de estudos de Grao e de primeiro curso dun máster universitario oficial para realizar tarefas de investigación en departamentos universitarios.

##### 2. Persoal do HVURC:

Aspecto a destacar: A reforma laboral de 2022, obrigou á eliminación das figuras de bolseiros e a súa transformación en auxiliares veterinarios, técnicos de Formación Profesional e facultativos, pero cunha clara tendencia á diminución dos postos básicos e de formación, importantes para un adecuado funcionamento dos distintos servizos hospitalarios e da docencia.

Propostas de acción de mellora: Implementar un sistema de especialización para suplir a falta dos bolseiros, e internos de pequenos e grandes animais, de xeito que se fomente a formación hospitalaria global. Asemade, deberían incorporarse técnicos medios (auxiliares técnicos veterinarios -ATV-) para descargar de traballo aos facultativos, persoal con alta cualificación, e que así podan adicarse a tarefas de maior especialización tanto docentes como investigadoras. Tamén se debe revisar o sistema de vinculación dos profesores da Facultade ao HVURC para adaptalo ás necesidades reais co fin de mellorar a calidade da docencia

Para cumprir os requisitos de avaliación da axencia de acreditación europea (EAEVE), o centro deberá garantir que o novo profesorado se ten formado en docencia práctica e clínica avanzada, avaliación, recursos docentes, e-learning, uso de ferramentas dixitais,



bioseguridade, garantía de calidade en docencia e avaliación, Código de conduta da USC, competencias a día 1 do ESEVT e boas prácticas clínicas, de xeito obrigatorio, mediante a realización dun curso cunha duración mínima de 24h, en formato presencial, online ou mediante e-learning, e que se promove a realización regular de cursos en todo o persoal docente, incluíndo actualizacións anuais (FV-AM-10)

Para cumprir os requisitos de avaliación da axencia de acreditación europea (EAEVE), o centro deberá garantir que os títos profesionais que avalían aos estudantes (veterinarios en exercicio alleos ao centro) se teñen formado no Código de conduta da USC, competencias a día 1 do ESEVT, boas prácticas clínicas, nivel avanzado de docencia práctica e clínica, e ferramentas docentes e de avaliación, mediante a realización dun curso cunha duración mínima de 16h, en formato presencial, online ou mediante e-learning (FV-AM-10).

A pesares de que a USC oferta de xeito voluntario cursos de formación ao persoal non docente, para cumprir os requisitos de avaliación da axencia de acreditación europea (EAEVE), o centro deberá garantir que o persoal de apoio á docencia (PAS do centro, técnicos de investigación e provedores de prácticas externas) se ten formado no Código de conduta da USC, competencias a día 1 do ESEVT, boas prácticas clínicas, e nivel básico de docencia práctica e clínica, mediante a realización dun curso cunha duración mínima de 4h, en formato presencial, online ou mediante ferramentas de e-learning (FV-AM-10).

**Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
  - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
  - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
  - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencial e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
  - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**5.1. Grao en Veterinaria**

**Adecuación de recursos materiais e servizos**

A totalidade das infraestruturas consignadas na memoria do título seguen en activo; ademais incorporáronse algunhas outras para mellorar o cumprimento dos obxectivos formativos e atender ás necesidades da titulación.

**Disponibilidade de aulas:**

A Facultade de Veterinaria dispón dun edificio de aulas exclusivo, no que se sitúan as 7 aulas construídas no proxecto inicial, a aula 8, habilitada no 2014, e outros espazos para usos diversos. Fóra do aulario, contamos como aulas de usos múltiples, nomeadas en honra aos patrocinadores, coa Aula Aresa 1 (35 prazas, Pavillón II, desde 2008), a aula Aresa-2 (33 prazas, Pavillón Central, desde 2015), a sala Galeno (24 prazas, Pavillón Central, desde 2015) e a sala Norvet (31 prazas, Pavillón Central, desde 2015). Estes espazos están moi demandados para seminarios, obradoiros, reunións, cursos de formación de persoal, defensas de TFG e teses, e para impartir clases de materias optativas con reducido número de estudantes. Contan con sistemas de videoconferencia, WiFi, e mobiliario modular para acomodar diversas actividades. No curso 2021-22 realizouse un importante esforzo para dotar unha aula de realidade virtual para realizar visitas virtuais a espazos alleos que non permiten a entrada de estudantes, como certos tipos de granxas con restricións de acceso por bioseguridade; esta aula comezou a súa actividade no curso 2022-2023. Debido ás obras para reparación e mellora enerxética no sistema de calefacción do aulario, o auditorio utilizouse como aula en ambos semestres do curso.

**Salas de estudos:**

Aínda que a Biblioteca Intercentros conta con espazosas e moi ben dotadas salas de estudo, a sala de lectura da antiga Biblioteca da

Facultade mantense como tal pola demanda do estudiantado, dada a relativa distancia da Biblioteca Intercentros e para optimizar os tempos libres da súa xornada docente. Durante o curso 2021-22 presentáronse, a través da caixa de correo de queixas e suxestións da páxina web, suxestións sobre esta sala de estudo en relación a súa iluminación, calefacción e problemas por rúidos, que foron solucionadas e/ou contestadas de forma axeitada. Por outra banda, algúns representantes de alumnos propuxeron o seu uso para traballos en grupo, posibilidade que debería ser valorada tras unha proposta por parte dos propios representantes de estudantes de calendario ou horario para distintos usos. Por estes motivos vaise a estudar as posibilidades de mellora do seu acondicionamento e valorar as condicións do seu uso (FV-AM-08).

Ademais, no aulario está localizado o Laboratorio de habilidades clínicas dedicado á aprendizaxe autónoma na que o estudante pode repasar e adquirir destreza nas habilidades aprendidas nas clases prácticas. Neste laboratorio dispónse de simuladores para realización de procedementos, e dado que os modelos adquiridos non traen instrucións para realización das actividades, cómpre elaborar guías para cada actividade co fin de organizar adecuadamente o traballo dos estudantes.

**Espazos para uso dos representantes de alumnado e asociacións de estudantes:**

No curso 2021-22 iniciouse o trámite para acometer unha obra de acondicionamento do aulario co fin de arranxar o sistema de climatización e aumentar a eficiencia enerxética do edificio. O espazo posto a disposición dos representantes e asociacións de estudantes ten que ser remodelado durante estes traballos, polo tanto, temporalmente os representantes e asociacións de estudantes usarán as salas de reunións que se mencionan a continuación con reserva previa.

**Aulas de informática e Recursos informáticos:**

A titulación de Grao emprega nestes momentos dúas aulas de informática. Están situadas no pavillón central, pertencen ao sistema RAI (Rede de Aulas de Informática da USC) e dispoñen dos programas de licenza corporativa ou software libre necesarios para impartir as sesións prácticas daquelas materias que contemplan este tipo de actividade na súa programación. Cando se demanda e sempre que estea dispoñible, a aula 3 é de libre acceso para calquera estudante que poida necesitar empregar un equipo, aínda que é certo que co crecente emprego de teléfonos intelixentes e computadores portátiles na contorna WiFi do Centro, este uso cada vez é máis esporádico.

**Laboratorios:**

A estrutura en pavillóns independentes da Facultade de Veterinaria, nos cales se sitúan as diferentes materias, fai que existan numerosos laboratorios, polo menos un para docencia en cada planta de cada pavillón e, as máis das veces, dous máis para investigación, tamén en cada planta, que en non poucas ocasións se empregan para impartir sesións prácticas das materias.

Aquelas materias que programan unha actividade práctica singular dispoñen de instalacións adicionais, como son as salas de disección para Anatomía e de necropsias para Anatomía Patolóxica. Algunhas prácticas teñen lugar en dous laboratorios situados na planta baixa do pavillón II por motivos de espazo e iluminación.

Por último, as materias clínicas de carácter asistencial desenvolven o seu ensino práctico nas instalacións do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina; alí dispoñen de todo o equipamento necesario en consultas, quirófanos, salas de diagnóstico por imaxe, sala de ecografía, sala de TAC, laboratorios de diagnóstico, hospitalización, UCI, etc.

**Salas de reunións:**

A Sala de Xuntas é o espazo de maior aforamento (80-100 asistentes) para reunións no pavillón central da Facultade de Veterinaria, e está situada no pavillón central. Na mesma localización está a Sala XXV Aniversario –un recinto de pequena capacidade, 15 persoas, para cursos e reunións- e a Sala Galeno -24 persoas- xa referida polo seu posible uso como aula, pero que igualmente está pensada para reunións polo seu mobiliario modular movable.

As tres salas de reunión están dotadas de sistema de videoconferencia.

**Biblioteca:**

Os recursos bibliográficos e instalacións que corresponderían á Biblioteca da Facultade de Veterinaria atópanse na Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo.

Dita Biblioteca é un edificio de 9.500 m<sup>2</sup> que alberga 1.510 postos de estudo –algún deles adaptados para usuarios con discapacidade- distribuídos en 5 salas de lectura, 1 sala de traballo en grupo, 1 hemeroteca e 1 sala de formación (sala e-Terra) con 21 equipos

informáticos totalmente renovados en 2016.

Estase a desenvolver o sistema de xestión da biblioteca, ALMA, que facilitará o uso dos recursos e servizos electrónicos e o acceso en remoto.

#### *Libros e recursos documentais en xeral*

En canto á suficiencia de fondos Bibliográficos integran a colección desta biblioteca máis de 111.000 volumes de monografías (en diferentes soportes: impresos, DVDs, etc.) e máis de 1.700 títulos de revistas, das que 79 son subscricións en curso; o eixo temático central do Campus Terra, e por tanto de todos estes documentos, é o gandeiro e agroalimentario.

Das monografías, máis de 14.700 son libros das materias de veterinaria, alimentación e ciencias afíns. Delas, a data de marzo de 2022, 5.123 encádranse dentro da categoría de veterinaria e máis de 370 destes últimos son títulos editados a partir do 2015, o cal indica unha adecuada actualización. Dos temas relativos á produción animal existen 3.377 títulos, dos que 263 están publicados con posterioridade ao ano 2015. Finalmente, da temática alimentaria atópanse na Biblioteca Intercentros cerca de 1.000 libros dos cales máis de 242 foron editados nos últimos 5 anos. Dado o constante crecemento dos fondos, e incluíndo as materias xerais básicas, hai máis de 17.000 títulos –só libros- os existentes directamente relacionados co Grao, e tendo en conta, ademais, que dos máis importantes existen varios exemplares. O catálogo de fondos é accesible a través de <http://iacobus.usc.es>.

A Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela (BUSC) forma parte do Consorcio Bugalicia que permite o acceso á colección de recursos electrónicos máis importante ao subscribir máis de 9.000 revistas de alto impacto científico, máis de 18.000 monografías (entre libros electrónicos, estándares e actas de congresos) e máis de 10.000 documentos a texto completo accesibles desde bases de datos.

Ditos recursos son accesibles dende ReBUSCa , o portal específico de recursos electrónicos da BUSC. Desde a súa páxina web (<https://rebusca.usc.gal/inicio>) accédese á colección de libros electrónicos, pertencentes ás editoriais máis importantes: Elsevier, Ovid, Panamericana, Springer e EBSCOhost, Wiley, American Chemical Society, entre outras. A gran maioría destes libros son de moi recente edición posto que este formato desenvolveuse maioritariamente durante a última década. Tamén inclúe as publicacións de docentes e investigadores da Facultade de Veterinaria.

Ademais, o novo sistema de xestión ALMA dispón de funcionalidades de busca e recuperación de documentos, o que facilita a consulta ao usuario, xa que integra o acceso aos recursos electrónicos nun mesmo buscador que os impresos. O resultado final é o dun catálogo que amplificou o número de recursos buscables e incorporou numerosos filtros de busca, permitindo chegar, de xeito rápido e doado a resultados moi pertinentes.

A biblioteca recibe como doazón de veterinarios retirados libros antigos editados entre finais do século XIX e mediados do XX. Por esta vía ingresou a colección do veterinario D. Juan Rof Codina, fundamental para coñecer a historia da medicina veterinaria na Galicia do seu tempo.

#### *Publicacións periódicas*

Así mesmo, na Biblioteca Intercentros atópanse centos de títulos de publicacións periódicas en formato impreso. A súa colección conta con 36 títulos en curso de revistas de temática veterinaria específica. As revistas electrónicas consorciadas contrátanse coas editoriais máis importantes (Elsevier, Wiley, Oxford, etc.). O acceso faise a través do [buscador de revistas do catálogo iacobus](#), que permite consultar e acceder ás revistas impresas, e ás electrónicas, conxuntamente.

O número de títulos dispoñibles achégase a 1.700 da materia agricultura. Como submaterias de interese para os Graduados en Veterinaria figuran 132 títulos de revistas de medicina veterinaria, 104 de ciencia e tecnoloxía dos alimentos, 11 de tecnoloxía do leite, 73 de cría animal e gandería, 197 de piscicultura e acuicultura, 86 de economía e política agraria, etc. O acceso a información relevante multiplícase se consideramos as revistas doutras disciplinas como a microbioloxía, bioquímica, xenética, toxicoloxía, zooloxía, etc.

Accédese á consulta en liña utilizando como identificación o correo institucional. Fóra do dominio da USC, a Biblioteca Universitaria dispón do servizo EZproxy que garante o acceso aos recursos electrónicos a toda a comunidade universitaria. Este servizo é xestionado por BUGalicia para as tres universidades galegas e garante a privacidade nos datos de acceso e estatísticas de uso. Para seu uso están configurados máis de 12.000 títulos de revistas, máis de 51000 títulos de libros electrónicos e 42 bases de datos, todos eles accesibles a través de [reBUSCa](#). A Biblioteca Universitaria ofrece o servizo EZproxy para permitir o acceso remoto aos recursos electrónicos subscritos pola BUSC, e os subscritos a través do CISUG, para todos os membros da comunidade universitaria (alumnado, PDI e PAS), utilizando as credenciais da USC.

#### Bases de datos

Tamén é accesible a través da rede da USC a consulta das principais bases de datos de interese, entre as cales se pode citar: Web of Science, Agris, Scopus, Medline, SciFinder, Scholar, Farmacopea Española, Asfa-Aquatic Sciences & Fisheries Abstracts, Greenfile, Earth, Official Methods of Analysis of AOAC, etc.

As procuras dan acceso a documentos (artigos científicos) que se poden descargar directamente —en pdf ou outros formatos- polos usuarios a través da rede da USC mediante conexión cabreada ou WiFi Eduroam e empregando calquera plataforma: Windows, Mac, Linux, Android etc. A conexión ás bases de datos e a posibilidade dos membros da Universidade de solicitar a adquisición de libros, supón por outra banda unha garantía da actualización dos fondos. A información que non está accesible desde a biblioteca universitaria e/ou o Consorcio BUGalicia, fórnesse gratuitamente polo Servizo de Préstamo Interbibliotecario e Fotodocumentación da BUSC.

#### Outro acceso a documentación

Ademais de todo o sinalado, en moitos departamentos da Facultade de Veterinaria existen outras coleccións de libros, revistas, e material electrónico de diversa índole que pode ser consultada polo estudiantado. Finalmente cabe resaltar que o acceso a Internet que ofrece a USC aos estudantes, pon ao alcance deles unha infinidade de recursos científicos gratuítos en constante crecemento, tanto en relación con publicacións periódicas como o acceso a libros electrónicos. A consulta das teses, e outros traballos académicos, facilítase desde o repositorio Minerva <https://minerva.usc.es/xmlui/?locale-attribute=gl>.

O número de recursos e o acceso aos mesmos, a conexión directa ás bases de datos, e a posibilidade de acceso a artigos científicos, o número de libros, e o seu grao de actualización, fainos considerar que os recursos documentais son suficientes e están actualizados.

#### Accións de mellora que se puideron levar a cabo no curso 2021-22 relacionadas cos recursos materiais:

- Adquisición de electrocardiógrafo con bluetooth inalámbrico que permite a visualización a tempo real en móbiles e computadoras, incluíndo un software de análise do ECG (GrV-AM-27).
- GrV-AM-26 E 23 Xeración de modelos animais mediante novos métodos de perfusión/conservación de cadáveres (método Thiel). Completarase no curso seguinte.
- GrV-AM-21: Ampliación de actividades do Laboratorio de Habilidades Clínicas (LHC)
- GrV-AM-24: Implantación dun obradoiro de simulación en cirurxía laparoscópica
- GrV-AM-25: Realidade virtual aplicada na formación do alumnado do Grao en Veterinaria. (*aínda que esta xa aparece reflectida noutros apartados deste criterio*).

#### Substitucións e arranxos das infraestruturas utilizadas no grao

- Adquisición dun canón de proxección LED ASUS para mellorar os dispositivos de proxección.
- Substitución de 22 monitores 4x3 por outros novos 16x9 na Aula de Informática 3.
- Adquisición dun **simulador** clínico en cabalos.
- Substitución do cabreado da Sala de Xuntas de RGB a HDMI para mellorar a proxección.
- Incorporación dunha Televisión de 65 polgadas, unha computadora nova, unha cámara 360 e 28 gafas de realidade virtual para a proxección 3D e simulación virtual de escenarios para a docencia.
- Substitución do equipo de son e incorporación dunha mesa de mesturas no Auditorio.
- Substitución de 89 paneis de iluminación fluorescentes por outros LED nalgúns dos laboratorios de prácticas para solucionar a antigüidade da equipamento eléctrico.

#### Accesibilidade universal e deseño para todos

A maior parte das instalacións da facultade contan cun deseño adaptado para todos, favorecendo o acceso universal, especialmente nas aulas, salas e laboratorios onde se imparte docencia teórica e práctica.

#### Seguridade e saúde

A facultade conta cun plan de autoprotección ([ir a plan de autoprotección](http://www.usc.es/sprl)) elaborado polo Servizo de Prevención de Riscos (<http://www.usc.es/sprl>). Este Servizo é o encargado de promover a saúde e seguridade da comunidade universitaria, para o que diseña, aplica e coordina os plans e programas de actuación preventiva, avalía os factores de risco que poidan afectar á seguridade e saúde do

persoal e promove a información e implicación de todos na cultura preventiva.

O centro ten unha Comisión de Bioseguridade e Prevención de Riscos, que é o encargado de coordinar, revisar e actualizar as normas de bioseguridade aplicadas nas dependencias onde se realizan actividades docentes, investigadoras e asistenciais ([Manual de Bioseguridade da Facultade de Veterinaria](#)).

O Servizo de Vixilancia da Saúde (<http://www.usc.es/es/servizos/sprl/svsaude/index.html>) dedicado á vixilancia e control da saúde dos traballadores, leva a cabo, entre outros, programas de prevención de enfermidades infectocontaxiosas e campañas de información e/ou vacinacións específicas (por exemplo, antitetánica en veterinaria).

#### Medio ambiente

A USC adquiriu o compromiso de formar persoas e producir ciencia e tecnoloxía baixo o criterio de sustentabilidade, fomentando en todos os membros da comunidade universitaria o sentido da responsabilidade polo coñecemento, conservación e mellora do medio ambiente. Este compromiso plásmase no Plan de Desenvolvemento Sostible (PDS). Desde o ano 2011 funciona a Oficina de Desenvolvemento Sostible (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/responsabilidade-social>) que se encarga de impulsar o desenvolvemento de accións neste eido, e fomentar a participación de toda a comunidade universitaria. A aprobación no ano 2015 da [Axenda 2030](#) reforza a nova orientación do PDS.

Ademais, o Servizo de Participación e Integración Universitaria (<https://www.usc.gal/es/servicios/area/inclusion-participacion-social>), dependente da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, coordina a oferta de actividades de voluntariado e participación social da USC.

#### Detección de necesidades de novos recursos

Anualmente, o equipo de dirección solicita ao profesorado que comuniquen as melloras que consideren necesarias ou oportunas de cara á adquisición ou renovación dos recursos materiais. Estas suxestións considéranse dentro do plan de melloras anual. Ademais, está dispoñible, para toda a comunidade, a caixa de correo de suxestións da Facultade de Veterinaria.

#### Compromisos do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade

A Universidade de Santiago de Compostela elaborou un [Regulamento de Prácticas Académicas Externas](#) adaptado ao Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regula esta actividade dos estudantes universitarios, para o establecemento de convenios con empresas, institucións e entidades públicas e privadas no ámbito nacional e internacional. O citado regulamento dá amparo a todos os convenios que a Facultade de Veterinaria estableceu con empresas e institucións de diferentes ámbitos e localizacións, imprescindibles para o desenvolvemento, tanto das Prácticas Tuteladas (prácticas externas curriculares obrigatorias) como tamén das Prácticas Externas (prácticas externas curriculares optativas) do grao.

O Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela na súa sesión do 16 de decembro de 2016 aprobou un modelo marco de “Acordo de adhesión para a autorización de actividades académicas en instalacións que non pertencen á USC”, co obxecto de dar un amparo normativo tanto ao profesorado como ás entidades colaboradoras nas que se realizan Prácticas Extra muros baixo a supervisión dun profesor (Prácticas de campo, prácticas clínicas e visitas activas), que son diferentes ás prácticas académicas externas,

En relación coa utilización de novas estruturas ou servizos externos á Universidade, cabe destacar que a Asemblea da Conferencia de reitores das Universidades Españolas (CRUE) celebrada o día 10 de xaneiro de 2014 ratificou un acordo da Conferencia de Decanos de Veterinaria nos seguintes termos:

Todas as Facultades de Veterinaria deben contar, á parte dos recursos obrigados para impartir unha docencia universitaria de carácter experimental (aulas, aulas informáticas, laboratorios, sala de disección) entre outros, cos seguintes recursos que lle son propios:

- Un Hospital Clínico (e restantes Servizos Clínicos, preferentemente integrados nunha estrutura hospitalaria), no que se atenda a animais de compañía, équidos e animais de produción. Debe estar aberto 365 días ao ano e 24 horas ao día.
- Unha Planta Piloto de Tecnoloxía de Alimentos de orixe animal.
- Unha Granxa de produción con fins docentes e de investigación con, polo menos, unha especie produtiva.
- O acceso aos Servizos Públicos Oficiais de Inspección. Neste sentido, as distintas administracións públicas deberán garantir a formación dos estudantes coa vinculación dos profesionais á Área de Coñecemento de Nutrición e Bromatoloxía da Universidade.



Neste sentido a Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela cumpre con estas recomendacións grazas á determinación do propio Centro, ao compromiso da Universidade e á colaboración de numerosas institucións implicadas:

- A Facultade conta co Hospital Veterinario Universitario Rof Codina cuxo obxectivo primordial se centra na colaboración coa docencia da Facultade, prestación de servizos e colaboración e fomento da investigación (<https://rofcodina.org/centros/hospital-universitario/>).
- O Campus Terra é a sede da aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA) pertencente á Universidade de Santiago de Compostela. Esta Planta Piloto de Tecnoloxía de Alimentos situada a 500 metros da Facultade de Veterinaria é unha Plataforma Tecnolóxica Mixta da Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, e serve de apoio á docencia (<https://aplta.es/>).
- A Facultade de Veterinaria desde a súa apertura en 1984 utiliza, con fins docentes e de investigación, a Granxa Experimental “Gayoso-Castro” (agora denominada [Granxa Campus Terra](#)) da Deputación Provincial de Lugo en base a un acordo de colaboración coa USC. No curso 2019/20 a citada granxa foi reestruturada para optimizar o seu uso como centro de prácticas docentes e investigación da Facultade de Veterinaria e da Escola Politécnica Superior do Campus Terra (<https://granxacampusterra.gal/>).
- A Facultade de Veterinaria disporá dunha explotación experimental de cría de porco celta na finca Gayoso-Castro tras o acordo da Universidade de Santiago, a Deputación de Lugo e ASOPORCEL (<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/usc-deputacion-lugo-asoporcel-impulsan-explotacion-experimental-cria-porco-celta-finca>). Mentres non se remata a construción desta explotación experimental, a USC firmou un convenio con ASOPORCEL para o uso das súas granxas de explotación na formación do alumnado da Facultade de Veterinaria de Lugo.
- A Facultade mantén convenios coa Consellería de Sanidade, a Consellería de Medio Rural, a Consellería do Mar e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, que contemplan o acceso aos Servizos Públicos Oficiais de Inspección, nos seus diferentes ámbitos e laboratorios e institutos asociados, para a realización de Prácticas Tuteladas. Ademais, na actualidade dispónse de convenios con 37 matadoiros para a realización de Prácticas Tuteladas e Prácticas Externas. (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria/practicas>). Neste ámbito é de particular importancia o convenio asinado co Matadoiro Novafrigsa, do Grupo Coren, no municipio de Lugo, un dos centros de procesado de vacún máis importantes de España, que permite a realización de prácticas reguladas correspondentes á materia obrigatoria Hixiene III: Inspección e Control da Carne e Produtos Cárnicos”. O convenio co Grupo Coren, ademais doutras oportunidades, tamén nos deu acceso para a realización de prácticas reguladas no Centro de Procesado Avícola de Santa Cruz de Arrabaldo en Ourense.

### Orientación académica e profesional

Os mecanismos de orientación académica están a disposición dos estudantes para resolver cuestións de diversa índole e considéranse adecuados para guialos na súa traxectoria académica.

Como se mencionou anteriormente, a Facultade de Veterinaria conta con diferentes figuras e estruturas organizativas que, xunto cos servizos centralizados na Unidade de Xestión Académica do Campus, permiten unha atención personalizada ao alumnado en calquera momento do proceso formativo.

Estas figuras son:

- Decano do Centro
- Vicedecanato de Calidade; Vicedecanato de Ordenación Docente; Vicedecanato de Prácticas Externas, Relacións Institucionais e Mobilidade
- Secretaría do Centro
- Unidade de Apoio á Xestión
- Coordinadora do Grao
- Coordinadores/as de semestre
- Coordinadores/as de prácticas tuteladas
- Alumnado titores

Os servizos de orientación académica se recollen no [Plan de Acción Tutorial](#) do centro e, aínda que os estudantes utilizan os servizos de orientación académica en calquera momento do seu proceso formativo, estes cobran especial importancia no primeiro semestre, cos

estudantes de novo ingreso, para os que o Centro dispón dun plan de acollida e orientación ([Programa de acollida](#)), como xa se comentou na directriz 3.

En relación coa orientación profesional, o Centro organiza unhas Xornadas de Orientación Laboral dirixidas principalmente a alumnado dos últimos cursos do Grao, coa participación do persoal responsable da área de Orientación Laboral e Emprego do Campus de Lugo, quen lles informa sobre o modo de preparar un currículo ou de afrontar unha entrevista de traballo, e se organizan as charlas “Apaixonad@s pola Veterinaria” nas que os membros do comité consultivo externo, e outros profesionais veterinarios con dedicacións en diversos ámbitos, presentan aos nosos estudantes diferentes alternativas de desenvolvemento profesional.

#### **Servizos de atención ao estudante e xestión académica**

Ademais dos sistemas xerais de información da USC centralizados na Unidade de Xestión Académica do Campus, os estudantes da Facultade de Veterinaria teñen servizos onde se realiza unha atención personalizada:

- Secretaría do Centro.
- Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.

Dende a Unidade estamos a traballar en potenciar o uso da páxina web da Facultade, e o correo electrónico, como medios de acceso á información dos estudantes, todo iso sen prexuízo, de que o estudantado se dirixa ás nosas dependencias co fin de resolver problemas concretos.

A xestión académica na Universidade de Compostela está centralizada nas Unidades de Xestión Académica (UXA) das que hai unha en cada Campus; nelas realízanse todos os trámites relativos á documentación académica, expedición de certificacións, solicitudes de validacións e traslados, etc. Son responsabilidade dos Centros os trámites propios dos plans de estudos das titulacións que ofertan. No caso do Grao de Veterinaria son a organización das Prácticas Tuteladas e Externas, as actas dos Traballos Fin de Grao, e o recoñecemento de cualificacións do alumnado propio nos programas de mobilidade.

#### **Programas de acollida**

Como se mencionou anteriormente, a Facultade de Veterinaria conta cun [programa de acollida e acompañamento para estudantes de novo ingreso](#) que está publicado na páxina web do centro e informa aos interesados das actividades e recursos dedicados a este fin, incluíndo a sesión de benvida, os responsables do programa e os contactos para asesoramento e información.

#### **Instalacións onde se realizan as Prácticas Tuteladas e Prácticas externas**

As empresas e centros externos colaboran voluntariamente coa facultade na formación do estudantado, sen que medie unha relación contractual que obrigue a realizar unha comprobación *in situ* das infraestruturas tecnolóxicas dispoñibles, nin dos servizos prestados; ademais, o seu elevado número e dispersión xeográfica fano totalmente inviable. No entanto, lévase a cabo un control da calidade grazas, fundamentalmente, ao labor da coordinación académica das prácticas tuteladas. Iso permítenos comprobar, entre outras cousas, que as instalacións e actividadea destas institucións se adecúan aos requisitos para acadar as competencias previstas trala realización das prácticas.

A valoración negativa dos centros onde o alumnado realizou as prácticas externas, ben sexan expresadas de forma verbal ou incluídas nas propias memorias finais, permiten aos coordinadores recoñecer as deficiencias, comunicalas e contrastalas co centro de destino (contactando telefonicamente co coordinador profesional) e, se se comproba a motivación da queixa, dándoo de baixa da listaxe de centros ofertados pola Facultade.

Hai que resaltar que o grao de satisfacción do alumnado coas prácticas tuteladas externas é moi elevado, se consideramos a súa valoración nos últimos anos, o cal é indicativo de que as empresas, profesionais e centros colaboradores contan cos medios materiais e humanos apropiados.

#### **Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.**

Para o curso 2021-22 non se dispón de datos sobre a satisfacción dos estudantes cos recursos materiais e servizos.

Dispónse dun formulario para comunicar calquera incidencia relativa ás instalacións e servizos da Facultade. Este formulario recíbese na conserxería para actuar directamente naqueles aspectos que entren no seu ámbito de competencias, e se non o foran, comunícanse

á Oficina de Xestión de Infraestruturas (OXI) e ao decanato: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-veterinaria>. Non obstante, as incidencias fanse na maioría das veces a través de chamadas telefónicas, sendo moi poucos os usuarios que empregan o formulario, principalmente debido á urxencia por resolvelas. As principais incidencias achegadas á conserxería resúmense na seguinte táboa:

**INCIDENCIAS CURSO 2021-2022**

TIPO DE INCIDENCIA	Nº DE INCIDENCIAS
Climatización e calefacción	15
Electricidade	30
Fontanería	36
Goteiras	14
Iluminación exterior	16
Iluminación interior (bombillas e tubos fluorescentes)	26
Incendios	
Informática	27
Limpeza	17
Plagas	3
Recollida de material para reciclaxe	28
Seguridade edificios	15
Varios (carpintería, ascensores, cristais...)	51

**5.2. Máster en Xenómica e xenética**

Tal e como se comentou anteriormente, e debido ao carácter interuniversitario do Máster, a docencia impártese simultaneamente mediante videoconferencia na Facultade de Veterinaria (Campus Terra) e Facultade de Bioloxía (Campus de Santiago) da USC e Facultade de Bioloxía da UVIGO. Por tanto, ademais dos recursos e servizos da Facultade de Veterinaria xa descritos, utilízanse os das Facultades de Bioloxía da USC e UVIGO que se describen de maneira resumida a continuación:

**Facultade de Bioloxía da USC:**

A facultade ten colgada a información de recursos materiais e servizos na súa web á que se accede mediante as seguintes ligazóns:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-biologia/equipamentos>

<https://www.usc.gal/gl/centros/biologia/servizos.html>

Desde a súa implantación, o Máster contou coa aula CIBUS do edificio CIBUS para o desenvolvemento da súa docencia. Por este motivo, instalouse un sistema de audio e vídeo propio do Máster nesta instalación. O compromiso da Facultade é facilitar unha aula propia para o estudo e mellorar a súa organización neste centro.

**Facultade de Bioloxía da UVIGO:**

A Facultade de Bioloxía de UVIGO dispón dunha dotación suficiente de equipamento e infraestruturas para garantir o desenvolvemento das actividades formativas planificadas. Desde a súa creación a Facultade conta con financiamento anual por parte da UVIGO, para a adquisición, o mantemento e a renovación dos seus recursos docentes tanto de infraestruturas como de equipamento. Conta, así mesmo, cos servizos xerais da Universidade para o mantemento dos recursos materiais (Servizo de Unidade Técnica); de revisión e seguridade dos laboratorios (Servizo de Prevención de Riscos Laborais); e de recollida sistemática de residuos perigosos procedentes da actividade nos laboratorios (Oficina de Medio Ambiente, OMA). Así mesmo, a Facultade xunto coa OMA xestiona a recollida de residuos derivados do uso de animais de experimentación na docencia e a investigación que se realiza no centro.

A Facultade ten, ademais dos recursos que se utilizan para a docencia de grao, tres aulas dotadas do equipamento necesario para realizar conexións de videoconferencia dotadas de equipamento de videoconferencia, canóns de proxección e 23 postos de traballo, que se utilizan especificamente para a docencia do Máster. Ademais, hai unha aula de uso múltiple que permite impartir clases teóricas ou prácticas con computador, dotada con 23 computadores cos programas adecuados para as actividades formativas. Tamén dispón

dun computador para o profesor conectado ao proxector de vídeo dixital e unha lousa interactiva. Todos os postos están conectados a un servidor da Facultade que facilita a xestión dos programas informáticos instalados.

A Facultade cumpre a lexislación vixente en canto a accesibilidade e deseño para todos, segundo o disposto na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación, e accesibilidade universal das persoas con discapacidade; a Facultade dispón de ascensores en todas as plantas, ramplas de acceso exteriores e interiores, servizos adaptados, portas de dobre folia en todas as aulas, seminarios, salóns e laboratorios. Por tanto, non existen barreiras arquitectónicas. O edificio está provisto de conexión inalámbrica (WIFI) en todas as súas instalacións, servizo de cafetería, comedor e reprografía.

---

**Accións de mellora e puntos a destacar en relación á directriz 5:**

Informe seguimento GrV:

A pesar das reparacións realizadas nos edificios da facultade cada ano, hai moitos traballos de mantemento e reparación das instalacións que están pendentes. Aínda que se buscan solucións temporais para compensar estes problemas, co tempo podería afectar á actividade do centro se non se solucionan. As xestións burocráticas e limitacións de fondos para estas reparacións impiden executalas de forma eficiente.

O uso da sala de estudo para traballos en grupo suxerido por algúns representantes de estudantes será valorado tras unha proposta, por parte dos propios representantes de estudantes, dun calendario ou horario para os seus distintos usos (FV-AM-8)

A falta de granxas docentes/experimentais de diferentes especies fai que se teñan que utilizar granxas particulares para as prácticas das materias no marco de acordos coa facultade. Soamente contamos na actualidade coa granxa de vacún de leite, que demostrou ser unha ferramenta fundamental que permitiu mellorar claramente a docencia práctica nesta especie.

## Directriz 6. Información pública

**Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - Recollida, análise e utilización da información.
  - Publicación da información
  - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O proceso de soporte PS-06 do [Manual de Procesos](#) establece a sistemática para facer pública a información relevante das titulacións impartidas na facultade, así como o modo no que se realiza a súa revisión periódica e actualización co fin de manter informados aos grupos de interese. De acordo coa ficha do proceso, a recollida da información faina a ACMP mediante o panel de indicadores que proporciona para cada unha das titulacións impartidas en cada curso académico. A análise e utilización desta información é competencia das comisións de calidade e de título, co fin de elaborar os respectivos informes de seguimento/resultados e a memoria de calidade, a través da cal se dará conta aos diferentes grupos de interese.

A difusión desta información entre os grupos de interese é un tema de enorme importancia na xestión do centro e dos títulos, e para iso dispónse de diferentes canles de comunicación:

- [Páxina Web da USC](#).- Mostra información de ámbito xeral para toda a Universidade.
- [Páxina Web da Facultade de Veterinaria](#).- Presenta información completa e detallada relacionada co Centro e coas súas titulacións.
- Taboleiros do Centro.- Seguen a empregarse para a información relativa a cuestións académicas, aínda que están caendo en desuso, a favor doutros medios electrónicos.
- Pantallas informativas.- Presentan información actualizada sobre distintos temas, convocatorias, prazos académicos, cursos, becas, etc. Hai pantallas informativas nos pavillóns central e de aulas.
- Taboleiro electrónico da USC.
- Instagram do centro, desde o curso 2021-22, onde ao longo do curso se publican as novidades máis destacadas

Para a difusión de determinadas convocatorias, empréganse as listas de correo electrónico de cada un dos grupos de interese (PDI, PAS, estudiantado,...).

Unha das principais canles é a páxina web do centro, que está incluída na páxina web de centros e departamentos da USC. Desde esta páxina dáse acceso á intranet institucional a todas aquelas persoas vinculadas á USC, a páxina permite manter actualizada e accesible a información relativa por exemplo a:

- As características dos títulos de Grao en Veterinaria e do Máster en Xenómica e Xenética (MXX)
- O Sistema de Garantía de Calidade (Memoria de Calidade, Informes de Seguimento, Plan Estratéxico, Plan de Melloras, etc.)
- A organización académica (calendarios de exames, horarios de clases, prácticas externas e tuteladas, traballo fin de grao, programas das materias nos tres idiomas, relación actualizada de profesorado, campus virtual)
- As infraestruturas e servizos
- O Plan de autoprotección e prevención de riscos
- A organización da facultade
- Caixas de incidencias, preguntas, suxestións e reclamacións

A nova páxina web estivo dispoñible a partir do 3 de maio do 2021, procedéndose a actualizar todos o documentos e a información da que é responsable o centro, tanto na parte pública coma na intranet institucional. Os erros detectados a nivel dos servizos centrais da USC comunicáronse á dirección de correo [melloras.comunicacion@usc.gal](mailto:melloras.comunicacion@usc.gal), habilitada para tal efecto, e deriváronse a [sopra@usc.es](mailto:sopra@usc.es) cando correspondía, seguindo as instrucións recibidas.

Durante o curso 2021-22 realizáronse melloras (acción de mellora **FV-AM-18**), como a de relacionar mediante ligazóns a información xeral co seu desenvolvemento na intranet. Deste xeito, favorécese o acceso dinámico á información por parte dos usuarios e evítase caer na duplicación de documentos, textos e outros materiais. Con todo, tendo en conta que a USC durante o ano 2022 estivo a implementar melloras no deseño da web institucional, o centro ten previsto ter rematada a configuración da intranet, ao longo do ano 2023.

Outra das acción de mellora (**FV-AM-03**) do curso 2021-22 consistiu na creación dunha conta do centro na rede social Instagram, creada en decembro de 2021 (fveterinarialugo), para a difusión de información sobre actividades, novas, cursos, etc., relacionados co centro que podan ser de interese para estudantes, persoal e egresados. A día de hoxe (29/05/2023) conta con 609 seguidores e xa se realizaron 174 publicacións.

Da información mínima indispensable que debe aparecer na páxina web do centro, sinalar que non se atopan os espazos para os representantes dos estudantes, debido a que o local destinado a ese uso está pendente da obra de acondicionamento do sistema de climatización para aforro enerxético do aulario. En canto se poda usar o espazo, indicárase na web a súa localización. En calquera caso, xa se informou aos representantes desta circunstancia puntual e de que poden facer uso das salas destinadas a reunións que estean dispoñibles en calquera momento.

As ofertas de traballo publícanse na páxina web do [Servicio de Orientación Laboral e Emprego](#) da USC.

No caso do **Máster en Xenómica e Xenética** ademais das páxinas web –xeral da universidade, e da propia facultade, pode atoparse información nos seguintes lugares:

- Páxina web da UVIGO (<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/que-estudiar/masteres>), cunha presentación da información similar á da USC.
- Páxina web dos centros aos que pertence o Máster, ademais da USC (Facultade de Veterinaria), tamén na UVIGO (Facultade de Bioloxía): <https://www.usc.gal/es/centro/facultad-veterinaria>, <http://bioloxia.uvigo.es/es/>
- Páxina web propia do Máster (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/>).

Na web propia do Máster pódese atopar toda a información sobre o mesmo, tamén hai unha caixa de correo propia para queixas e suxestións. Ademais, dende esta web, proporciónase un enlace directo ao SGC dos centros responsables, tanto da USC como da UVIGO, así como á caixa de correo de queixas e suxestións e aos servizos de xestión académica das mesmas. Aínda así, durante o curso 2021-2022, fixéronse as actualizacións necesarias da web e engadíronse informacións relevantes para o desenvolvemento do estudo no seu apartado de “novidades” (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/entries>).

#### **Medida da eficacia e utilidade da información pública.**

Nas xornadas de benvinda que teñen lugar nos primeiros días do curso, presentase a páxina Web do centro e dos títulos, a súa estrutura e contidos ao novo alumnado de Grao.

Seguimos sen ter información con respecto á satisfacción dos egresados coa información dispoñible (IN23G, IN23M) para o curso 2021-2022, tal como sucede desde o curso 2019-20.

Con todo, no caso do **Grao en Veterinaria**, na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (2502225\_INF.22\_2021\_2022), a cuestión “Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?” obtivo un valor (sobre 5) de 3,62, superior aos cursos previos (curso 2020-2021: 3,19; curso 2019-2020: 3,56). A valoración á pregunta “O Campus Virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?” o valor foi superior (3,67) ao curso anterior (3,19), pero lixeiramente inferior ao curso 2019-20 (3,89). A ter en conta ca participación nesta enquisa é dun 4,19%.

Con respecto ao **Máster en Xenómica e Xenética**, tendo en conta os valores obtidos nos catro anos de impartición da titulación e segundo a información recollida no Criterio 2 (páx. 16-17) do informe anual de seguimento do Máster en Xenómica e Xenética 2021-22, obsérvase un alto grao de satisfacción do alumnado coa información pública dispoñible.

Na web propia do Máster destaca de forma especial, pola súa utilidade, a información relativa ás PE e o TFM (<https://www.mastergenomicaygenetica.com/modulo-practicas-externas-y-trabajo-fin-de-master>). Neste apartado están, ademais das guías docentes, os formularios, as normativas, as instrucións e os modelos de informes. Esta información está moi ben valorada polo alumnado segundo as opinións recollidas a través do PAT polos titores.



### 3. Plan de Melloras do centro

#### 3.1 Listaxe de accións mellora 22-23

<b>Obxectivo a conseguir: Manter actualizado o SGC e integrar as melloras propostas a partir da auditoría externa da ACSUG (informe final de certificación da implantación do SGC)</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Responsable de calidade</b>		<b>Data inicio: 01/05/2022</b>	<b>Data fin: 31/07/2024</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>			
<b>Procesos clave relacionados</b>	PE-01 Planificación Estratéxica, PE-02 Revisión e mellora, PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas, PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas, PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades		
<b>Indicador/es de medición</b>	<p>Documento e cambios realizados no Manual do SGC. Actas da CCC</p> <p>Documento e nº de protocolos elaborados Indicadores dos procedementos do SGG Actas da CCC e documentos elaborados Manual de procesos, procesos PE-01 e PE-02 Elaboración do novo Plan Estratéxico.</p>	<b>Meta a conseguir</b>	<p>Punto 5 do Manual do SGC actualizado. Revisadas composición CCC e CT do Grao, e documentación relativa ás reunións do Comité Consultivo Externo 3 protocolos de actuación internos deseñados Táboa elaborado cos indicadores dos procedementos Documento que recolla o funcionamento da CCC para a elaboración da MC e o establecemento e seguimento das AM Modificacións feitas nos procesos PE-01 e PE-02 e aprobadas pola CCPdCG Plan Estratéxico 2023-26</p>
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>FV-AM-1, FV-AM-2, FV-AM-3, FV-AM-4, FV-AM-5, FV-AM-6</b>		

**PLAN DE MELLORAS DO CENTRO: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2022-2023**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
FV-AM-1	Memoria de calidade Directriz 1	Actualización do Manual do SGC para incorporar cambios feitos no SGC. Revisión das Comisións de Calidade e do Grao e documentación relativa ás reunións do Comité Consultivo Externo	Activa	Responsable de Calidade	29/12/2023	Non
FV-AM-2	Memoria de calidade Directriz 1	Deseño e elaboración dun documento que recolla os protocolos de actuación internos do centro	Activa	Responsable de Calidade	31/07/2024	Non
FV-AM-3	Revisión externa Directriz 1	Revisión de indicadores dos procedementos do centro para o establecemento de metas e unha mellor avaliación dos resultados e o seu análise.	Activa	Responsable de Calidade	29/12/2023	Non
FV-AM-4	Revisión externa Directriz 1	Revisión do reparto de tarefas dentro da Comisión de calidade para o seguimento das accións de mellora e a elaboración da Memoria de calidade. Revisión dos criterios e dos mecanismos para establecer e aprobar accións de mellora pertinentes e adecuadas, así como o seu seguimento	Activa	Responsable de Calidade	29/12/2023	Non
FV-AM-5	Revisión externa Directriz 1	Modificación dos procesos PE-01 e PE-02 do Manual de Procesos do centro	Activa	Responsable de Calidade	29/12/2023	Non
FV-AM-6	Revisión externa Directriz 1	Elaboración do Plan Estratéxico 2023-26	Activa	Responsable de Calidade	29/12/2023	Non

**Obxectivo a conseguir: Crear unha plataforma de traballo para estruturar a consecución de competencias no grao**

Responsable do obxectivo: Coordinadora Grao

Data inicio: 01/05/2022

Data fin: 30/12/2024

**Obxectivo estratéxico relacionado**

1.1. Axuste das competencias e mellora das programacións das materias

**Procesos clave relacionados**

PC-02. Planificación das ensinanzas

**Indicador/es de medición**

Grupo de traballo

**Meta a conseguir**

2 reunións para organizar o funcionamento do grupo antes de fin do 2023

**Accións de mellora relacionadas (Código)**

**GrV-AM-1**

**GRAO EN VETERINARIA: LISTAXE DE ACCIÓN A EXECUTAR NO 2022-2023**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
GrV-AM-1	Proposta de mellora Directriz 2	Creación dun grupo de traballo coa finalidade de optimizar a coordinación de competencias e contidos impartidos en materias relacionadas, así como a avaliación por competencias	Activa	Coordinadora Grao	30/12/2024	Non

**Obxectivo a conseguir: Optimizar a organización de prácticas externas e da programación horaria**

Responsable do obxectivo: Vicedecana de Prácticas Externas, Relacións institucionais e Mobilidade

Data inicio: 01/09/2022

Data fin: 30/12/2024

**Obxectivo estratéxico relacionado**

1.2. Mellora da planificación e organización dos horarios das actividades docentes

**Procesos clave relacionados**

PC-02. Planificación das ensinanzas

**Indicador/es de medición**

Número de empresas que indican tarefas específicas dentro do plan formativo xeral

**Meta a conseguir**

10% dos anexos anuais

<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>GrV-AM-2, MGG-AM-1, MGG-AM-2, MGG-AM-3</b>
---	---

GRAO EN VETERINARIA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2022-2023						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
GrV-AM-2	Informe de seguimento Directriz 2	Mellorar a descrición dos plans de traballo no centro de destino nos acordos das materias de estancias	Activa	Xestora do Centro	30/12/2024	Non

MÁSTER EN XENÓMICA E XENÉTICA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2022-2023						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
MGG-AM-1	Informe de seguimento Directriz 2	Unificar a asignación de tiores académicos para as actividades de Prácticas Externas (PEs) E Traballo Fin de Máster (TFM)	Finalizada	Coordinador do Máster	01/12/2022	Si
MGG-AM-2	Informe de seguimento Directriz 2	Organización e financiación dos estudantes da USC á Facultade de Bioloxía da UVIGO para a realización das prácticas de laboratorio obrigatorias da materia "Técnicas de Análises Xenético".	Finalizada	Coordinador do Máster	04/11/2022	Si
MGG-AM-3	Informe de seguimento Directriz 2	Axuste de horarios e exames	Finalizada	Coordinador do Máster	28/04/2023	Si

**Obxectivo a conseguir: Mellorar a coordinación docente entre materias, incluíndo un rexistro con fins de acreditación europea pola EAEVE**

Responsable do obxectivo: Decano

Data inicio: 01/09/2022

Data fin: 30/12/2024

<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	2.1. Garantir a coordinación da actividade docente		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-02. Planificación das ensinanzas. PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas. PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas		
<b>Indicador/es de medición</b>	Sistemas de rexistro de adquisición de competencias habilitados Charla informativa sobre paquetes formativos de Estancias-TFG Novo regulamento de TFG	<b>Meta a conseguir</b>	2 sistemas de rexistro, 1 protocolo de execución dos sistemas de rexistro 1 charla informativa a alumnos de 4º curso exclusivamente sobre paquetes formativos Aprobación dun novo regulamento de TFG
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>GrV-AM-3, GrV-AM-4, GrV-AM-5</b>		

**GRAO EN VETERINARIA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2022-2023**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
GrV-AM-3	Proposta de mellora Directriz 3	Deseñar dous documentos (escritos ou online) de rexistro das competencias adquiridas por os estudantes: 1) avaliadas por persoal académico nas materias obrigatorias, e 2) avaliadas por persoal non académico (Estancias). Asemade deberá elaborar os procedementos de aplicación e da súa avaliación, para cada un dos rexistros.	Activa	Coordinadora de Calidade	30/12/2024	Non
GrV-AM-4	Informe de seguimento Directriz 2, 3	Reforzar as actividades para dar a coñecer aos sectores estratéxicos aos que van orientados os paquetes formativos coordinados das materias de Estancias -TFG e ás empresas implicadas (continuación/axuste de GrV-AM-05/21-22)	Activa	Vicedecana de Prácticas Externas, Relacións institucionais e Mobilidade	29/12/2023	Non

GrV-AM-5	Proposta de mellora Directriz 2	Modificación do regulamento do TFG (continuación de GrV-AM-06/21-22)	Activa	Secretario do Centro	29/12/2023	Non
----------	---------------------------------	--	--------	----------------------	------------	-----

**Obxectivos a conseguir: Facilitar a integración ao entorno universitario dos estudantes**

Responsable do obxectivo: Vicedecano de ordenación académica

Data inicio: 01/05/2023

Data fin: 29/12/2023

**Obxectivo estratéxico relacionado**

2.2 Orientación e comunicación cos alumnos

**Procesos clave relacionados**

PC-03. Apoio aos estudantes

**Indicador/es de medición**

Plan de actividades de alumnos titores  
Número de cursos e obradoiros celebrados e número de asistentes a cada un deles

**Meta a conseguir**

Plan detallado de actividades  
Mínimo de cursos 3 e mínimo de asistentes por actividade 5

**Accións de mellora relacionadas (Código)**

**FV-AM-7, GrV-AM-6**

**PLAN DE MELLORAS DO CENTRO : LISTAXE DE ACCIÓN A EXECUTAR NO 2022-2023**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
FV-AM-7	Proposta de mellora Directriz 3	Realización de obradoiros destinados ao estudiantado que contribúan a súa formación en competencias transversais:	Activa	Vicedecana de Prácticas Externas, Relacións institucionais e Mobilidade	29/12/2023	Non



**GRAO EN VETERINARIA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2022-2023**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
GrV-AM-6	Proposta de mellora Directriz 2	Plan de actividades para alumnos titores (continuación de GrV-AM-09/21-22).	Activa	Vicedecano de Ordenación Académica	29/12/2023	Non

**Obxectivo a conseguir: Potenciar a mobilidade**

**Responsable do obxectivo:** Vicedecana de Prácticas Externas, Relacións institucionais e Mobilidade

**Data inicio:** 01/09/2022

**Data fin:** 29/12/2023

<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	2.3 Mantemento e mellora da oferta de programas de mobilidade		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas		
<b>Indicador/es de medición</b>	Procedemento de acordos de mobilidade	<b>Meta a conseguir</b>	Procedemento aprobado
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>GrV-AM-7</b>		

**GRAO EN VETERINARIA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2022-2023**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
GrV-AM-7	Informe de seguimento Directriz 3	Cambio no proceso dos “acordos de mobilidade”: Establecer mecanismo dos acordos de mobilidade: a partir do informe elaborado polos profesores da materia ou materias	Activa	Xestora do Centro	29/12/2023	Non

susceptibles de validación, e resolución tomada pola Comisión de Título (continuación de GrV-AM-12/21-22).

**Obxectivo a conseguir: Promover a mellora e a innovación nas actividades docentes e, a recollida de información sobre estas actividades.**

**Responsable do obxectivo: Responsable de calidade**

**Data inicio: 01/09/2022**

**Data fin: 30/12/2024**

**Obxectivo estratéxico relacionado** 2.5 Mellora da calidade e innovación docente do centro

**Procesos clave relacionados** PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas; PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades

**Indicador/es de medición**

Nº de charlas organizadas e nº de asistentes.  
 Documentos elaborados  
 Nº de charlas organizadas e nº de asistentes  
 Participación en enquisas satisfacción co rotatorio  
 Formulario de enquisas de satisfacción  
 Número de actividades novas no LHC  
 Inclusión en programacións das materias de actividades en simuladores, necesidades de simulación das materias cubertas  
 Número de procedementos de realización obrigatoria en simuladores antes das prácticas  
 Número de actuacións en innovación docente

**Meta a conseguir**

Organización 3 cursos, 80% das prazas ofertadas.  
 Documento de rexistro de cursos de formación  
 Organización 3 charlas e 80% das prazas cubertas  
 Participación >80%  
 1 formularios de enquisas para TFG  
 2 actividades novas por curso  
 80% das actividades en simuladores contempladas nas programacións, 50% das necesidades cubertas  
 6 procedementos  
 80% das actuacións executadas

**Accións de mellora relacionadas (Código)**

**FV-AM-10, FV-AM-11, GrV-AM-8, GrV-AM-9, GrV-AM-10, GrV-AM-11, GrV-AM-12, GrV-AM-13, GrV-AM-14, GrV-AM-15, GrV-AM-116, GrV-AM-117, GrV-AM-18, GrV-AM-19, GrV-AM-20, GrV-AM-21, GrV-AM-22, GrV-AM-23, GrV-AM-24, GrV-AM-25, GrV-AM-26, GrV-AM-27, GrV-AM-28, GrV-AM-29**

**PLAN DE MELLORAS DO CENTRO : LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2022-2023**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
FV-AM-10	Informe de seguimento Directriz 3 e 4	Elaboración dun rexistro anual dos cursos de formación ofertados pola USC, que complementará, de ser necesario, co deseño e oferta de cursos de formación propios do centro, para cubrir todas as áreas de formación requiridas pola EAEVE. O centro difundirá anualmente a oferta de formación a todo o persoal académico, titores profesionais e persoal de apoio á docencia, promovendo a súa realización e actualización de xeito regular.	Activa	Coordinadora de Calidade	30/12/2024	Non
FV-AM-11	Informe de seguimento Directriz 3 e 4	Organización charlas informativas sobre novas tecnoloxías, novos recursos e produtos innovadores para a docencia.	Activa	Decano/Coordinadora de Grao	29/12/2023	Non

**GRAO EN VETERINARIA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2022-2023**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
GrV-AM-8	Informe de seguimento Directriz 1, 2, 3	Desenvolver un mecanismo que facilite que os estudantes cubran a enquisa de satisfacción coas prácticas tuteladas do Rotatorio Clínico Hospitalario (continuación de GrV-AM-14/21-22)	Activa	Vicedecana de Prácticas Externas, Relacións institucionais e Mobilidade	31/07/2023	Si
GrV-AM-9	Informe de seguimento Directriz 1, 2, 3	Elaboración de enquisas de satisfacción do TFG para estudantes e profesores (continuación de GrV-AM-16/21-22)	Activa	Vicedecano de Ordenación Académica	29/12/2023	Non

GrV-AM-10	Proposta de mellora Directriz 3	Adaptar o laboratorio de habilidades clínicas para dar cobertura ás necesidades formativas coa inclusión de novas actividades	Activa	Coordinadora de Grao	30/12/2024	Non
GrV-AM-11	Informe de seguimento Directriz 3	Deseño dunha estratexia para garantir a execución obrigatoria de procedementos en simuladores antes de que os estudantes realicen prácticas en animais.	Activa	Coordinadora de Grao	30/07/2024	Non
GrV-AM-12	Proposta de mellora Directriz 3	Completar a colección de modelos anatómicos cun modelo de aparello xenital de semental equino	Activa	Directora do Departamento de APACCV	29/12/2023	<b>Non</b>
GrV-AM-13	Proposta de mellora Directriz 3	Renovación de estereomicroscopio usado en prácticas	Activa	Representante de departamentos con sede fora do centro	29/12/2023	<b>Non</b>
GrV-AM-14	Proposta de mellora Directriz 3	Renovación de electrodos de pH-metro e conductímetro con axitación magnética utilizados en prácticas	Activa	Representante de departamentos con sede fora do centro	29/12/2023	<b>Non</b>
GrV-AM-15	Proposta de mellora Directriz 3	Adquisición de material necesario para realización de prácticas de podoloxía en pezas de matadoiro de grandes animais	Activa	Directora do Departamento de APACCV	29/12/2023	<b>Non</b>
GrV-AM-16	Proposta de mellora Directriz 3	Apoio audiovisual na realización de prácticas extramuros	Activa	Director do Departamento de PA	29/12/2023	<b>Non</b>
GrV-AM-17	Proposta de mellora Directriz 3	Apoio audiovisual na realización de prácticas clínicas no quirófano	Activa	Directora do Departamento de APACCV	29/12/2023	<b>Non</b>
GrV-AM-18	Proposta de mellora Directriz 3	Adquisición de espectrofotómetro e renovación de incubador de convección natural e microscopio óptico para prácticas	Activa	Representante de departamentos con sede fora do centro	29/12/2023	<b>Non</b>
GrV-AM-19	Proposta de mellora Directriz 3	Adquisición de impresora 3D para fabricación de modelos de óso para prácticas	Activa	Directora do Departamento de APACCV	29/12/2023	Non

GrV-AM-20	Proposta de mellora Directriz 3	Continuar co equipamento do laboratorio de prácticas da Granxa Campus Terra	Activa	Director do Departamento de PA	29/12/2023	Non
GrV-AM-21	Proposta de mellora Directriz 3	Ampliación dos simuladores de cirurxía laparoscópica	Activa	Directora do Departamento de APACCV	29/12/2023	Non
GrV-AM-22	Proposta de mellora Directriz 3	Adquisición de baño de calor seco e lámpada ultravioleta para prácticas	Activa	Representante de departamentos con sede fora do centro	30/12/2023	Non
GrV-AM-23	Proposta de mellora Directriz 3	Creación dunha canle de vídeos de neuroloxía na aplicación Stream de Microsoft 365	Activa	Directora do Departamento de APACCV	30/07/2023	Si
GrV-AM-24	Proposta de mellora Directriz 3	Deseño dunha práctica de mellora xenética en avicultura	Activa	Directora do Departamento de APACCV	30/12/2023	Non
GrV-AM-25	Proposta de mellora Directriz 3	Elaboración de unidades didácticas sobre experimentación animal e avaliación toxicolóxica	Activa	Representante de departamentos con sede fora do centro	30/07/2023	Non
GrV-AM-26	Proposta de mellora Directriz 3	Incrementar as horas de prácticas extramuros relacionadas coa inspección da seguridade alimentaria en puntos de venta	Activa	Representante de departamentos con sede fora do centro	30/12/2023	Non
GrV-AM-27	Proposta de mellora Directriz 3	Ampliar a formación en técnicas cirúrxicas mediante o uso de electrobisturí durante as prácticas	Activa	Directora do Departamento de APACCV	30/12/2023	Non
GrV-AM-28	Proposta de mellora Directriz 3	Modificación de prácticas de análises toxicolóxicas coa execución de dúas metodoloxías e estudo clínico de casos	Activa	Representante de departamentos con sede fora do centro	30/12/2023	Non
GrV-AM-29	Proposta de mellora Directriz 3	Premios á calidade lingüística Escolle en galego	Activa	Responsable de Calidade	30/11/2023	Non

**Obxectivo a conseguir: Mellorar os espazos docentes e a súa utilización**

**Responsable do obxectivo: Decano**

**Data inicio: 01/09/2022**

**Data fin: 29/12/2023**

**Obxectivo estratéxico relacionado**

3.2. Mellora dos espazos docentes e de traballo

**Procesos clave relacionados**

PS-02. Xestión dos recursos materiais e servizos

**Indicador/es de medición**

Nº de medidas tomadas para o acondicionamento da sala de estudo.  
Documentos elaborados para organización dos usos da sala de estudo  
Valoración dos alumnos, nas reunións semestrais, das medidas tomadas para o cumprimento de horarios das clases expositivas  
Obras realizadas e equipamentos adquiridos

**Meta a conseguir**

1 medida tomada para o acondicionamento, e calendario de usos previstos, para a sala de estudos.  
Non queixas, e valoración positiva nas reunións semestrais sobre as medidas tomadas.  
3 novas obras/equipamentos

**Accións de mellora relacionadas (Código)**

**FV-AM- 8, FV-AM-9, FV-AM-12**

**PLAN DE MELLORAS DO CENTRO : LISTAXE DE ACCIÓN A EXECUTAR NO 2022-2023**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
FV-AM-8	Proposta de mellora Directriz 5	Mellora do acondicionamento da sala de estudo do centro, e valoración das súas condicións de utilización.	Activa	Decano	29/12/2023	Non
FV-AM-9	Proposta de mellora Directriz 5	Mellorar o cumprimento dos horarios de clases expositivas	Activa	Decano	29/12/2023	Non



FV-AM-12	Proposta de mellora Directriz 5	Continuar coa adecuación dos espazos docentes: Dotación de recursos de apoio á docencia.	Activa	Decano	29/12/2023	Non
----------	---------------------------------	--	--------	--------	------------	-----

**Obxectivo a conseguir: Diversificar as vías de comunicación para maior difusión da información de interese**

**Responsable do obxectivo: Coordinador do Máster**

**Data inicio: 07/11/2022**

**Data fin: 28/07/2023**

<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	4.1. Ampliar a estratexia de comunicación da facultade		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PE-02, PC-01, PC-05, PS-06		
<b>Indicador/es de medición</b>	Contas de redes sociais creadas	<b>Meta a conseguir</b>	Creación de 1 conta oficial de Instagram para o Máster
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>MGG-AM-4</b>		

**MÁSTER EN XENÓMICA E XENÉTICA: LISTAXE DE ACCIÓNS A EXECUTAR NO 2022-2023**

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
MGG-AM-4	Informe de seguimento Directriz 6	Creación dunha conta oficial do Máster na rede social "Instagram".	Activa	Coordinador do Máster	28/07/2023	No

### 3.1.2. ACCIÓNS DE MELLORA DO CENTRO

- Plan de Melloras
  - Abertas Curso 2022-2023
    - Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
      - [FV-AM-01](#)
      - [FV-AM-02](#)
      - [FV-AM-03](#)
      - [FV-AM-04](#)
      - [FV-AM-05](#)
      - [FV-AM-06](#)
    - Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
    - Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
      - [FV-AM-07](#)
    - Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
      - [FV-AM-10](#)
      - [FV-AM-11](#)
    - Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
      - [FV-AM-08](#)
      - [FV-AM-09](#)
      - [FV-AM-12](#)
    - Directriz 6. Información pública
    - Outros Criterios

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	FV-AM-01 (Curso 2022-2023)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	Nas accións de mellora FV-AM-11 e FV-AM-12 do curso 2021-22 modificáronse os procesos "PS-04. Satisfacción, expectativas e necesidades" para incluír enquisas sobre diferentes aspectos específicos do Grao en Veterinaria (LHC, Rotatorio Clínico Hospitalario, perfil de ingreso), e o "PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas" para a inclusión de indicadores da EAEVE no sistema de garantía de calidade do centro. As propostas de modificación foron elaboradas e aprobadas pola Comisión de Calidade o 23/11/2022, revisadas pola ACMP e aprobadas pola Xunta de Facultade na súa sesión do 21/12/2022 condicionando a dita aprobación á modificación posterior do punto 5 "Informes e Indicadores" do Manual do SGC do centro. Por outra banda, cómpre revisar a composición da Comisión de Calidade e Comisión do Título do Grao en Veterinaria, despois de máis dun ano de funcionamento coa composición actual; facer unha análise do seu funcionamento e da conveniencia ou non de incorporar máis membros. Por último, débese revisar o tipo de documento proposto para deixar constancia das reunións e acordos acadados nas reunións do Comité Consultivo Externo.
Definición/ descrición proposta	Actualización do Manual do SGC para incorporar cambios feitos no SGC. Revisión das Comisións de Calidade e do Grao e documentación relativa ás reunións do Comité Consultivo Externo. Meta: punto 5 do Manual do SGC actualizado. Revisadas composición CCC e CT do Grao, e documentación relativa ás reunións do Comité Consultivo Externo. Indicadores: documento e cambios realizados. Actas da CCC.
Datas	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/05/2023
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	--

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	FV-AM-02 (Curso 2022-2023)
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
<b>Análise causa</b>	Existen na actualidade numerosos procedementos relativos a calidade e a actividade académica que necesitan ser ordenados e estruturados conforme a un modelo preestablecido que facilite a súa realización todos os anos. Entre outros habería que establecer protocolos de actuación internos para: - reunións semestrais - recollida datos para os indicadores EAEVE - enquisas propias do centro - axudas equipamento docente/accións de mellora - revisión módulos grupos prácticas - rexistro das competencias adquiridas polos estudantes
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Deseño e elaboración dun documento que recolla os protocolos de actuación internos do centro. Meta: tres protocolos deseñados. Indicadores: documento e número de protocolos elaborados.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 03/07/2023
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	Comisión de Calidade do Centro

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	FV-AM-03 (Curso 2022-2023)
<b>Orix</b>	Revisión Externa do Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
<b>Análise causa</b>	<p>No informe final de certificación da implantación do SGC elaborado pola ACSUG (11/10/2022) aparece recollido como un dos aspectos que deben ser obxecto de melloras, a necesidade de establecer metas para o conxunto dos procedementos do SGC, de tal maneira que se poidan avaliar os seus resultados en base a ditas metas e poder analizar tendencias, para unha toma de decisións orientada á mellora do SGC, garantindo a implantación sistemática da mellora continua do centro e as súas titulacións.</p> <p>Recoméndase, así mesmo, deseñar unha táboa cos indicadores dos procedementos, os seus resultados cada ano e tendencias, de maneira que sexa máis sinxelo a súa análise.</p>
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Revisión de indicadores dos procedementos do centro para o establecemento de metas e unha mellor avaliación dos resultados e a súa análise. Meta: táboa elaborada cos indicadores dos procedementos. Indicadores: indicadores dos procedementos do SGC.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 03/07/2023
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	--

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	FV-AM-04 (Curso 2022-2023)
<b>Orixe</b>	Revisión Externa do Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
<b>Análise causa</b>	No informe final de certificación da implantación do SGC elaborado pola ACSUG (11/10/2022) aparece recollido como un dos aspectos que deben ser obxecto de melloras, a inclusión do nome e o cargo de todos os asistentes as reunións da CCC para poder garantir a participación de tódolos grupos de interese na elaboración da memoria de calidade. Aconséllase, así, que se especifiquen os cargos de cada unha das persoas convocadas, para coñecer a que grupo de interese representan. Ademais, no apartado das recomendacións para a mellora, indícase que os obxectivos do centro se establezan para as funcións e niveis pertinentes, evitando que recaian sempre no mesmo cargo e fomentando o reparto das tarefas relacionadas co SGC; así mesmo, recoméndase que se establezan mecanismos para asegurar a correcta trazabilidade das accións de mellora e dos documentos do sistema.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Revisión do reparto de tarefas dentro da Comisión de Calidade para o seguimento das accións de mellora e a elaboración da Memoria de Calidade. Revisión dos criterios e dos mecanismos para establecer e aprobar accións de mellora pertinentes e adecuadas, así como o seu seguimento. Meta: documento que recolla o funcionamento da CCC para a elaboración da MC e o establecemento e seguimento das AM. Indicadores: actas da Comisión de Calidade e documentos elaborados.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 03/07/2023
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	--



<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	FV-AM-05 (Curso 2022-2023)
<b>Orixe</b>	Revisión Externa do Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
<b>Análise causa</b>	No informe final de certificación da implantación do SGC elaborado pola ACSUG (11/10/2022) aparece recollido como un dos aspectos que deben ser obxecto de melloras, a inclusión no fluxograma do PE-01. Planificación estratéxica dunha saída cara ao PE-02. Revisión e mellora para garantir a trazabilidade dos procesos. Do mesmo xeito, no PE-02. Revisión e mellora, debese incluír a análise das auditorías internas como parte da análise de revisión do SGC, e dentro da memoria de calidade anual do centro débese incluír a revisión das accións de mellora establecidas como consecuencia da auditoría.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Modificación dos procesos PE-01 e PE-02 do Manual de Procesos do centro. Meta: modificacións feitas nos procesos PE-01 e PE-02 e aprobadas pola CCPdCG. Indicadores: manual de procesos, procesos PE-01 e PE-02.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 03/07/2023
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	--

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	FV-AM-06 (Curso 2022-2023)
<b>Orixe</b>	Revisión Externa do Informe de Seguimento
<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
<b>Análise causa</b>	Finalización da vixencia da Prórroga do Plan Estratégico da Facultade 2021-2022 Así mesmo, no informe final de certificación da implantación do SGC elaborado pola ACSUG (11/10/2022) recomendase, respecto ao Plan Estratégico, identificar correctamente as evidencias e os indicadores, establecer metas concretas para cada un dos obxectivos estratéxicos e realizar unha planificación para o seu correcto desenvolvemento.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Elaboración do Plan Estratégico 2023-26. META: Plan Estratégico 2023-26 Indicadores: Elaboración do novo Plan Estratégico
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 04/09/2023
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	--

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	FV-AM-07 (Curso 2022-2023)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	Necesidade de formación dos estudantes en competencias transversais.
Definición/ descrición proposta	Realización de obradoiros destinados ao estudiantado que contribúan a súa formación en competencias transversais. Indicador: número de cursos e obradoiros celebrados e número de asistentes a cada un deles. Meta: mínimo de cursos tres e mínimo de asistentes por actividade cinco.
Datas	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/05/2023
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	--

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	FV-AM-08 (Curso 2022-2023)
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
<b>Análise causa</b>	Aínda que a Biblioteca Intercentros conta con espazosas e moi ben dotadas salas de estudo, a sala de lectura da antiga Biblioteca da Facultade mantense como tal pola demanda do estudantado, dada a relativa distancia da Biblioteca Intercentros e para optimizar os tempos libres da súa xornada docente. Durante o curso 2021-22 presentáronse, a través da caixa de correo de queixas e suxestións da páxina web, tres suxestións sobre esta sala de estudo en relación a súa iluminación, calefacción e problemas por ruidos, que foron solucionadas e/ou contestadas de forma axeitada. De tódolos xeitos pódese estudar as posibilidades de mellora do seu acondicionamento. Por outra banda, algúns representantes de alumnos propuxeron o seu uso para traballos en grupo, posibilidade que debería ser valorada tras unha proposta por parte dos propios representantes de estudantes de calendario ou horario para distintos usos.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Mellora do acondicionamento da sala de estudo do centro, e valoración das súas condicións de utilización. Indicador: número de obras ou medidas tomadas para o seu acondicionamento. Documentos elaborados. Meta: calendario de usos previstos. Unha obra ou medida de acondicionamento.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 03/07/2023
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	--

<a href="#">ACCIÓNS DE MELLORA</a>	
<b>Código</b>	FV-AM-09 (Curso 2022-2023)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	O representante dos estudantes do grao recolleu, este ano, propostas de posibles accións de mellora entre o alumnado. Unha delas xurde do manifestado polos estudantes en canto que, de maneira reiterada, saen máis de cinco minutos tarde de clases expositivas afectando en ocasións ao tempo de descanso entre cada unha delas e impedindo un bo rendemento nestas.
Definición/ descrición proposta	Mellorar o cumprimento dos horarios de clases expositivas. Indicador: número de medidas tomadas para o seu cumprimento. Valoración por parte dos alumnos nas reunións semestrais. Meta: non queixas, e valoración positiva nas reunións semestrais sobre as medidas tomadas.
Datas	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 03/07/2023
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	--

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	FV-AM-10 (Curso 2022-2023)
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
<b>Análise causa</b>	Para cumprir os requisitos de avaliación da Axencia de Acreditación Europea (EAEVE), o centro deberá garantir a cualificación e formación continua do persoal académico, de administración e servizos, e titores non académicos dos estudantes do Grao en Veterinaria. A Axencia de Acreditación Europea (EAEVE) require unha formación mínima (presencial, online ou mediante e-learning), en aspectos relacionados coa universidade, a docencia, bioseguridade e garantía de calidade.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Elaboración dun rexistro anual dos cursos de formación ofertados pola USC, que complementará, de ser necesario, co deseño e oferta de cursos de formación propios do centro, para cubrir todas as áreas de formación requiridas pola EAEVE. O centro difundirá anualmente a oferta de formación a todo o persoal académico, titores profesionais e persoal de apoio á docencia, promovendo a súa realización e actualización de xeito regular. Meta: organización de tres cursos, 80% das prazas ofertadas. Deseño dun rexistro de cursos de formación. Indicadores: número de charlas organizadas e número de asistentes. Documento co rexistro de cursos ofertados pola USC.
<b>Datas</b>	Finalización: 30/12/2024 ; Inicio: 03/07/2023
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	--



<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	FV-AM-11 (Curso 2022-2023)
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
<b>Análise causa</b>	Coa situación xerada pola COVID-19 viuse a necesidade de formación do profesorado para mellorar as súas competencias nas novas tecnoloxías; así mesmo, na anterior prórroga do Plan Estratéxico do centro, recóllese como unha das accións estratéxicas a de incentivar a proposta de actividades formativas encamiñadas á innovación educativa. Durante o curso 2021-22 leváronse a cabo tres charlas sobre impresión 3D, uso de simuladores para adquisición de habilidades clínicas e un encontro de colaboración co Grao de Robótica para accións conxuntas na aplicación de novas tecnoloxías no ensino, con resultado moi satisfactorio, polo que se decidiu continuar con esta AM durante este curso.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Organización de charlas informativas sobre novas tecnoloxías, novos recursos e produtos innovadores para a docencia. Meta: organización de tres charlas. Indicadores: número de charlas organizadas e número de asistentes.
<b>Datas</b>	Finalización: 31/07/2023 ; Inicio: 01/11/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	--

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	FV-AM-12 (Curso 2022-2023)
<b>Orixe</b>	Propostas de Mellora
<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
<b>Análise causa</b>	Os cambios na metodoloxía docente e dos espazos para a docencia, en parte provocados pola situación de pandemia, puxo de manifesto a necesidade de renovación e/ou adquisición de material e equipamento docente.
<b>Definición/ descrición proposta</b>	Continuar coa adecuación dos espazos docentes: dotación de recursos de apoio á docencia.
<b>Datas</b>	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 01/11/2022
<b>Estado/Eficacia</b>	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
<b>Responsables</b>	--

**3.1.2. ACCIÓNS DE MELLORA DO GRAO EN VETERINARIA**

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	GrV-AM-01 (Curso 2022-2023)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	A adaptación continua aos cambios impostos polas novas necesidades de formación dos nosos estudantes require periodicamente unha revisión da coordinación de contidos e competencias para garantir a competitividade dos nosos egresados. Faise un cambio na estratexia de traballo para seguir avanzando nesta tarefa. Continuación da acción de mellora GrV-AM-5 do curso 2021-22.
Definición/ descrición proposta	Creación dun grupo de traballo coa finalidade de optimizar a coordinación de competencias e contidos impartidos en materias relacionadas, así como a avaliación por competencias. Indicador: grupo de traballo. Meta: dúas reunións para organizar o funcionamento do grupo antes de fin do 2023.
Datas	Finalización: 31/12/2024 ; Inicio: 01/05/2023
Estado/Eficacia	Estado: En construción; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	--
<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
<b>Código</b>	GrV-AM-02 (Curso 2022-2023)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	A descrición dos plans de traballo en centros de destino das materias de estancias clínicas e non clínicas debería explicar con máis detalle as actividades a realizar nalgúns dos acordos.

